



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 35

Sesión plenaria
18 de decembro de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 10957 (12/PNP-000903)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en 2025 verbo do bono social eléctrico e do bono social térmico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 19.09.2024

4.2 14661 (12/PNP-001240)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar a cabo para avanzar na reversión ao dominio municipal da titularidade dos terreos portuarios sen utilización marítimo-pesqueira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

4.3 14835 (12/PNP-001253)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Marnotes Fernández, Argimiro e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que leve a cabo as obras necesarias para mellorar a seguridade viaria na estrada N-541, especialmente entre Punxín e Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024

4.4 14867 (12/PNP-001256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre as condicións das vivendas dotacionais, ou dos aloxamentos compartidos, que debe ter en conta o Goberno galego nesta solución de emerxencia no contexto actual de dificultade para o acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024

4.5 14920 (12/PNP-001261)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de habilitar os procedementos necesarios para as empresas poderen patrocinar a partir do 1 de xaneiro de 2025 actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027

Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024



4.6 15021 (12/PNP-001274)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre o incremento das contías percibidas polas familias nos programas de acollemento familiar e outras medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto destes programas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024

Punto 5. Interpelacións**5.1 2130 (12/INT-000147)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a ampliación dos espazos protexidos dentro da Rede Natura 2000

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

5.2 3470 (12/INT-000236)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

5.3 5933 (12/INT-000342)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre o modelo asistencial das residencias de maiores en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f1, do 26.06.2024

5.4 14080 (12/INT-000620)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e dous deputados/as máis**

Sobre as estratexias da Xunta de Galicia para a fixación da mocidade no medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f2, do 13.11.2024

Punto 6 .Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 14987 (12/POPX-000027)****Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre o tratamento orzamentario da provincia de Ourense previsto para o ano 2025 e para futuros exercicios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024



6.2 15419 (12/POPX-000028)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a postura do Goberno galego ante a instalación da planta de celulosa de Altri en Palas de Rei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130f1, do 12.12.2024

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 13788 (12/POP-002046)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Comesaña, Julio e once deputados/as máis**

Sobre o nivel de compromiso do Goberno central verbo da posta en marcha da liña ferroviaria de alta velocidade entre Galicia e o norte de Portugal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112f2, do 05.11.2024

7.2 15001 (12/POP-002180)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a intención do Goberno galego no que concirne á creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024

7.3 11508 (12/POP-001804)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe ao reforzamento do cadro docente do CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera, de Pontearreas, na área de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92f1, do 26.09.2024

7.4 13746 (12/POP-002038)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre o orzamento que prevé destinar o Goberno galego á prevención e sensibilización en Galicia ante os delitos homófobos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 30.10.2024

7.5 10843 (12/POP-001715)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonso, Ramón Tomás**

Sobre as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para garantir a adxudicación de proxectos e a carga de traballo na industria auxiliar da automoción en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88f1, do 20.09.2024



7.6 11464 (12/POP-001799)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e sete deputados/as máis**

Sobre a información da que dispón a Xunta de Galicia respecto das previsións do Goberno central no que atinxe ás solucións enerxéticas para a fábrica de Alcoa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92f1, do 26.09.2024

7.7 15415 (12/PUP-000063)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria**

Sobre a postura da Xunta de Galicia diante da reapertura da mina de Touro-O Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130f1, do 12.12.2024

7.8 15366 (12/PUP-000062)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****López Font, Carlos e dous deputados/as máis**

Sobre o tratamento do Goberno galego á cidade de Vigo na licitación da redacción dos proxectos de interese autonómico dirixidos a facilitar solo para a construción de vivendas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130f1, do 12.12.2024

7.9 10991 (12/POP-001731)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a celeridade da Consellería de Sanidade na tramitación das solicitudes de eutanasia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88f1, do 20.09.2024

7.10 14079 (12/POP-002093)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis**

Sobre o grao de execución das liñas complementarias de apoio aos autónomos/as

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre o tratamento orzamentario da provincia de Ourense previsto para o ano 2025 e para futuros exercicios. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ojea bouzo (M)*. (Páx. 12.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Ojea bouzo (M)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego ante a instalación da planta de celulosa de Altri en Palas de Rei. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 17.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre as accións que o Goberno galego debe levar a cabo para avanzar na reversión ao dominio municipal da titularidade dos terreos portuarios sen utilización marítimo-pesqueira. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Méndez López (S)*. (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Pax. 25.), *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 25.) e *Sra. Hermelo Piñeiro (P)* (Páx. 28.).

Nova intervención da señora Méndez López (S). (Páx. 31.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Argimiro Marnotes Fernández e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que leve a cabo as obras necesarias para mellorar a seguridade viaria na estrada N-541, especialmente entre Punxín e Pontevedra. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 33.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Marnotes Fernández (P)*. (Páx. 33.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 36.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 37.) e Sr. Ríos Santomé (BNG) (Páx. 39.).

O señor Marnotes Fernández (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 41.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Iago Suárez Fernández, sobre as condicións das vivendas dotacionais, ou dos aloxamentos compartidos, que debe ter en conta o Goberno galego nesta solución de emerxencia no contexto actual de dificultade para o acceso á vivenda. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O Sr. Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, non intervén, ao non se atopar no Hemiciclo.), Sr. López Font (S) (Páx. 45.) e Sra. Deza Martínez (P) (Páx. 47.).

Nova intervención da señora Fernández Gómez (BNG). (Páx. 50.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereá Fraiz e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de habilitar os procedementos necesarios para as empresas poderen patrocinarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (51.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Vereá Fraiz (P). (Páx. 52.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Méndez López (S). (Páx. 53.)

(Durante a intervención a señora presidenta, Candia López, pídlle á señora Méndez López (S) que aclare a utilización que fixo da palabra «ditador», por se fose pertinente retirala.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 57.), Sr. Pérez López (BNG) (Páx. 57.).

O señor Vereá Fraiz (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 61.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o incremento das contías percibidas polas familias nos programas de acollemento familiar e outras medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto destes programas. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 61.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Fernández González (BNG). (Páx. 61.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 63.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 65.), Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 66.).

A señora Fernández González (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 68.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en 2025 verbo do bono social eléctrico e do bono social térmico: *rexeitada por 35 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre as accións que o Goberno galego debe levar a cabo para avanzar na reversión ao dominio municipal da titularidade dos terreos portuarios sen utilización marítimo-pesqueira: *rexeitada por 35 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D. Argimiro Marnotes Fernández e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que leve a cabo as obras necesarias para mellorar a seguridade viaria na estrada N-541, especialmente entre Punxín e Pontevedra: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Iago Suárez Fernández, sobre as condicións das vivendas dotacionais, ou dos aloxamentos compartidos, que debe ter en conta o Goberno galego nesta solución de emerxencia no contexto actual de dificultade para o acceso á vivenda: *rexeitada por 35 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereja Fraiz e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de habilitar os procedementos necesarios para as empresas poderen patrocinar a partir do 1 de xaneiro de 2025 actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, sobre o incremento das contías percibidas polas familias nos programas de acollemento familiar e outras medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto destes programas: *rexeitada por 35 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)



Alteración da orde do día.

O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día consistente en adiantar o debate dunha pregunta. (Páx. 72.)

Pregunta de D^a Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o grao de execución das liñas complementarias de apoio aos autónomos e autónomas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pérez López (P). (Páx. 72.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez). (Páx. 73.)

Réplica da autora: Sra. Pérez López (P). (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez). (Páx. 75.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día consistente na acumulación das interpelacións de dona Olalla Rodil Fernández (BNG) e de dona Silvia Longueira Castro (S), ao trataren ambas as dúas sobre o modelo asistencial das residencias de maiores en Galicia. Alén diso, o señor presidente anuncia tamén a orde en que se formularán as distintas preguntas despois das alteracións. (Páx. 76.)

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego. (Punto quinto da orde do día.)

Interpelación de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o modelo asistencial das residencias de maiores en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención das autoras: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 77.) e Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 80.).

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 83.)

Réplica das autoras: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 87.) e Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 91.)

Interpelación de D. Iago Suárez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as estratexias da Xunta de Galicia para a fixación da mocidade no medio rural. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Suárez Fernández (BNG). (Páx. 94.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez). (Páx. 97.)

Réplica do autor: Sr. Suárez Fernández (BNG). (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez). (Páx. 101)



Pregunta de D. Carlos López Font e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o tratamento do Goberno galego á cidade de Vigo na licitación da redacción dos proxectos de interese autonómico dirixidos a facilitar solo para a construción de vivendas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 103.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue)*. (Páx. 104.)

Réplica do autor: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue)*. (Páx. 106.)

Pregunta de D. Julio García Comesaña e once deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o nivel de compromiso do Goberno central verbo da posta en marcha da liña ferroviaria de alta velocidade entre Galicia e o norte de Portugal. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 107.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 108.)

Réplica do autor: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 109.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 110.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a intención do Goberno galego no que concirne á creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 111.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 112.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 114.)

Pregunta de D^a María Cristina Fernández Davila e D^a Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe ao reforzamento do cadro docente do CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera, de Pontearreas, na área de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 115.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 116.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 118.)

Pregunta de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o orzamento que prevé destinar o Goberno galego á prevención e sensibilización en Galicia ante os delitos homófobos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Longueira Castro (S)*. (Páx. 120.)



Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 121.)

Réplica da autora: *Sra. Longueira Castro (S)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 123.)

Pregunta de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a celeridade da Consellería de Sanidade na tramitación das solicitudes de eutanasia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 124.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 124.)

Réplica da autora: *Sra. Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D. Brais Ruanova Vilas-Boas e D. Ramón Tomás Fernández Alfonzo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para garantir a adxudicación de proxectos e a carga de traballo na industria auxiliar da automoción en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG)*. (Páx. 127.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 128.)

Réplica do autor: *Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 130.)

Pregunta de D. Rubén Lorenzo Gómez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información da que dispón a Xunta de Galicia respecto das previsións do Goberno central no que atinxe ás solucións enerxéticas para a fábrica de Alcoa. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 131.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 132.)

Réplica da autora: *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 134.)

Pregunta de D^a Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia diante da reapertura da mina de Touro-O Pino. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 135.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 136.)

Réplica da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 138.)

Remata a sesión ás sete e vinte e nove minutos do serán.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co punto sexto, é dicir, coas preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre o tratamento orzamentario da provincia de Ourense previsto para o ano 2025 e para futuros exercicios

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías e a todas as persoas que poidan estar seguindo esta sesión a través dos medios de comunicación.

Bos días, señor presidente da Xunta, alégrome de que estea aquí e de ter a oportunidade de plantexarlle esta cuestión, que ao meu grupo, ao meu partido, lle preocupa desde hai tempo, como seguramente sabe.

Os orzamentos da Xunta para o exercicio de 2025 —que onte se aprobaron nesta Cámara— amosan unha preocupante desigualdade na asignación de recursos entre as provincias galegas. A provincia de Ourense, a pesar de afrontar importantes retos demográficos e económicos —como vostede sabe—, recibe unha porcentaxe significativamente inferior de investimento en comparación coas provincias da Coruña ou de Pontevedra. Cómpre subliñar que as explicacións ofrecidas, ata o momento, por membros do Executivo e da Xunta non nos resultaron satisfactorias, sobre todo tendo en conta que recoñecían a diferenza no investimento, moito menor, na provincia de Ourense, pero as explicacións e os motivos que daban non nos resultaron convincentes. Pensamos que estes non lograron explicar a discriminación que sofre a provincia de Ourense nin detallar, de maneira concreta, as accións que se tomarán para revertir esta situación.

Os orzamentos elaborados pola Xunta, lonxe de contribuír para un desenvolvemento equilibrado e equitativo de Galicia, perpetúan unha fenda territorial que prexudica a Galicia interior e que dificulta as posibilidades de progreso da súa cidadanía. En sectores tan relevantes, como a sanidade, a educación ou o emprego, as porcentaxes asignadas a Ourense seguen sendo desproporcionadamente baixas. Esta realidade evidencia a necesidade de adoptar medidas inmediatas que garantan unha distribución máis equitativa dos recursos públicos.

Formúlolle agora a pregunta nos termos estritos en que foi rexistrada. Señor presidente da Xunta de Galicia, ¿que actuacións ten previstas adoptar, ao longo do ano 2025 e en futuros orzamentos, para revertir esta desigualdade orzamentaria e para que esta discriminación non persista nin se repita? Lémbrolle que os membros do seu executivo recoñeceron a exis-



tencia desa desigualdade, o que pasa é que a atribuíron a causas que —como dixen— non nos resultaron convincentes.

Espero ansiosamente a súa resposta, señor presidente.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Bos días, señor Ojea, e benvido a este turno de preguntas de control ao Goberno.

Vostede dicía que se alegraba de poder preguntar e eu, sinceramente, alégrome moito de que vostede poida facelo. Celebro tamén o ton en que fixo a pregunta; así é moito máis fácil responderlle con datos obxectivos, e isto, ao final, é consecuencia, máis ben, do resultado electoral. Sabe que o feito de que vostede preguntase provocou algún lío entre os socios —que seguro que amañan enseguida—, pero isto é a democracia e o Regulamento do Parlamento, e, polo tanto, vostede está preguntando e facendo unha pregunta moi concreta.

Quería facer unha reflexión antes de darlle datos, que, por suposto, llos vou dar. Se vostede está preguntando sobre os investimentos da Xunta de Galicia en Ourense para o ano 2025 é pola sinxelísima razón de que imos ter orzamentos, outra vez, para toda Galicia —ao igual que dende o ano 2009—, e, polo tanto tamén para a provincia de Ourense..., (*Aplausos.*) cousa que aquí é normal, é como ten que ser, pero, por desgraza, é unha anomalía en moitos sitios; mire, sen ir máis lonxe, o Goberno central, ¡que tan importante sería que tivese orzamentos para Galicia! Aquí Galicia funciona e, polo tanto, pódense facer este tipo de preguntas dende o ano 2009 —digo preguntando estritamente sobre os orzamentos—. Vostede pode preguntar sobre os proxectos públicos, sobre os investimentos, sobre os servizos públicos, que non estaremos con chantaxes nin con *lawfare*, nin con intimidacións, nin con escusas para non facer o que hai que facer. Polo tanto, investimos tamén en Ourense.

Fíxese na diferenza: onte —non hai orzamento nin sequera—, anunciábase un investimento no ciclo da auga de 750 millóns; anunciábao o Goberno central para toda España. A Galicia só lle corresponden 10 millóns e á provincia de Ourense non lle corresponde absolutamente nada. Polo tanto, vexa a diferenza entre un Goberno e outro á hora de determinar prioridades.

En Ourense imos investir no ano 2025 exactamente 5.742 euros por ourensán; son mil euros máis en *ratio* por habitante do que se inviste de media en Galicia, loxicamente en función do número de habitantes, pero a *ratio* aumenta nada máis e nada menos que en mil euros por habitante. De feito, Ourense é das catro provincias en que máis subiu o investimento dende



a pandemia. Os fondos da Xunta que se destinan a Ourense veñen subindo por razón dun vinte e seis ou dun vinte e sete por cento nos últimos anos, o que son nove puntos máis dos que medran no conxunto de Galicia. Estou falando de investimentos. Vou dar máis cifras: 672 millóns de euros investidos na sanidade pública en Ourense; 276 millóns na educación pública; 179 millóns en políticas sociais; un dezaioito por cento do orzamento total en vivenda para o ano 2025 vaise destinar a Ourense.

En realidade o que aplicamos, señor Ojea, é o que vostede pedía —e eu estaba aquí onte cando dicía e lle escoite dicir—: unha discriminación positiva para Ourense. Estou de acordo e, cando é de xustiza e cando é necesario para o reequilibrio territorial, hai que facelo; e, polo tanto, é necesario investir: de aí eses mil euros máis de media que se invisten en Ourense.

Permítame só unha cousa para rematar. É certo que o reequilibrio se ten que dar entre provincias e tamén en cada provincia dentro do territorio. Dígoo, porque vostede, nas emendas ao orzamento, só fixo emendas referidas ao Concello de Ourense, é dicir, á cidade de Ourense, o cal me parece moi ben. Para o resto dos concellos de Ourense —que son uns cantos— non fixo ningunha emenda, polo tanto —quero entender—, vostede deduce que alí si que facemos equilibrio territorial; polo tanto, ao cal me comprometo é a demostrarlle tamén, na segunda quenda de réplica, que non só no resto dos concellos de Ourense facemos equilibrio territorial, senón tamén en Ourense capital.

Pero recorde, señor Ojea, que o reequilibrio territorial se ten que dar entre todos os concellos, e a Xunta teno moi claro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Vostede deu datos, en termos absolutos, do investimento na provincia de Ourense para o seguinte ano, pero do que nos queixamos, fundamentalmente, é do investimento en termos comparativos co resto das provincias.

Vostede falou das cifras que pensou investir en Ourense, pero, ¡claro!, non estableceu a comparación cos investimentos nas restantes provincias da autonomía, que é, fundamentalmente, o que define a discriminación; a discriminación non se define polos cartos que recibe a provincia en termos absolutos, senón en termos relativos comparados co resto das provincias, fundamentalmente con relación á provincia da Coruña e á provincia de Pontevedra, como nas sucesivas comisións lles plantexaron aos diferentes conselleiros con datos obxectivos.

Entón, bueno, vólvolle repetir a pregunta de cal é a causa da discriminación nestes termos.



Falou tamén do investimento per cápita. É un argumento tamén recorrente dos seus conselleiros. Se a provincia de Ourense está moi despoboada, e está, progresivamente despoboándose, o lóxico é que o investimento per cápita medre, loxicamente. E se quedase só un habitante na provincia, o investimento per cápita sería enorme, e se non quedase ningún habitante, o investimento per cápita sería infinito —como dixen xa algunha vez—. Non é un argumento que nos convenza.

E a razón de que presentásemos poucas emendas expliqueina onte, sinxelamente por darlles información. Non é, en absoluto, porque consideremos que o resto dos concellos da provincia non mereza investimento, nin moito menos.

Deduzo, pola súa resposta, que está satisfeito co xeito de estar procedendo coa provincia de Ourense, e non percibo nas súas palabras iso que se chama, en termos relixiosos, «propósito de emenda».

Parte da pregunta plantexábase nos termos de que pensou facer para reverter a situación. Entón implicitamente interpreto —vostede corrixírame, se non é así— que non pensou en cambiar a actitude discriminatoria cara á provincia de Ourense, e que está satisfeito co xeito de proceder que tiveron os sucesivos gobernos da Xunta ata o momento.

Vólvolle repetir que, se non é así, entón fágame constar cales son as medidas que pensou en adoptar para reverter a situación.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Ojea, satisfeito non estou, en absoluto. Eu nunca estou satisfeito —creo—, pódese mellorar sempre moitísimo; polo tanto, ímolo intentar seguir facendo sempre.

Pero satisfeito... —xa lle digo— Máis satisfeito estará vostede que, de 92 concellos que hai en Ourense, sobre 91 cree que o orzamento da Xunta está ben porque non presentou ningunha emenda. Polo tanto, eu nin sequera estou satisfeito respecto dos investimentos, e de que vostede, que ten a posibilidade de actuar a través de emendas, non o fixese. Hai que actuar en todos —hai que actuar en todos— a pesar de que dese o visto bo aos restantes investimentos en Ourense.

Mire, non me vale iso de que como baixa a poboación... Iso de acompañar o investimento ao número de habitantes é precisamente o que queren os financiamentos singulares; é o que están pedindo en Cataluña, por exemplo: «Como temos máis poboación e como xeramos máis industria e máis riqueza, entón, todo para nós e nada para os demais». Iso é exacta-



mente o contrario do que queremos facer nós — exactamente o contrario—. Por iso digo que é moi perigoso e moi disparatado que haxa partidos en Galicia que apoiem ese tipo de medidas; nós non o imos facer.

Diciame que o que lle importa son as cifras comparativas. Xa llas dei: mil euros máis de investimento por habitante na provincia de Ourense, en comparación co conxunto de Galicia; un nove por cento máis aumentaron os investimentos e as infraestruturas que fai a Xunta de Galicia; un vinte por cento de investimento en vivenda —nin moito menos hai o vinte por cento da poboación total de Galicia na provincia de Ourense—. Polo tanto, eses datos falan de discriminación positiva, que é a que ten que ser.

Vou dar máis datos, por degrañarlle un pouco.

En materia sanitaria: 27 millóns para as obras do Hospital de Ourense; 2,6 millóns para o novo Centro Integral de Saúde; 1,6 millóns para o novo Centro de Saúde, na Rúa; 8,7 millóns para facer obras de mellora en centros de toda a provincia; 650.000 euros para o novo Instituto de Pereiro de Aguiar e para a ampliación do seu colexio.

En materia de política social e igualdade: porase en marcha, con dotación presupostaria, o Centro 24 horas para vítimas de violencia de xénero; tamén se porá en marcha o desexado Centro de atención a persoas con discapacidade e un punto de encontro familiar, en Verín.

En materia de infraestruturas: 65,5 millóns para manter as estradas de toda a provincia; 1 millón para o novo vial que vai levar para o Hospital de Ourense; outro millón para completar a circunvalación leste da cidade de Ourense; 3 millóns para seguir avanzando na mobilidade sustentable.

En materia de eido rural: 29 millóns de euros para rexuvenecer o agro e para impulsar explotacións agrogandeiras —a famosa remuda xeracional—; 4,2 millóns para mellorar as vías de comunicación no rural; 7,5 millóns para previr os incendios forestais.

En materia de obras estratéxicas e singulares: en Monterrei, hai un investimento de 14 millóns; 10,2 millóns para o Parque Tecnolóxico de Galicia; 2 millóns para o novo edificio administrativo da Xunta, que non será máis que o principio dun investimento moito máis grande nos seguintes anos; 4,5 millóns para o Centro de Ciberseguridade, que xa estamos construindo —como vostede sabe—, cerca de Ourense.

Isto é un pequeno resumo. Claro que hai investimentos; claro que se pode facer sempre máis; claro que non me conformo; claro que teño claro que a discriminación positiva para o reequilibrio territorial en Galicia é fundamental; e claro que o podemos facer porque temos orzamentos.

Gustaríame moitísimo, de verdade, poder comparalos cos orzamentos do Goberno central, pero para iso faría falta que houbera un Goberno central ordenado, centrado no que hai que facer e que cumprise o mínimo que ten que facer un Goberno, que é cumprir cos orzamentos, que é tanto —vostede o dicía tamén— como a planificación política, a expresión da vontade política do que se quere facer para mellorar a vida dos veciños.



En Galicia facémolo, e, en Madrid claramente están a outras cousas. E os que están debaixo nas bancadas, onde está vostede situado, o apoian, o jalean e o aplauden. Non se entende, pero a xente tamén toma nota.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego ante a instalación da planta de celulosa de Altri en Palas de Rei

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Señor presidente, desde 2009 Galiza perdeu 27.500 empregos e 2.900 empresas no sector industrial. E vemos como, mentres outros gobernos logran atraer proxectos de vangarda, proxectos tecnolóxicos e de futuro, o seu Goberno só ofrece a Galiza o espolio contaminante da macrominaria e de megacelulosas que ninguén quere. ¿De verdade pensa que o futuro industrial pasa por encher este país de eucaliptos, señor Rueda?

A resposta xa lla ofreceron este domingo; xa lla ofreceu a cidadanía nunha manifestación histórica na cal miles, e miles, e miles de galegos e galegas dixeron alto e claro: «¡Altri non, Galiza si!»; (*Aplausos.*) que dixeron: «Basta xa de espolio, basta xa de destrución do noso territorio e basta xa de poñer os intereses de Altri por riba das nosas vidas».

Cometeu vostede un engano masivo. Mentiu ao Parlamento e mentiu á cidadanía porque sabía perfectamente que era unha bomba ambiental, por iso ocultou o proxecto ata despois das eleccións. Agora xa non engana ninguén, señor Rueda. Agora sabemos que é unha macrocelulosa que pon en risco o medio ambiente; que pon en risco 8.000 empregos, tanto na terra como no mar; que pon en risco o medio de vida de miles de familias, señor Rueda —desde a comarca da Ulloa ata a ría de Arousa—, familias que viven do seu esforzo, con proxectos que si que merecen ser apoiados, (*A señora Pontón Mondelo tira dun saco un bote de iogur e móstrao.*) como as impulsoras desta cooperativa que produce un iogur de primeira calidade; como proxectos (*A señora Pontón Mondelo volve tirar do saco unha bola de queixo e móstraa.*) que impulsan as persoas que unen o ecoturismo coa transformación de queixo ecolóxico; como as mulleres (*A señora Pontón Mondelo tira do saco unha crema cosmética en formato de tubo e móstraa.*) que impulsaron unha peme que aposta por facer cosmética galega; ou como as 4.000 familias (*A señora Pontón Mondelo tira do saco unha pequena caixa que contén unha lata de mexillóns e móstraa.*) que viven directamente da ría de Arousa e que podemos simbolizar nesta lata de mexillóns. Todo isto, e moito máis, (*Aplausos.*) é o que vostede quere poñer en risco para beneficiar Altri. (*Aplausos.*) E é que por riba quere darlle 250 millóns de euros públicos. É unha auténtica deslealdade con este país e coa súa xente, señor Rueda.



Mire, mentres vostede está aquí facendo de comercial de Altri, unha macro celulosa na cal, por certo, ese proxecto tamén está participado pola empresa en que está a súa compañeira de partido, a exconselleira de Medio Ambiente, Beatriz Mato. Outra casualidade das portas xiratorias, señor Rueda.

Mire, pídlle que rectifique —que rectifique—, que abandone a súa soberbia e prepotencia política e que escoite. E lembre o que lle vou dicir: a cidadanía deste país non lle vai perdoar que poña Altri por riba das súas vidas —non o esqueza—; a cidadanía deste país non lle vai perdoar a súa deslealdade a Galiza e á súa xente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, alégrome de que en Galicia —ontes mesmo estaba celebrando un acto de Galicia Calidade— teñamos bos produtos; algúns deses, ademais —creo—, con axudas da Xunta de Galicia. Polo tanto, claro que *(Murmurios.)* está moi ben que teñamos iso. O que pasa é que co conto do BNG de que unha cousa exclúe outra, vostede mesma revela cal é a súa estratexia de sempre; se xa a coñecemos de sobra: a súa estratexia é dicir que aquí non se pode poñer nada —calquera cousa que ao BNG non lle pareza ben que se poña— para, despois, poder dicir que non hai nada que se estea poñendo. ¡Esa é a estratexia de toda a vida do Bloque; *(Aplausos.)* ¡a estratexia de toda a vida do Bloque!

E, por certo, cando a vin sacar todas esas cousas —alégrome de que sexan produtos galegos de excelente calidade—, ¿sabe que?, pensei que ía sacar os *pellets*, como fixo hai un ano. «¡O maior desastre natural da historia de Galicia!», é o que vostede dicía hai un ano, e tamén o que o Bloque dicía hai vinte anos e os anos que faga falta. Esa é a súa credibilidade, señora Pontón, é a súa forma de entender como funciona isto.

Vostede formuloume unha pregunta preguntando se vou desistir, como se isto fose «a ver por onde lle vén o vento ao presidente da Xunta», como se isto fosen caprichos. Isto non funciona así. A vostede —que cando acabe esta lexislatura vai levar 25 anos de deputada sen xamais exercer un minuto de goberno— nótaselle moito, señora Pontón —nótaselle demasiado—, que non sabe como funciona unha administración seria; non ten nin idea. O seu concepto da democracia, da institucionalidade, de como ten que funcionar unha administración é moi preocupante. Ao mellor así funcionan as democracias que vostedes admiran, tipo Rusia ou Venezuela, pero aquí non funciona así; aquí funciona dunha maneira moi diferente: aquí os técnicos teñen a palabra. E unha cousa —aproveito—, pido respecto. Por unha vez intenten respectar os técnicos; son funcionarios da Xunta, cuxa honorabilidade poñen en dúbida, e son uns moi bos profesionais. *(Aplausos.)* Polo tanto, eu aquí reivindicoo a capacidade dos técnicos, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Mire, ¿sabe cal é a diferenza do BNG a respecto de Altri e a respecto de calquera proxecto, antes das eleccións e despois das eleccións? Teña clara unha cousa e —creo— tena clara todo o mundo,



empezando por vostede, señora Pontón. Se vostedes chegasen a gobernar despois destas eleccións, ían tres palmos sobre o chan presumindo dun proxecto revolucionario —¡imos ver, imos ver!—. *(O señor presidente da Xunta de Galicia, Rueda Valenzuela, le unha declaración.)* «Ábrese unha grande oportunidade a través dunha iniciativa intelixente para dar valor a esa gran masa forestal que temos na comarca, a través de Altri». Diciáo o que era alcalde de Ribadeo, do BNG. *(O señor presidente da Xunta de Galicia, Rueda Valenzuela, le outra declaración.)* «Vimos votar que Altri se localice en Lugo. Parécenos maravilloso, oxalá que finalmente se instale». Diciáo Daniel Castro; este non anda tan lonxe, ¿verdade? *(Risos.)* Iso díxoo tamén. *(O señor presidente da Xunta de Galicia, Rueda Valenzuela, le un recorte de prensa.)* «O Parlamento galego aproba por unanimidade a instalación de Altri en Lugo». Isto foi no ano 2022. A documentación, señora Pontón, era exactamente a mesma. *(Murmurios.)* *(Algúns membros do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia: ¡Si, si!)* Agora empezamos a ver que vostedes toman decisións sen nin sequera ver a documentación que se somete a votación, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Mire, é a historia de sempre; esta película xa a vimos. Nada. É opoñerse aquí radicalmente, con toda a virulencia posible, a que non se poña nada aquí, pechalo todo, para despois facer o que fixo vostede no principio da pregunta. Véselle o plumeiro, non é capaz de disimulalo. ¡Non!, outras comunidades autónomas están captando industrias, e Galicia non é capaz. Pregúntese o porqué. Si seremos capaces, señora Pontón. Pregúntense por que levan tantísimos anos facendo esforzos para que aquí nada se poña. Despois —¡iso si!—, piden que o que se puxo aquí non se vaia; iso si que o fan.

Polo tanto, iso pasa porque hai un Goberno firme, un Goberno que ten as cousas claras, un Goberno que escoita os técnicos e un Goberno ao cal, cada catro anos, os galegos lle revalidan a confianza por maioría absoluta.

Vostede hai un ano dicía: «O desastre dos pellets», «irrecuperable», «novo Prestige»...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Esa é a súa fiabilidade; é do tamaño dun pellet, como moito, señora Pontón.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, vexo que está moi preocupado polo que significa Altri; non Altri, pola mobilización en contra de Altri, para ter que vir aquí falarnos de Rusia, de Venezuela..., e cos ataques persoais —como sempre— e coa descualificación, *(Murmurios.)* porque ese é o seu estilo cando non ten argumentos, señor Rueda. *(Aplausos.)* A descualificación persoal é o seu estilo, en fin. *(Aplausos.)*

E mire, quen lle están dicindo «¡Altri non!» son os produtores de Galicia Calidade; *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —escóiteos, señor Rueda—; son os produtores de Galicia Calidade —escoite o que lle están dicindo—. *(Aplausos.)*



Mire, hai que ter valor para vir aquí e falarnos de credibilidade, cando vostede, sobre Altri, é que non di unha verdade ¡nin de casualidade! Esa é a súa credibilidade —E claro que si, mire, é que claro que si—. Primeiro, viñeron aquí dicirnos que isto era unha biofábrica, e, ¿sabe que pasou? Que era mentira. Cando coñecemos o proxecto o que vimos é que era unha macrocelulosa contaminante, porque mentiron ao Parlamento e á cidadanía, señor Rueda. *(Aplausos.)* Despois, vostedes tamén anunciaron que ía crear 2.500 empregos. ¡Mentira!, xa logo o rebaixaron a 500. E temos un informe feito polos técnicos do Consello da Cultura que di que, como moito, serán 280 empregos, e todo iso para poñer en risco 8.000 empregos na comarca da Ulloa. E logo volven aquí afirmar —fíxoo vostede—, por último, que isto é unha decisión técnica. ¡É mentira!, señor Rueda, ¡é unha decisión política que xa está tomada!; de feito, vostedes son os impulsores do proxecto. *(Aplausos.)* Permítame que lea o que dicía o seu Goberno o 14 de marzo de 2024: «Altri é un proxecto absolutamente redondo desde o punto de vista ambiental e da sustentabilidade». Non é unha decisión técnica, é unha decisión política que está tomada e requetetomada. *(Aplausos.)*

E logo xa, o colmo do disparate, é que lle ten que explicar vostede á cidadanía por que quere regalar 250 millóns de euros públicos a unha empresa para que veña contaminar o noso país. É que, ademais, fíxense: *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* cada suposto emprego... —non se poñan nerviosos, señorías do PP. ¡Escoiten, escoiten!, que é moi importante escoitar en democracia. Xa sei que non lles gusta a democracia, pero teñen que escoitar, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* e ao BNG non o calan, señorías do PP; non nos calan *(Aplausos.)*—. *(Murmurios.)* Mire, cada suposto emprego de Altri custaríanos 1 millón de euros. Son os empregos máis caros da súa historia. *(Murmurios.)* Ningunha destas empresas tivo 1 millón de euros por cada emprego que xerou —¡nin a primeira!—, señor Rueda, porque vostedes o que fan é discriminar as pemes galegas poñendo unha alfombra vermella a unha multinacional portuguesa para que poña aquí o proxecto que non queren en Portugal. *(Aplausos.)*

E claro que o problema é —e claro que o problema é—, señor Rueda, *(Aplausos.)* que vostedes non son capaces de atraer proxectos que sexan de futuro, proxectos que sexan medioambientalmente sostibles e proxectos de vangarda. Nin tan sequera son capaces de ver o potencial que hai neste país *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* se realmente se apoiasse e potenciase... *(Murmurios.)* —¡non, non—. Vostedes poñen unha alfombra vermella ás multinacionais para que contaminen este país.

É un tema moi serio, señor Rueda. Non lle imos permitir...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que hipoteque o futuro deste país. Iso non é futuro: iso é deixar Galiza convertida nun lugar onde as multinacionais fan negocio, mentres nos deixan a destrución do noso territorio. Iso é o pasado; son as industrias do pasado.

Señor Rueda, rectifique e teña claro que, se non o fai, a cidadanía deste país non llo vai perdoar. *(Aplausos prolongados.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, quero darlle un consello, que xa sei que non os admite nunca: afórrese xa todo iso que dixó na primeira parte da segunda quenda, de que eu son ofensivo, de que vostede está indignada e de que a descualifico.

Agora xa só falta —o que fai moito ultimamente— que, cando acabe eu de falar, pida a intervención. Entón, xa sabemos como lle parece que lle saíu a sesión de control. Todo iso o podíamos aforrar sinceramente. Tome nota do señor Ojea, sinceramente, é moito máis fácil facer —creo—... En fin, é un consello que xa sei que vostede non vai seguir, señora Pontón, (*Algúns señores deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia sinalan as súas orellas repetidamente.*) pero escoite, (*Un señor deputado: ¡Está nerviosa!*) señora Pontón, escoite. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Dáse conta? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*A señora Prado del Río: ¡Está nerviosa!*) ¡Está nerviosa! (*Risos.*)

Mire, de verdade, é que é moi difícil tomar isto en serio. O discurso que vostede acaba de facer foi exactamente o mesmo que fixeron hai anos cando se ía instalar Alcoa, e, agora son os primeiros defensores de que quede a todo custo. (*Aplausos.*) ¿Dáse conta de que a historia se repite sempre, señora Pontón? (*Aplausos.*) ¿Hai algún proxecto que lle pareza ben ao BNG? ¿Hai algún real que se queira facer en Galicia ou que o BNG non o poña a proba? Mire, xa estamos fartos de que vostedes sempre levanten esas fronteiras artificiais, coas cales vostedes son os que din quen pode entrar e quen non. E hai que dicir que están prohibidos os turistas —non lles gustan os turistas—, non lles gustan os investidores, non lles gustan os proxectos...

Mire, Galicia é diferente, señora Pontón. En Galicia —o outro día saíu unha enquisa—, a xente séntese feliz e quérese sentir máis feliz aínda. (*Murmurios.*) E dicimos «benvidos»: benvidos aos turistas, benvidos aos investidores, benvidos aos proxectos. E fóra esa hostilidade, ese enfurruñamento e ese querer que as cousas vaian mal, para ver se teñen algunha posibilidade porque, se as cousas van ben, vostedes non teñen ningunha posibilidade, (*Aplausos.*) señora Pontón. ¡Ese é o problema, ese é o problema! (*Aplausos.*)

O outro día dicíao o señor Beiras, que tan nervioso pon a UPG. (*Risos.*) Se, cando hai eleccións, non as gaña o BNG, estase usurpando o poder. ¡Si, si!, iso se dixó na manifestación, xa que falamos de manifestación. Esta é unha batalla longa, e trátase de desaloxar o PP do poder por calquera sistema. E, polo tanto, non pode haber nada que faga progresar a nosa terra.

Mire, eu non sei se Altri irá ou non irá para adiante. Vostede xa di que só lle valen uns técnicos e os da Xunta non lle valen para nada. ¿Vostede aspira a presidir a Xunta de Galicia, señora Pontón? Cando descualifica os seus técnicos, cando non lle merecen ningún crédito, cando pon en dúbida a súa honorabilidade, cando lle vale o criterio de calquera antes que o



criterio dos funcionarios públicos que nos representan a todos. (*Aplausos.*) ¡Iso é unha vergoña, señora Pontón, unha vergoña! (*Aplausos.*)

Ao final, vinte e cinco anos na oposición tamén marcan estilo, e vaise vendo: ese tipo de vicios, ese tipo de non entender como funciona unha administración seria, señora Pontón. ¡Si, si!, xa van tres veces que vostede o intenta e non é capaz. Non me estraña que xa empece a ter todo ese ruído no seu partido, porque tamén no seu partido lle escoitarán dicir este tipo de barbaridades e poñer en dúbida o criterio dos técnicos da Xunta.

Mire, xa estamos fartos. Eu respecto absolutamente a xente que foi á manifestación, incluso os que foron coa única intención de mover unha bandeira estrelada para que se vise ben, pois o de menos era o obxecto da manifestación. Incluso a esa xente hai que respectala, pero eu tamén lle pido un respecto para todos os demais. (*Murmurios.*) Para toda esa xente que vota ou non vota o PP —que nos vota moita máis xente da que lle vota a vostede—; que quere un futuro para Galicia; que confía na súa administración; que quere que, se os proxectos son viables —sexan os que sexan—, se instalen en Galicia; e que non lle gusta un partido catastrofista que está desexando que nada veña aquí para poder dicir que non hai nada, que que desastre e que parece mentira e que que facemos para que veñan industrias. Esa é a historia do BNG. Entón, eu preguntolle para rematar: ¿con que BNG hai que quedar? ¿Co de hai corenta anos —que non mudou moito co de agora—, que segue perdendo sempre as eleccións autonómicas e que non quería as industrias polas que agora di que hai que facer o posible para que queden? ¿Ou co BNG intermedio, de antes das eleccións, ao cal lle parecía «marabilloso» —en palabras do seu deputado— ou «que marabilloso sería que viñese aquí Altri»? Señora Pontón, cos mesmos datos exactamente, o que pasa é que non os leron —nin se molestan niso—; cos mesmos datos. Esa tamén é outra mentira que están contando. ¿Ou co BNG que hai agora que, despois de perder as eleccións, busca unha oportunidade para facer ruído?

Señora Pontón, pense un pouco menos. Comprendo que agora mesmo vostede teña problemas de carácter partidista; comprendo que agora mesmo haxa moito ruído —algúns se saben e outros non— no seu partido; comprendo que o seu partido, despois de tantos anos, empece a plantexarse certas cousas. Pero tamén lle pido a vostede que faga un exercicio de xenerosidade e que, por unha vez, pense en Galicia: que pense que hai oportunidades que non podemos perder; que pense que temos técnicos nos cales hai que confiar; e que pense que, se as cousas van para adiante porque están ben, haberá que permitilas. A xente quere traballar aquí, os xoves queren traballo aquí.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Somos os primeiros interesados. (*Murmurios.*) ¡Si, si!, todo é posible, señora Pontón. Ese BNG exclúinte ao cal só lle gusta o que lle convén, (*A señora Prado del Río toca repetidamente a súa orella.*) que quere unha terra de emigrantes (*Murmurios.*) (*Protestas.*) e unha terra enfurruñada. Iso non vai coa maioría de Galicia, por iso, cada vez...

O señor PRESIDENTE: Remate.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...que hai eleccións, os galegos falan.

Señora Pontón, se por terceira vez perdeu as eleccións non é o meu problema; será un problema do seu partido. Nós imos seguir traballando para que a xente confíe en nós...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...confíe na firmeza, na obxectividade e en que, se os proxectos van para adiante, se instalarán en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...e, se non, de ningunha maneira.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa orde do día.

Retomamos o punto cuarto, é dicir, as proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre as accións que o Goberno galego debe levar a cabo para avanzar na reversión ao dominio municipal da titularidade dos terreos portuarios sen utilización marítimo-pesqueira

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Lara Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señorías, moi bos días.

Señor Rueda, ¿pode explicarlles ás familias dos nenos e das nenas do CEIP Bergantiños, de Carballo —ao igual que doutros trescentos centros educativos de Galicia que están co mesmo problema—, por que non teñen o persoal suficiente para cubrir as súas necesidades educativas especiais? E alégrome que escoitase a pregunta porque esta é a pregunta que quería facer hoxe o Partido Socialista ao presidente da Xunta, que, sorprendentemente, os demais grupos da Cámara acordaron que non podíamos porque era demasiado perder once minutos para poder debatela. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Esa é a realidade. (*Aplausos.*) ¡Están moi preocupados! Pois dígolles máis. Eu entrei de alcaldesa no ano 2015, eramos seis grupos políticos — cinco na oposición— e todo o mundo tiña o mesmo tempo e a mesma posibilidade de de-



bater —tivese un concelleiro ou tivese nove—, como tiñan vostedes naquel momento. (*Aplausos.*) E, dito isto —que parece que molesta moito que falemos nesta Cámara e que preguntemos ao presidente—, en todo caso, o presidente escoitou a pregunta e a ver se nos dá resposta: válenos por vía telemática, por escrito ou na seguinte sesión plenaria.

Entrando en debate, o Real decreto 3214/1982 fala xa do traspaso das funcións e servizos en materia de portos á Comunidade Autónoma de Galicia. A Lei 22/1988, de costas, establece o marco xurídico que define a protección e a utilización do dominio público marítimo terrestre, especialmente da ribeira do mar. No seu artigo 49 define as adscricións de bens de dominio público e no artigo 50 determínase o que acontece «cando o espazo adscrito, xa non utilizado para un fin portuario, ou os bens de dominio público marítimo-terrestre adscritos a unha comunidade autónoma conforme o previsto no artigo anterior, que non sexan utilizados para o cumprimento dos fins aos cales se adscribirán, ou que sexan necesarios para a actividade económica ou o seu interese xeral, segundo os artigos 131 e 149 da Constitución, reverterán ao Estado, previa audiencia da Comunidade Autónoma, polo procedemento que se determine regulamentariamente, e daráselles o destino que en cada caso resulte procedente». Na mesma lei, o artigo 18 establece que «poderán ser desafectados os terreos deslindados como dominio público que, por calquera causa, perderán as súas características naturais de praia, acantilado ou zona marítimo-terrestre, previo informe preceptivo do concello e da Comunidade Autónoma» —fago fincapé nisto porque volo contarei despois—. O artigo 19 tamén establece que «os terreos desafectados incorporaranse ao patrimonio do Estado e, cando non se xulgue previsible na súa desafectación, poderán ser cedidos gratuitamente ao concello, condicionándose a cesión a que teñan unha finalidade de servizo público dentro das competencias municipais».

Isto é a Lei de costas. A Xunta obriga a devolver ao Estado os espazos portuarios que xa non están en uso, podendo ser cedidos posteriormente aos concellos, unha vez desafectados, que terán unha cesión gratuítas segundo a lei. Co cal, o marco lexislativo xa existe. E digo isto porque en palabras da anterior conselleira, Rosa Quintana: «A Xunta traballa para que se poida facer calquera posible reversión en favor do uso por parte dos veciños». Aínda que avisou de que se trataba «dun procedemento complicado, xa que corresponde ao dominio público marítimo-terrestre, polo que a decisión final pasa polo Estado. Debe ser aprobado no Consello de Ministros, se queda coa súa titularidade, pase á Comunidade ou ao municipio. Non é porque desde a Xunta non se queira». E continuaba dicindo Rosa Quintana: «O Goberno autonómico quere incluír, en cada proposta de reversión, o compromiso municipal de solicitar a súa titularidade para que o Estado teña claras as aspiracións do concello». Pero xa o dicía e facía fincapé en que había «un informe preceptivo do concello e da Comunidade Autónoma», e que, ademais, «pódese reverter, e pódese reverter con carácter gratuítas». Isto o dixó no ano 2023, é dicir, o ano pasado, logo dunha interpelación do Partido Socialista ante a inacción da Xunta neste tema, porque estamos a falar dunha lei do ano 1988; polo tanto, canto tempo perdido leva a Xunta de Galicia de cara aos concellos que lle están solicitando.

E esta inacción, porque xa se levou unha iniciativa no ano 2020 do PSdeG que foi aprobada por unanimidade. ¡Iso si!, con anterioridade tamén se trouxera ao Parlamento outra proposta feita tamén polo Partido Socialista que o Partido Popular votou en contra. O certo é que nada



se avanzou neste tema. Incluso en maio do ano 2021 á pregunta do PSdeG á Presidencia de Portos de Galicia, este recoñecía que, dende o ano 2019, non se mantiña ningunha xuntanza coa Fegamp. En consecuencia disto, co impulso do noso partido —do Partido Socialista—, conseguiuase que, en setembro do ano 2021, a Fegamp e Portos de Galicia chegasen a un acordo para resolver esta situación. ¡Ah!, pero a inacción continúa porque o acordo é do ano 2021 e volvemos solicitálo novamente, ante a desidia da Xunta, no ano 2021 e no ano 2023, e, neste mesmo ano, o noso portavoz, o señor Gómez Besteiro, no pasado mes de outubro, anunciaba que volveríamos novamente insistir con este tema para que eses terreos revertesen nos concellos.

E queremos dar aquí voz aos alcaldes e ás alcaldesas de case unha trintena de concellos que se ven afectados, afectando case medio millón de metros cadrados. E así o seguiremos a facer e así fixemos tamén unha pregunta en Pleno e en comisión. En consecuencia, xa houbo unha reunión entre a Fegamp e o conselleiro, por tanto demostramos que somos unha oposición útil —que é o noso compromiso coa cidadanía— e que, no día de hoxe, xa son cinco os concellos —é certo— que tiveron a primeira reunión no mes pasado para avanzar cara á cesión aos concellos. Estamos a falar de Cangas, de Vilanova, de Foz, da Guarda e de Oleiros.

Por fin, parece que agora si, pero a realidade é que nós seguimos preocupados porque cos antecedentes de que estabamos a falar entenderán que a fe empeza a escasear xa. E por iso seguiremos de preto o tema para que avance porque o que estamos a pedir non é outra cousa que os terreos que non teñan actividade portuaria, evidentemente, formen xa parte, en moitos casos, da trama urbana dos propios concellos, dándose casos tan singulares como o caso de Cariño, cuxa casa consistorial está ubicada neses terreos, e onde teñen que pagar unha taxa á Xunta de Galicia por entrar á súa casa, é dicir, á casa de todos os cariñeses, á casa consistorial; ou como o caso do concello de Foz onde a piscina municipal ou a depuradora de augas residuais se encontran na zona portuaria, entre outros, para poñer uns exemplos.

Pois diso estamos a falar. Estamos a falar de terreos que, ademais das infraestruturas municipais neles instaladas, fan uso incluso das instalacións, que non están agora en uso, as entidades sociais ou as deportivas, ou utilízanse para mercados ou para festas típicas dos concellos, como pode ser en Foz, a Festa Normanda e os Carnavais, de declaración de interese turístico galego, ou incluso as propias festas patronais. E todo isto, porque os concellos teñen que pagar unhas taxas a Portos, algo inaudito, pero é que, por riba, se teñen que facer cargo do mantemento das mesmas, algo inaudito. Isto xa é vergoñento.

Pero é que incluso podemos...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...—finalizo, presidenta— ir máis aló, porque non só lles cobran, senón que se fan cargo do mantemento, e cando, ademais, solicitan estes terreos para calquera actividade, vemos como moitas veces ralentizan ou poñen trabas para que poidan facer uso deses terreos que xa forman parte dese contorno urbano polos cales pagan e os manteñen. Iso si, neste caso, o Partido Popular tamén fai un uso indebido das administracións



porque, se o alcalde é do PP —oian— curiosamente as trabas son menores ou máis escasas, ou incluso non hai ningunha traba e xa, de maneira inmediata, teñen ese acceso.

E por iso é polo que presentamos estas tres propostas para —espero— acadar o consenso da Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

É a rolda do Grupo Mixto, ¿señor Ojea? (*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*) Renuncia á intervención.

Ten entón a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, moi bo día a todos e a todas.

A historia achaca, señora Méndez, ao señor ministro de propaganda alemán, con Hitler, aquela frase de «Non por moito repetir unha mentira se converte en verdade». Entón era bo —era bo— que contasen absolutamente todas as verdades.

E a verdade aquí é que ninguén —absolutamente ninguén— lle quitou a palabra nin os turnos que vostedes cren que lles corresponden; e a verdade tamén é, señora Méndez, por exemplo, que se hoxe vostedes teñen unha compañeira sentada na Mesa deste Parlamento é, precisamente, porque outros grupos, (*Aplausos.*) como o Bloque Nacionalista Galego, cederon niso. Cuestión que, se imos tamén un pouquiño atrás —non fai falta ir á época de Goebbels—, resulta que cando o Partido Socialista tivo a posibilidade de ceder un posto na Mesa a outros grupos, pois, evidentemente, non o fixo. ¿Aí non lle chamaban vostedes pinza?; ¿non facían vostedes pinza co Partido Popular, señora Méndez?

Entón, como dicía o da película, estaría ben que tivesen vostedes claro o concepto. ¡Claro!, estaría ben que vostedes tivesen claro o concepto e que aprendesen, dunha vez por todas, que nesta lexislatura hai un grupo máis neste Parlamento e que ten dereito a intervir. Entón, se o queren entender, enténdano e, se non, sigan repetindo esa mentira que —insisto— non se vai converter en verdade. (*Aplausos.*)

O tema que nos trae o Partido Socialista hoxe aquí, efectivamente —tal e como explicou a señora Méndez—, é unha cuestión que se tratou moitas veces no Parlamento; tratouse moitas veces neste Parlamento e incluso, señorías, se chegou tamén, varias veces, a acordos unánimes xustamente nesta cuestión. Non só a acordos unánimes coas propostas que presentamos na oposición, senón mesmo a acordos unánimes coas propostas que, a posteriori das da oposición, trouxo a este Parlamento o propio Partido Popular.



Falando en prata aquí, do que estamos a falar xustamente é de que existe unha administración dependente da Xunta de Galiza que se chama Portos de Galiza que, literalmente, desde o ano 2017 que se aprobou a Lei de portos neste país, saquea os concellos. Esta é resumidamente a situación. E tanto é así que os saquea —e non me vou cansar de repetir esta palabra— que, en terreos que seguen sendo de dominio portuario, pero que, evidentemente, non teñen, desde hai anos, ningún tipo de uso portuario, son os concellos que os manteñen, que os limpan, que lles poñen as papeleiras, que rozan as herbas, etcétera, etcétera, e seguen cobrándolles as taxas.

A actuación de Portos foi famosa o ano pasado e chegou ao seu cume no Día das Letras Galegas, cando o Concello de Cambados fixo un acto en terreos portuarios para conmemorar, precisamente, ese día, e Portos veu reclamarlle que non tiñan autorización porque non solicitaran a licenza para facer aquel acto alí. É absolutamente kafkiano. É unha situación que non entende ninguén, e que nós, o Bloque Nacionalista Galego, denunciámos, mesmo no momento de aprobarse —de que aprobouse o Partido Popular—, no ano 2017, a Lei de portos actual. Todo isto segue transcorrendo así en todos os concellos de Galiza onde hai portos, nada máis e nada menos que en 122 portos que dependen da Xunta de Galiza —122 portos autonómicos—, e segue a producirse así.

Portos o único para o que serve é para recadar; é unha administración basicamente recadatoria. E tamén ten outra función que é obstaculizar máis —e niso si concordamos co Partido Socialista— as actividades e as actuacións dos concellos, se son concellos que non son do Partido Popular.

Pois ben, estamos nesta situación —como dixen—, igual que desde o ano 2017. A partir do ano pasado, efectivamente, do ano 2023, houbo unha pequena modificación na actuación de Portos de Galiza; unha modificación que foi absolutamente ridícula, unha modificación que caía polo seu propio peso, pero que Portos de Galiza vendeu, e a Xunta de Galiza vendeu como se estivese realizando un gran cambio respecto da Lei de portos do ano 2017. E esa modificación consistiu en que os concellos a partir dese momento —cousa que é importantísima, claro— xa ían poder utilizar as liñas eléctricas para algunha actividade que pase por terreo portuario ou estas cousas que sabe facer o Partido Popular, que son moi pequenas, pero que logo vende como verdadeiras actuacións absolutamente transcendentales. Pois ben, isto pasou no ano 2023. Parecía que ía haber un cambio de actitude de Portos de Galiza cara aos concellos, pero no ano 2023 tamén foron as eleccións municipais. E nese momento vimos claramente —se é que alguén aínda non o vira— cal era e cal foi —non vou dicir segue sendo porque agora o vou matizar— a actitude de Portos de Galiza e da Xunta de Galiza.

No ano 2023, nos concellos en que o Partido Popular non conseguiu a alcaldía —véxase—, por exemplo, na comarca da Barbanza, en Ribeira —que celebra as súas festas de verán no mes de agosto— acababa de aterrar no Goberno municipal a alcaldía do BNG, e o primeiro impedimento que se atopou o Concello de Ribeira é con que Portos lle prohibía celebrar as súas festas —que xa estaban absolutamente en marcha— de alí a un mes despois de que tomase posesión o BNG na alcaldía. Practicamente non lle permitía celebrar as festas, por certo, nun concello onde o Partido Popular levaba gobernando 36 anos e nunca —absoluta-



mente en ningún momento— houbera ningún problema (*Aplausos.*) por parte da Xunta de Galiza e do Partido Popular en que se celebrasen alí as festas. (*Aplausos.*)

Nós —como este tema se tratou aquí bastantes veces, moitas veces— empezamos a ver, efectivamente —pero de hai nada, ¡¿eh?!, de hai tres ou catro meses para aquí—, algún cambio de actitude na Administración de Portos de Galiza; e o cambio de actitude, de momento, tradúcese en que está empezando a haber contactos cos concellos —por certo, concellos que solicitaran a reversión de terreos portuarios hai moitísimos anos, e que protestaran e se reivindicaran para que se acelerasen os trámites—, e Portos —digamos— abriu un pouquiño a porta e está recibindo e —parece— dialogando con eses concellos. E, efectivamente, xa hai algún acordo ou algún preacordo, por exemplo, no Concello de Cangas, no Concello de Foz, no Concello de Vilanova e algún outro máis.

Nós celebramos o cambio de actitude —celebramos o cambio de actitude—; celebrariámolo, aínda moito máis, se iso se recollese formalmente na propia Lei de portos, que é o que pedimos sempre. E celebramos tamén que, por fin, os concellos —porque é algo absolutamente lóxico, xa que manteñen eses espazos portuarios—, evidentemente, poidan ter a titularidade do terreo. Cuestión para a cal, aquí, o Partido Popular, ata o ano 2018, con voto de por medio sempre se negou. Agora parece que o Partido Popular chega a onde outros e outras chegamos hai xa máis de sete anos. Houbo que esperar sete anos e —insisto— parece...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato, presidenta— que empezan a cambiar as cousas.

Nós estamos de acordo con que cambien as cousas e con que cambien nese sentido que sempre propuxemos. Son os concellos os que deben —xa que fan o seu mantemento, a súa limpeza, etcétera, etcétera—, efectivamente, poder desfrutar e poder ter a titularidade, é dicir, onde deben reverter eses terreos, que son de titularidade portuaria, pero que xa non teñen un uso portuario.

E, por tanto, nós, unha vez máis, imos apoiar todas as iniciativas que veñan nese sentido, neste caso, do Partido Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Hermelo Piñeiro.

A señora HERMELO PIÑEIRO: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.



Tras este momento pimpinela entre o BNG e o Partido Socialista, nós imos ir co tema que nos ocupa. E tamén quero dicirlle á señora Méndez que se nota que vostede non vive nun concello de costa.

Cómpre dicir algo tamén, e é que Portos de Galicia ten a súa razón de ser na obriga de preservar as actividades da xente do mar. Entendemos que o BNG está preocupado porque se celebren as festas nos espazos portuarios; a nós preocúpanos máis que a xente do mar poida ter os seus espazos á súa disposición.

Portos de Galicia busca sempre mellorar o seu traballo, o da xente do mar e, daquela, mellorar a súa vida dedicada ao mar. Por suposto, Portos sempre primará a natureza por que naceu: servir aos profesionais do mar e ao desenvolvemento da súa actividade. *(Aplausos.)*

Portos de Galicia entende a vida social ao redor dos portos. É consciente da súa historia e do papel que os espazos portuarios representan en moitos pobos e vilas mariñeiras. Portos de Galicia, tramita, cada ano, centos de autorizacións e de concesións para a ocupación de espazos portuarios con actividades alleas ao mundo da pesca.

Falan, señores socialistas, na súa proposición, das taxas que se pagan a Portos, unhas taxas que non son xuros. Fan demagogia e banalizan o concepto de taxa. Os concellos, por exemplo, tamén pagan e cobran todo tipo de taxas. ¿Queren vostedes dicir que as taxas non se deben pagar? ¿Que facemos?; ¿un decreto anulando todas as taxas ou soamente as taxas de Portos de Galicia? Explíquenlle vostedes á xente do mar que anulamos as taxas que bonifican os usos profesionais do porto, as que bonifican as reparacións e as melloras dos espazos portuarios; expliquen que queren minorar o orzamento de Portos de Galicia dedicado a mellorar os espazos de traballo da xente do mar.

¿Queren vostedes quitar a taxa? ¿Que facemos?; ¿cambiámolas por outras ou por novos impostos? ¿E quen pagará estes impostos?; ¿os profesionais do mar? Vindo do Partido Socialista, grande impulsor dos impostos aos traballadores, non nos estrañaría o máis mínimo. Por sorte, a Xunta de Galicia non dubida. Defenderá sempre os homes e as mulleres que traballan no mar e para o mar.

Falan vostedes de todas as iniciativas presentadas para esta reversión. Permítanme que non os aburra reproducindo a súa letanía, pero si lles quero lembrar que o proceso de reversión ten diferentes autores: a Xunta, a Fegamp, en representación dos concellos, e o Goberno de España. Existe unha hemeroteca recente. En febreiro de 2019, tivo lugar a terceira xuntanza —¡terceira!— entre Portos de Galicia, a Xunta e a Fegamp para avaliar e tramitar as peticións dos distintos concellos costeiros. Portos de Galicia garantiu a súa vontade de flexibilizar os trámites, dentro sempre dos límites legais. En setembro de 2021, Portos analizou a posible reversión de corenta espazos sen uso portuario; un procedemento extraordinario complexo e amplo, tramitaranse todos os expedientes. O 17 de setembro do ano 2021, Portos delimitou xa a reversión de fachadas urbanas —tamén en Ribeira, que tanto lle preocupaba á señora Méndez—. Por lei, non todos os terreos son reversibles. É un proceso administrativo longo.



Estas novas falan dun traballo que se está a acometer entre as partes. Hai unha interlocución, hai un proceso de negociación aberto e hai encontros periódicos. A única administración que non aparece porque non lle interesa é, evidentemente, Costas do Estado, ou, o que é o mesmo, o Goberno central. *(Aplausos.)*

Cando vostedes falan de parálise, ¿de que falan exactamente? ¿Que pretenden vostedes? ¿Saben cal foi a parálise? A parálise está moi clara para todos os concellos do mar. Os prazos están nas mans da Administración xeral do Estado na tramitación da reversión. Non vexo, señores socialistas, que vostedes aí pidan algo; pero se vostedes non teñen unha liña directa co seu Goberno central, falen vostedes co Bloque Nacionalista Galego, pois eles sempre afirman que Madrid acepta cada unha das súas peticións —acéptaa; cumprilas xa sabemos que non, pero acéptaa—. O certo é que a Administración central tarda ata máis de dez anos en responder. Iso pódello corroborar calquera concello de Costas —calquera—, de calquera cor.

¿Saben vostedes que existen procesos de reversión anteriores ás súas peticións?; porque igual cren que as reversións naceron con vostedes, pero non, señores do Partido Socialista de Galicia. Xa existían inicios de reversión de espazos portuarios antes de que vostedes sequera pensasen neles. A Xunta de Galicia leva máis de trinta anos con algúns dos procesos, esperando, por certo, a que o Goberno central os tramite. Temos Cariño no ano 1991; Ponteceso, en 2003; Porto do Son, en 2017; Bares, que xa levaba máis dunha década, agora está xa por fin resolto. En resumo, señorías: a única administración que está a ser un obstáculo ten nome e apelidos: o Goberno de España. *(Aplausos.)*

A Xunta está a traballar na tramitación da desafectación de zonas portuarias para declaralas innecesarias, sempre consensuando cos concellos a declaración de innecesariedade. A reversión é un proceso longo e dependente da Administración xeral do Estado. Isto decídese nun Consello de Ministros, señores do PSOE, por se non o sabían. ¿Saben vostedes que o proceso comeza coa reversión a Costas?

E, por certo, retomando o tema das taxas —que tamén lles preocupa—, Portos aplica unicamente a taxa establecida por lei. Unha vez que se revertan, as taxas non desaparecerán, señores do Partido Socialista de Galicia, senón que pasarán a ser de Costas. ¿Van pedir vostedes a Costas que suprima tamén todas as taxas que cobra en Galicia? Eu creo que non. Vostedes, a Costas, non lle piden nunca, nunca, nada; ao Goberno central non se pode pedir nada.

Por iso, ante a ausencia de resposta, a Xunta de Galicia mantén o compromiso de avanzar no proceso de reversión de terreos. Xa se está facendo xunto coa Fegamp. Estamos a falar de máis de catrocentos cincuenta mil metros cadrados que se poderán destinar ao uso da cidadanía, cun valor de máis de doce millóns de euros. Que o Goberno de España non convocase Galicia a unha comisión bilateral, como si fixo co País Vasco, non nos axudou. Galicia tivo que ir ao Constitucional para obter o que o Goberno de España nos negaba. A sentenza do Constitucional a favor de Galicia —que nos deu a razón— melloraba o panorama. Que o Tribunal Constitucional declarase a nosa Lei do litoral completamente constitucional a pesar de vostedes, señores do Partido Socialista —a pesar de vostedes—; a pesar de que o seu portavoz exercía máis de delegado do Goberno que de portavoz do Partido dos Socialistas de



Galicia. (*Aplausos.*) A pesar diso, a pesar de que era un si á Lei do litoral, foi un non, e, despois, puxéronse de perfil xunto co Bloque Nacionalista Galego. A pesar de vostedes —de toda a oposición—, señores, esta sentenza, grazas á Xunta de Galicia, abre un novo marco que impulsa este proceso de reversión tamén. Esta norma fará moito máis eficiente o proceso de regularización e de deslinde de superficie portuaria a favor dos concellos. É un novo escenario grazas á Xunta de Galicia.

Esta lei, que vostedes non apoiaron, é a que pode marcar un cambio nos prazos. Vostedes, que nunca están no traballo do día a día, veñen agora con présas ante a Xunta para protexer e para tapar a nula xestión do Goberno central. Piden que se tramite unha comisión bilateral...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora HERMELO PIÑEIRO: ¡Oian!, pídana vostedes ao Goberno central! É o que non a dá. Se queren axilizar de verdade e non enredar —xa saben—, presionen ao Goberno central.

Portos de Galicia xa está a facer estes trámites. A Xunta consensúa os criterios coa Fegamp. Veñen vostedes a remolque, pero, ¡claro!, nove deputados, señores do Partido Socialista de Galicia; ¡nove deputados! Dedícanse vostedes a reciclar iniciativas xa presentadas, xa debatidas e que xa se están poñendo en marcha.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Hermelo.

A señora HERMELO PIÑEIRO: —si remato, presidenta—.

Portos de Galicia leva, dende o ano 1997, tramitando reversións e seguiraos a facer, con vostedes ou sen vostedes.

Vostedes, que sacan o ventilador da demagogia sen coñecer a realidade dos espazos portuarios, sen atender ás demandas dos concellos e sen pensar, señores do Partido Socialista de Galicia, en Galicia.

Vostedes nin están nin se lles espera no que é importante para Galicia. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición non de lei, a señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, señora Pérez, nós non queremos quitar a posibilidade de que o Grupo Mixto poida ter a súa representación e poida facer a súa pregunta. Nada máis lonxe.

Eu dicíao ao principio. No ano 2015 había cinco grupos na oposición; vostedes estaban na oposición. Tiñan naquel momento dous concelleiros e non quixeron entrar no Goberno por-



que así o decidiron, pero o BNG tivo a posibilidade de facer, de preguntar e de expoñer aquilo que consideraron oportuno.

Señora Piñeiro, nós, o noso partido, levamos 145 anos de historia. Polo tanto, tivemos momentos en que estivemos na oposición, no Goberno. Sabemos o que é gobernar. Pasamos momentos en que tivemos 25 deputados e agora temos 9, é dicir, o que decide a cidadanía, que nós acatamos sen soberbias nin cando estamos arriba nin cando estamos abaixo. (*Aplausos.*) Sabemos o que é e o que representamos en cada momento. E tócanos facer unha oposición útil, e, para iso, estamos aquí: para facer unha oposición útil.

E vostedes, ¡claro!, tiveron que andar cambiando de nome o seu partido: desde Alianza Popular a Partido Popular, ou incluso os seus antecesores, que estaban alí *a la mano derecha del dictador*. (*Aplausos.*) Algúns nomes están aí e algún galego tamén. (*Aplausos.*)

Señora Piñeiro, dedicouse a falar de preservar a actividade da xente do mar, pero, ¿quen o puxo en dúbida?; ¿alguén o puxo en dúbida? Eu falei, en todo momento, de reversión dos terreos sen uso —que sabemos o que é revertir: «que volva a»—; que tamén —creo—son tres palabras facilmente comprensibles: «Terreos sen uso». Disto é do que estivemos a falar en toda esta iniciativa e durante moitos anos, ¡¿eh?! ou sexa, que présas, présas, falar de «présas»... Por iso fixen unha exposición, poñendo os antecedentes, señora Piñeiro —poñendo os antecedentes—, porque o primeiro que citei foi o Real decreto do ano 1982 —janda que non choveu!: do ano 1982—, no cal se establecen os traspasos das funcións e servizos en materia de portos á Comunidade Autónoma de Galicia. En todo caso, agora xa teñen a transferencia do litoral; agora teñen que ir como churros, señora Piñeiro: un tras outro; poñemos a máquina a funcionar e teñen que ir un tras outro.

Despois, en parte da súa intervención tamén se dedicou a falar das taxas, sobre as cales, por certo, a señora Quintana dicía que eran pouco máis de trescentos mil euros. ¡Total!, para un orzamento de catrocentos mil millóns de euros, pouco máis de trescentos mil..., aínda que os datos podémoslos poñer en dúbida, porque só o Concello de Foz lle paga case cen mil euros, ao ano, nesas conceptos de taxa. ¡¿E sabe por que?! Por celebrar, ao mellor, a festa do Carnaval, que é curioso, porque está declarada de interese turístico galego, e, por un lado a Xunta dálle unha subvención por esa declaración e quítalla en concepto de taxas. Isto é o que fai o Partido Popular; así é como mira para os concellos, para os alcaldes e as alcaldesas do noso país. (*Aplausos.*)

Polo tanto, señora Piñeiro, espero que apoiem esta iniciativa; espero que, ademais, o fagan agora con rapidez, pois xa teñen todas as competencias, para que non teñan que estar pagando por conceptos de piscinas, de depuradoras, de instalacións de obras, de instalacións para gardar a maquinaria...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...do uso do día a día dun terreo que está xa na trama urbana dos concellos.



Por iso espero que esta iniciativa acade a unanimidade, e o que é máis importante —porque a unanimidade xa a tivo—, espero que traballen e que a materialicen. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Argimiro Marnotes Fernández e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que leve a cabo as obras necesarias para mellorar a seguridade viaria na estrada N-541, especialmente entre Punxín e Pontevedra

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Carlos López Font.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo no texto da parte resolutiva, co seguinte contido:

«2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para esixir accións inmediatas de mellora, nas estradas de titularidade autonómica, para reducir a alta sinistralidade nestas vías.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): E para formular esta proposición non de lei, por tempo de oito minutos, ten a palabra o señor Marnotes.

O señor MARNOTES FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Bo día, señorías.

Señora Lara, máis que nada, como sempre é costume falar algo do anteriormente dito, teño que dicir que 150 anos non son nada comparados con todo o que leva o ser humano no planeta —que parece que leva aí toda a vida *(Risos.)* e os problemas xa os había antes e hainos agora tamén—. *(Risos.) (Murmurios.)*

Quero dar un saúdo respectuoso e afectivo aos alcaldes e alcaldesas e aos representantes dos concellos afectados que hoxe nos acompañan, pertencentes a distintas cores políticas e que, dende o 11 de xaneiro do ano 2023, viaxan unidos baixo o Pacto de Pedre: Punxín, Maside, O Carballiño, Boborás, O Irixo, Beariz e Cercedo-Cotobade. A súa presenza aquí reflicte a importancia desta cuestión e a necesidade dunha solución urxente.

A nacional 541 conecta Punxín con Pontevedra, pero é tamén un un setenta e cinco por cento do percorrido natural entre as cidades de Ourense e de Pontevedra. Esta nacional é unha das



principais preocupacións en materia de seguridade viaria en Galicia, que cobre as necesidades dunhas duascenas dezaeito mil persoas, cun tráfico intenso de turismos particulares e transporte industrial, sendo escenario habitual de accidentes graves, algúns deles con resultados fatais que todos lamentamos profundamente; de feito, esta nacional vén figurando como unha das vías de maior sinistralidade segundo varios medios especializados.

Nos últimos anos rexistráronse numerosos sinistros que evidencian o precario estado da infraestrutura. Podemos citar brevemente algúns dos máis recentes: o 24 de decembro de 2022, a piques de cumprirse o segundo aniversario, e como exemplo máis claro do mal estado desta nacional, foi cando un autobús se accidentou en Pedre por causa demostrada do mal estado da estrada, causando a morte de sete persoas e dous feridos; en xaneiro do ano 2023 un motorista perdeu a vida no quilómetro 67; en febreiro de 2024 unha persoa resultou ferida ao envorcar o seu vehículo en Cercedo-Cotobade; en maio do ano 2024 tres persoas resultaron feridas nun tramo de Boborás; en outubro do ano 2024 houbo outro accidente mortal preto de Pedre; e o 10 de novembro de 2024 produciuse unha saída de vía en Boborás, cun ferido como resultado.

Non debemos quedar só cos accidentes mencionados, poderíamos incluír aquí os accidentes por atropelos de peóns en varios dos cascos urbanos que atravesas esta nacional e que non son poucos. Un dato alarmante que incide tamén nos accidentes son os que están relacionados con colisións con animais salvaxes, que na Nacional 541 ascende ao 44 por cento, moi superior á media autonómica noutras estradas.

Eu, veciño do Carballiño, teño recordo de hai moito tempo cando finara un ocupante dun vehículo ao ser alcanzado por outro ao facer un xiro cara a unha gasoleira. Tampouco olvido o derradeiro atropelo, agora xa hai unhas semanas, no tramo urbano desta nacional no Carballiño, do que ademais puider ser testemuña directa. Entre estes dous accidentes pasaron máis de trinta anos e nese período foron chegando cada pouco noticias similares.

Non estamos a falar de incidentes illados, senón dunha problemática recorrente que afecta todos os concellos polos que transcorre a Nacional 541. Moitos destes concellos en repetidas ocasións aproban nos seus plenos municipais iniciativas para que todos os tramos desta nacional se vexan mellorados, para salvagardar a seguridade viaria, facendo peticións sen conexión entre as propias administracións locais. Máis é agora, co Pacto de Pedre, dende onde se fai toda a forza social con representación da súa veciñanza, para reclamar unha solución estrutural e integral de toda a Nacional 541, facendo entre as súas alcaldías un xesto de unión que os honra.

A gravidade da situación levou o Grupo Popular do Senado a formular unha pregunta ao Goberno da Nación en febreiro deste mesmo ano. Solicitábase saber se se prevía intervir de forma urxente na Nacional 541 e estudar a viabilidade dunha autovía entre O Carballiño e Pontevedra ou unha solución de alta capacidade. A resposta recibida foi decepcionante. Limitouse a dicir o Goberno central que xa teñen, ao igual que noutras estradas nacionais, contrato de mantemento e actuarán en función das prioridades e disposición económica. Desbota calquera mellora estrutural, desbotando tamén estudo ningún sobre a autovía ou vía de alta capacidade, e insta os usuarios a empregar alternativas como a AP-9, a AG-52 ou a AG-53.



Esta resposta é absolutamente insuficiente e demostra unha falta de empatía e comprensión das necesidades reais do territorio e das relacións sociais e comerciais entre distintas poboacións afectadas. Tal cal se razoa dende o Goberno central, estásenos trasladando á veciñanza dos pobos afectados que somos os usuarios os causantes únicos dos accidentes, cando se demostrou todo o contrario. A Nacional 541 ten que estar adaptada á circulación que se require por uso e costume, e non pode deixar de ser tamén unha oportunidade de crecemento económico de todos os concellos polos que transcorre. *(Aplausos.)*

É certo que recentemente o Ministerio de Transportes realizou obras de asfaltado e reposición de barreira de contención en pequenos tramos específicos da Nacional 541 e fixo reparacións na zona do accidente do autobús de hai dous anos cun investimento próximo ao millón de euros. Estas actuacións, aínda que necesarias, resultan insuficientes para abordar a problemática global desta estrada. A sinistralidade continúa sendo alarmante, con accidentes recorrentes que poñen en perigo a vida dos usuarios e da veciñanza dos lugares afectados.

Non é cuestión desta petición indicar se fai falta un semáforo nun punto concreto dunha travesía, nin se son precisos pasos de peóns noutros lugares, ou se unha rotonda nun punto concreto, ou un desdoblamento de vía nun tramo concreto ou se fai falta facilitar a circulación de peóns en pontes polas que non teñen acceso. Non, non temos que facer de técnicos nesta proposta. O que si procede é que os aquí presentes exerzamos a nosa capacidade de ser un apoio máis a toda a veciñanza dos concellos que representan os alcaldes e alcaldesas do Pacto de Pedre, para poder exixir ao Goberno central: primeiro, que admita o problema, se non mal imos; e, logo, que redacte os proxectos necesarios e os execute, e se realice ao mesmo tempo un estudo de viabilidade que contemple unha autovía ou vía de alta capacidade sen pasar polo núcleo de poboación entre o Carballiño e Pontevedra.

Señorías, non podemos seguir permitindo que a falta de accións concretas por parte do Goberno central teña consecuencias tan graves. Non esperemos a lamentar máis vítimas para tomar as medidas. As peticións dos concellos pertencentes ao Pacto de Pedre pon enriba da mesa todas as carencias desta nacional. Foi apoiado expresamente tanto polos concellos de Pontevedra como de Ourense, ao igual que as deputacións provincial de Ourense e Pontevedra. Pero, lamentablemente, non está sendo receptivo nin o delegado do Goberno de Galicia, o señor Pedro Branco, nin o ministro de Transportes, o señor Óscar Puente.

Remato, presidenta. Defendamos a seguridade das persoas, o progreso das nosas comarcas e a dignidade que merecen os nosos cidadáns. Apelamos ao consenso desta Cámara para que dende Galicia fagamos forza conxunta cos participantes do Pacto de Pedre para exixir ao Goberno central as melloras que a Nacional 541 necesita de forma urxente e dean viabilidade fiable ao futuro desta vía.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Marnotes.

Eu tamén dou a benvida a todos os convidados á casa de todos os galegos.



Polo Partido Socialista, vai intervir o señor Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e todos.

Aproveito para saudar os alcaldes e alcaldesas que se encontran con nós, especialmente por motivo de ter compartido politicamente moito tempo co alcalde de Cerdedo-Cotobade, ao que posteriormente me referirei.

Esta proposición, señor Marnotes, é xenuína do PP, porque parte de tres principios básicos. O primeiro, a demagogia, vestida de alarmismo, de datos sacados de contexto e sen o rigor necesario e imprescindible á hora de analizar estatísticas de sinistralidade. (*Aplausos.*) O segundo principio básico é o das críticas ao Goberno central, obxectivo único do PP, tratemos o tema que tratemos aquí. E o terceiro é o de non asumir a Xunta as súas competencias no relativo ao mesmo que critican.

Por partes. Debemos analizar de forma exhaustiva o informe oficial de sinistralidade da N-541 e situalo en contexto. Os falecementos e os accidentes graves, lamentablemente, pódense producir por moitas circunstancias e, en ocasións, inclusive nas vías seguras. Os falecementos concentrados nun accidente sempre causan alarma e, desde logo, deben ser obxecto de buscar solucións; solucións que vostede xa apuntaba e que neste caso puxo en marcha o Goberno central como, posteriormente e de forma máis detallada que vostede, me referirei.

Pero máis aló de feitos illados, quero dar de forma detallada o informe de sinistralidade e as súas causas da vía que nos ocupa. É así, señor Marnotes, como se debe facer en relación con todo tipo de vías; para ter os datos exactos, as súas causas e, evidentemente, buscar solución. As estatísticas non se poden facer a partir dun accidente concreto. A N-541, cos datos oficiais, non está nin de lonxe entre as estradas máis perigosas da provincia de Pontevedra. Na N-541 case a metade dos accidentes débense a cruzamentos de animais salvaxes na calzada, o cal é moi lóxico, tendo en conta que transcorre gran parte por zonas forestais. Isto parece vostede no telo en conta. A todo isto engádense as circunstancias climatolóxicas e os excesos de velocidade, de acordo cos datos oficiais.

Señor Marnotes, a estrada máis perigosa da provincia de Pontevedra é curiosamente unha autonómica: a estrada coñecida como Camposancos, PO-552, entre Vigo e Baiona. Debemos criticar a irresponsabilidade e o oportunismo político de facer campañas mediáticas sobre a sinistralidade das estradas en función da titularidade, porque as cifras oficiais ás que me refiro son moi ilustrativas. Accidentalidade real e oficial —2023— na provincia de Pontevedra: estradas estatais, 361 accidentes e 8 falecidos; autonómicas: 423 accidentes e 10 falecidos; provinciais: 118 accidentes e 1 falecido; e locais: 68 accidentes e 1 falecido. (*O señor López Font amosa un documento.*) Recomendo que pidan as estatísticas oficiais e falen en función dos datos reais.

Por iso resulta sorprendente que ao PP só lle preocupe a situación das estradas de titularidade estatal. Por iso, propoñemos como adición que, se nos preocupa a sinistralidade tamén,



señor Marnotes, debe abordarse o relativo á competencia autonómica, como demostran as cifras oficiais anteriores. Porque, no relativo á adopción de medidas correctoras no concernente a esta vía, deben poñerse en valor as medidas concretas do Goberno estatal, que debemos destacar de forma máis detallada da que vostede fixo.

Un: mellora da ponte de Pedre, cun investimento de 1,2 millóns de euros, e agora mesmo estase realizando un asfaltado dun millón de euros en Cerdedo-Cotobade. Dous: está en marcha, e xa parte en execución, un proxecto de renovación das barreiras de contención, e vanse a realizar actuacións de mantemento puntuais no tramo entre Pontevedra e Cerdedo. E tres: está en trámite un asfaltado integral do tramo que discorre polo Concello de Forcarei, valorado noutros catro millóns de euros. É dicir, o Goberno estatal está a destinar máis de seis millóns de euros entre o executado e o que se vai executar. Esta información, señor Marnotes, coñécena ben vostedes.

Pero falemos sobre o Pacto de Pedre. Hai que destacar o que oculta o PP aquí, dado que no acordo os asinantes comprometíanse, señor Marnotes, a non facer uso político do pacto, compromiso incumprido polo alcalde de Cerdedo-Cotobade, do Partido Popular, facendo mitins do PP titulados «Pacto de Pedre». Tamén, a propósito do Pacto de Pedre, ao PP só lle vale unha parte, porque a Xunta rexeitou de inmediato outra das proposicións alí realizadas; tamén se propoñía unha autovía ao Deza desde Forcarei. Parece moi fácil a que vostede defende e está moi difícil. Como sempre, utilización parcial e partidista por parte do PP. Convén que o PP volva ler o Pacto de Pedre e non o utilice politicamente.

Todo isto demostra que, obxectivamente, a N-541 non é das vías máis perigosas e, en todo caso, adoptáronse medidas para paliar determinadas situacións. É moi loable que o PP se preocupe do estado das vías de titularidade estatal, e nós exercitámolo a diario, pero é evidente que a maior preocupación do PP debería ser aquela para a que foron elixidos e que lle permite ser maioría neste Parlamento e gobernar en Galicia. Por iso, presentamos unha emenda de adición para aplicarse a mesma preocupación e instar o Goberno galego para adoptar medidas nas vías de titularidade autonómica. E querémolo facer con carácter xeral, porque xa apuntaremos algunhas en concreto que deberían ser motivo de preocupación moito máis seria por parte do Goberno galego, como á que me referín. A emenda, en concreto, di que o Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia para esixir accións inmediatas de mellora nas estradas de titularidade autonómica para reducir a alta sinistralidade nestas vías. Esperamos, señor Marnotes, que o PP non aplique un dobre rasero e demostre que tamén se preocupa das reformas e mantementos que necesitan as vías autonómicas.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Font.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Bos días de novo.

Grazas, presidenta.



Saúdos aos alcaldes e alcaldesas presentes.

Eu fun unha das persoas que firmou o Pacto de Pedre, non sei se se lembran, que naquel momento fun representante naquel encontro cuxa data lembrou o señor Argimiro —¡como pasa o tempo!—, que tivo lugar en Cerdedo, lembro, nun edificio multiusos.

Efectivamente, a Nacional 541 tamén pasa polo Concello de Ourense. Hai unha cousa curiosa, que en realidade hai un tramo compartido entre a Nacional 120 e a Nacional 541 entre Ourense e Santa Cruz de Arrabaldo, porque na súa concepción orixinal as estradas nacionais unían capitais de provincia. Entón, tamén por ese concepto fomos convocados naquela primeira reunión do Pacto de Pedre e mesmo despois o Concello de Ourense rexistrou —se non me falla a memoria— algunhas demandas de mellora no tramo que lle corresponde ao Concello. A estrada, efectivamente, transcorre en gran parte pola provincia de Ourense e despois tamén pola provincia de Pontevedra. Lembro que naquel primeiro encontro non asistira a alcaldesa de Forcarei —non lembro que interpretación se fixera dese momento—, unha alcaldesa do PSOE. Non sei agora, nas últimas reunións tampouco asistín por ter, digamos, perdido as competencias de representación do Concello de Ourense para eses efectos.

En todo caso, o que eu comparto plenamente co que se expuxo na moción por parte do señor Argimiro Marnotes é que esa é unha estrada, efectivamente, moi perigosa, que leva tido moitos accidentes e está moi deteriorada. Falábase sempre como unha das causas os transportes especiais de aeroxeradores, esas enormes álabes, esas enormes estruturas verticais coas que se constrúen; e, efectivamente, circulan gran cantidade por esa vía. O detonante foi aquel triste suceso, do que temos precisamente a efeméride proximamente, porque fora no período navideño, e como xa se dixo, efectivamente, exculpouse recentemente por completo o condutor do autobús, co cal o accidente foi achacable totalmente ao estado da vía.

É un tramo moi perigoso e ás veces o perigo non está directamente relacionado co número de accidentes, porque onde hai moito perigo a xente xa conduce con especial coidado. Entón, cun coidado superior ao que conduce normalmente, o cal, loxicamente, fai que moitas veces non se produzan accidentes, porque se incrementa a atención na conducción.

O tramo, por exemplo, que transcorre polo concello de Boborás subindo o Alto do Paraño é moi perigoso no inverno, polo que a persoa que circule por aí sábeo perfectamente. Por múltiples motivos. Primeiro, polas condicións meteorolóxicas, que ao ser zona de montaña suelen ser de moita chuvia e de moito vento. A estrada transcorre ás veces entre cortes, entre montañas, que cando desaparece a montaña de repente atópaste cun golpe de evento que che pode alterar a conducción. Como xa o sabes xa conduces despacio. O que dicía antes: ás veces o perigo, ao telo en conta o propio condutor, pois conduce con moitas máis atención. Nesa zona concreta hai moitas veces xeo, o Alto do Paraño ten xeo moitas veces en moitas curvas. Eu lembro unha vez que, concretamente, automóbiles parados patinaban no peralte das curvas. Era unha pista de xeo, realmente, e a propia Guardia Civil, que estaba axudando, patinaba e caía etc.

Quere dicir que, efectivamente, é un tramo moi perigoso. Os accidentes son un síntoma, pero ás veces as cuestións pódense ver incluso sen necesidade de analizar os accidentes. O señor



portavoz do Partido Socialista fiábase por completo das estatística dos accidentes. Non. Como dixen, hai sitios polos que un pasa e ve que son moi perigosos e, polo tanto, ao mellor circula con coidado ou mesmo para. Máis dunha vez moita xente ten dado a volta, sobre todo no Alto do Paraño, por non fiarse do estado da estrada. Entón, ao mellor dá a volta e non viaxa. E ás veces xa se cerra o porto, precisamente no Alto do Paraño, ao tráfico.

Efectivamente, é tamén unha zona de montaña, unha zona forestal, sobre todo pola parte chegando xa a Pontevedra —moito eucalipto, por certo, nesa zona—. E con todas as cousas que se dixeron estamos totalmente de acordo. Moi perigosos os tramos onde se atravesan zonas urbanas, e en concreto no Carballiño a estrada é moi recta naquel tramo onde está a estación; moi recta e con moitísimo tráfico, tanto peonal como de automóbiles. Alí téñense producido moitos accidentes. Loxicamente ten habido demandas concretas de pasos elevados, de semáforos, a demanda que tamén puxemos no Concello de Ourense... Pero a estrada precisa dun arranxo xeral estrutural, previa análise por parte dos técnicos dos perigos potenciais que ten e que son obvios incluso para calquera condutor habitual, porque se ve de xeito claro. O accidente que tivo lugar esas Navidades é un exemplo, pero ten habido moitísimos máis e ten deixado de haber moitos máis. Eu mesmo de milagre non tiven un hai moitos anos, cando era máis novo e conducía de xeito máis irresponsable, nesa zona. Digo que podería haber habido moito máis se non fose polo coidado excesivo co que moitas veces un ten que circular por esa estrada, precisamente porque xa percibes que é un contorno moi perigoso.

Apoiaremos esta proposta, seguiremos incidindo nas demandas, que algunhas chegaron incluso ao Senado, dos alcaldes e alcaldesas do Pacto de Pedre; e incrementar tamén o labor de conciencia social, para conseguir iso. Loxicamente, algunhas persoas pretenden solucionar un problema intentando facer máis grande, metendo na mesma demanda outras cuestións, pero, cinguíndonos á cuestión concreta, loxicamente apoiaremos esta proposta co noso voto.

Nada máis, grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Ojea.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra don Paulo Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, quero saudar os rexedores e rexedoras que nos acompañan hoxe nesta iniciativa no Parlamento galego. Eu quixera empezar salientando unha cuestión que me parece relevante. Efectivamente, esta estrada de titularidade estatal, a N-541 é unha estrada certamente perigosa. Tivemos que lamentar nos últimos anos accidentes, e accidentes ademais con vítimas mortais, que sempre, sempre, sempre é de lamentar.

Señor López Font, eu creo que non foi acertado, porque o que saquei da súa intervención é como que «non é para tanto» e que en todo caso habería que ver por que son estas cues-



tións. Efectivamente, aínda que o Goberno central fixese actuacións puntuais de mellora do propio firme da estrada e algunha outra mellora puntual, estamos falando de que esta estrada precisa dunha actuación totalmente integral; dunha actuación estrutural que vai máis alá dunha reposición dun firme ou dunha mellora do firme. Eu coincido co señor Marnotes en que non é cuestión de poñernos aquí a detallar todas as pequenas actuacións que se conforman neste tramo, porque realmente require dese tratamento integral, dese tratamento estrutural. É por iso que o BNG, xa dende o pasado ano, levamos tanto ao Congreso como ao Senado varias preguntas a este respecto. Tamén incluímos esta cuestión fundamental nas nosas capacidades, na forza que temos con respecto ao Goberno central, no propio acordo de investidura co actual presidente Pedro Sánchez; a necesidade da reforma das actuacións integrais en diferentes estradas de titularidade estatal, como é o caso desta N-541.

Eu, sen embargo, estiven facendo un traballo de revisar e recuperar hemeroteca e si que botei en falta a proactividade que se lle debe exixir ao Goberno da Xunta. Polo que vimos nestes últimos anos —incluso dende esa sinatura do Pacto de Pedre a raíz deste lamentable accidente do pasado 24 de decembro do ano 2022—, o Goberno galego, o propio presidente da Xunta de Galiza tivo oportunidades de reunirse co presidente español e de formularlle as súas demandas. Esta non formaba parte delas, sendo fundamental, sendo moi importante e sendo ademais unha estrada que percorre tanto a provincia de Ourense como a de Pontevedra, que xa se dixo aquí, e que ten unha carga de tráfico moi importante, non só desde o punto de vista de particulares, senón tamén de transporte de mercadorías e doutros elementos pesados. Facía referencia o señor Ojea tamén a eses transportes especiais, deses grandes pas e esas grandes infraestruturas que tamén viaxan por esa estrada estatal. E non vimos realmente unha Xunta de Galiza, un presidente galego, realmente proactivo en que o Goberno central asumise unha demanda que creo que hoxe vai saír por unanimidade, que é esa reforma integral desta estrada N-541.

E, realmente, vemos como despois o Partido Popular ten un problema, e é que as súas ansias competenciais —a súa ansia por alongamento do autogoberno deste país e de realmente reclamar as cuestións que son de dereito, que son de xustiza ao Goberno español— comezan e rematan simplemente no interese partidista ou, noutro caso, nos intereses das súas empresas amigas. Vímolo agora nesta primeira competencia acadada despois de todos estes anos, que ¿para que vai servir? E non nos malinterpreten; nós si que entendemos que o Goberno galego debe ter todas e cada unha das competencias do Estatuto e que ademais debe iniciar un proceso de ir cada vez a máis no camiño da soberanía plena do noso país. Pero, realmente, cando as reclamacións que se teñen que facer ao Goberno do Estado son centrais e son importantes pero non entroncan directamente cos intereses das súas empresas amigas ou do propio interese do partido, vemos como estas cuestións van quedando atrás. E nestes case dous anos, dende o fatal accidente de Pedre, a Xunta de Galiza non fixo os seus deberes de presionar o Goberno do Estado, como si que leva facendo o BNG a través das diferentes iniciativas no Congreso e a través tamén dese pacto de investidura. Cadaquén coa capacidade que ten, pero o que está claro é que quen ten a capacidade de incidir, quen ten a capacidade de apretar, non o está a facer. E vemos como despois para outras cuestións son moito máis áxiles para facelo. Aí están os logros conseguidos polo BNG en termos de infraestruturas, tanto as bonificacións da AP-9 como as da AP-53, recentemente acordadas co Goberno central, os estudos de carácter de servizos ferroviarios, de infraestruturas ferroviarias, como



son o estudo da liña de proximidade ou tamén ese estudo para conectar a cidade de Lugo vía tren. Vemos como, realmente, o Goberno galego non pisa o acelerador e non reclama, realmente, coa potencia que debe ter un Goberno galego, neste caso fronte ao español.

Como ben lle dicía antes, eu agardo que esta iniciativa saia por unanimidade. Hoxe aquí entendemos que é algo fundamental, que máis alá de actuacións puntuais —que saudamos; loxicamente todo investimento que se faga nesta estrada é benvido— debemos ir a un plan-texamento dunha reforma, dunha actuación integral que non só repare nos elementos dos firmes ou en elementos de sinalización vertical ou moitos outros que se poderían poñer, senón tamén en como afecta a propia contorna á seguridade viaria. Ter estudos que nos digan cales son as solucións mellores para isto e que realmente [*Inaudible.*] unha estrada asegura pola que transitar.

Indo á segunda parte da iniciativa ou da parte propositiva, no que ten que ver cunha alternativa dunha vía de alta capacidade, ou como se formule, para unir estes dous puntos do país, loxicamente o BNG está de acordo, sempre que se faga co sentidiño que moito proclama a Xunta de Galiza e que ao final cremos que pouco ten. E aí a Xunta de Galicia tamén ten que ser proactiva. A Xunta de Galicia ten que ser proactiva tamén nas súas competencias, nos tramos que lle corresponderían dunha alternativa vía de alta capacidade, de autovía ou de como se formule. A Xunta de Galiza debe poñerse xa a traballar en poñer alternativas enriba da mesa, en ter a súa alternativa, a súa opción viable para isto; e non simplemente intentar facer política da mala, un uso partidista dunha situación como a que conlevou o Pacto de Pedre e moitos outros accidentes que viñeron despois, simplemente para confrontar co Goberno do Estado.

Nós entendemos que un goberno, se se di goberno, ten que ser proactivo; ten que utilizar todas as ferramentas que ten á súa disposición para facer que estas cuestións sexan realidade o antes posible. O BNG, non sendo goberno e tendo unha capacidade limitada, está sendo capaz de conseguir moito, moito máis do que a Xunta de Galiza conseguiu nestes últimos anos. É unha cuestión de vontade política; unha cuestión de deixar os intereses partidistas e os intereses das empresas amigas E realmente poñerse a traballar polo que de verdade importa: por Galiza e polos galegos e galegas.

No BNG témolo claro: imos apoiar esta iniciativa e agardemos que o Partido Popular empece tamén a entrar na vía non do sentidiño, senón dunha mínima responsabilidade e unha mínima racionalidade.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de peche, señor Marnotes.

O señor MARNOTES FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Grazas a todos os portavoces que pasaron por aquí e puxeron a súa opinión, que eu penso que sempre é positiva. Antes de que pregunte a presidenta, xa poño de manifesto o rechazo



á emenda, simplemente porque non ten nada que ver co que vén aquí. Aquí trátase dun problema concreto, dun Pacto de Pedre concreto, dunha nacional concreta e non podemos falar da globalidade doutras administracións. Non estamos nin a favor nin en contra. Poderá ser motivo doutro debate, pero dende logo non toca neste momento.

En todo caso, que vexo que está moi preocupado e paréceme lóxico, o señor López Font sabe que está invitado a vir ao Carballiño comer o polbo, pero vai ter que pasar pola nacional, queira ou non queira. Entón, para ir a Baiona é certo que a Xunta xa ten investido preto de dous millóns de euros para mellorar 20 interseccións e 22 pasos de peóns.

Pero vou poñer un exemplo claro do que nos recomenda o Ministerio, que nos di: «A nacional é perigosa, usen outras vías». Entón, un exemplo claro, que a min éme moi fácil. Vou viaxar dende o Carballiño a Pontevedra. Podo ir pola nacional, son 68 quilómetros, máis ou menos unha hora, xa non é que se faga en pouco tempo, máis ou menos nunha hora. Pero ben podemos facer o que nos din: «se non queredes ter un accidente na N-541, ídevos cara atrás pola G-53 en dirección Ourense, enlazades coa C-52 dirección Vigo e logo pola AP-9 ata Pontevedra». Iso serían 123 quilómetros, máis ou menos unha hora e vinte. Iso si, non nos advirten de que tamén pasaríamos por un tramo de alto risco de accidentes, como é o tramo da autovía entre o Porriño e o Alto de Puxeiros, que conta ademais co maior número de radares por quilómetro de toda España, e pasaríamos pola AP-9, de paso, para pagar a autopista máis cara de España. *(Aplausos.)*

Tamén temos que saír en defensa de que esta estrada nacional ten que ter as mesmas condicións que calquera estrada nacional. Porque hai unha tendencia, hai como un movemento que está falando de que os camións que saen do Carballiño dirección Marín coas torres eólicas non deberían circular ou terían que ir por outro sitio ou buscar outro porto. Eu penso que a nacional ten que ter os mesmos requisitos que calquera nacional. Estes camións teñen que ir por aí porque non lles queda outro motivo.

É preocupante que se lle teña que trasladar nun momento determinado a esta empresa, que ten catrocentos postos de traballo directos no interior de Galicia —que xa non é fácil, no interior de Galicia, catrocentos postos directos— dun sector eólico que o único que está facendo, por desgraza, é fabricar para exportar, porque aquí estáselle poñendo trabas por terra, mar e aire, para que isto non poida ser. E isto calquera día vai ser un problema. A min seríame moi difícil meter aquí unha torre eólica. É fácil meter unha taza, pero unha torre eólica non a podo traer aquí, pero detrás desa torre eólica hai catrocentos postos de traballo dunha comarca enteira. *(Aplausos.)*

Para rematar, presidenta, xa no ano 1992, cando dende o Carballiño se facía unha proposición de facer unha autovía ou unha vía de alta capacidade entre Ourense e Pontevedra —entre o Carballiño e Pontevedra, pero entre Ourense e Pontevedra era o obxectivo—, o propio porto de Marín e a ría de Pontevedra, sabedores da importancia desta nacional, adheríronse a esta iniciativa, xunto con todas as deputacións afectadas, moitos concellos e demais administracións. Uns visionarios, os de antes; os de agora, pendentes para definirnos en función desta votación. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Marnotes.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Iago Suárez Fernández, sobre as condicións das vivendas dotacionais, ou dos aloxamentos compartidos, que debe ter en conta o Goberno galego nesta solución de emerxencia no contexto actual de dificultade para o acceso á vivenda

A señora PRESIDENTA (Cándia López): A esta proposición non se presentou ningunha emenda. Para defendela, polo tempo de oito minutos ten a palabra dona Alexandra Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Moi ben, moitas grazas.

Dende a crise de 2008 sabemos que o mercado inmobiliario inaugurou un novo ciclo que está impactando enormemente no modelo social e económico, con graves consecuencias. Este novo tempo xorde da transformación dun modelo que durante décadas se articulou para intentar favorecer o beneficio a través da operación da construción e venda de inmobles, pero que hoxe se organiza doutra forma; organízase para intentar maximizar a extracción de plusvalías a través do réxime de alugueiro. Esta transformación foi a saída do sector a dous feitos irrefutables: que cada vez hai menos persoas con capacidade para adquirir unha vivenda e que hai un esgotamento do paradigma anterior, despois de décadas construíndo moi por riba das nosas necesidades. Nas últimas tres décadas o saldo que nos deixa son 30.000 persoas menos no noso país e 620.000 vivendas máis.

Este novo ciclo, pensado para extraer plusvalías a través do alugueiro, ten un impacto maior sobre as persoas que teñen menos recursos, porque só acceden á vivenda a través deste réxime e teñen que estar dedicando cada vez un volume maior das súas rendas dispoñibles para poder garantir un teito. Os alugueiros constitúen xa un dos principais factores da creación da desigualdade no noso país. Dunha parte temos a quen acumula cada vez máis patrimonio, ao punto de que no último ano seis de cada dez adquisicións de inmobles no noso país foron ao contado, sen hipoteca. É dicir, que máis da metade das vivendas que se adquiren en Galiza rematan en mans de quen máis capital acumula, ao tempo que as persoas que teñen menos recursos non teñen máis opción que pagar eses prezos abusivos, porque incluso no caso das máis vulnerables non teñen unha oferta de parque público de vivenda ou a prezos accesibles como unha alternativa viable. Así, a vivenda hoxe é un mecanismo de transferencia inxente de recursos que vai dende os sectores da poboación máis pobre cara aos de maiores rendas, que fai afondar cada vez máis a brecha social entre quen máis ten e quen menos.

Nesa dinámica, o máis grave de todo é que colabora a propia Xunta de Galiza. ¿Como? Primeiro, aniquilando calquera alternativa ao mercado libre, paralizando a promoción pública de vivenda e impedindo que a vivenda protexida se transforme en vivenda accesible de forma estrutural a través da cualificación permanente; e, despois, tamén fomentando a propia transferencia de recursos públicos cara a quen máis ten, como acaba de facer a través da lei de acompañamento con beneficios fiscais nos actos xurídicos documentados para quen adquiera e alugue un inmovible completo. ¿Quen adquire un inmovible completo, sen importar, ademais, o prezo ao que se vai alugar? Incluso tamén aprobaron axudas directas de ata 9.500 euros para multipropietarios que aluguen unha vivenda se no último ano estivo parada, po-



dendo arrendala, ademais, a un prezo por riba do actual do mercado libre. Tamén a Xunta está intentando transferir recursos públicos a través da vivenda protexida en réxime de alugueiro como un gran negocio para promotores, con condicións vantaxosas. Neste momento dáselles 50.000 euros por vivenda coa única condición de que teña uns prezos taxados durante quince anos. Pasados eses quince anos, recuperan prezo libre; un auténtico choio.

En conclusión, a propia Xunta está adecuando as súas políticas a este novo ciclo organizado para favorecer esa extracción de plusvalías de grandes capitais a través do alugueiro. E a brecha social que se abre tamén ten unha lectura en termos xeracionais: aos mozos e mozas hoxe cada vez éllel máis difícil optar á vivenda en propiedade; apenas poden escoller entre pagar rendas abusivas no alugueiro ou continuar vivindo na casa familiar. De feito, Galicia ten a segunda peor taxa de emancipación de todo o Estado, só Canarias ten peores datos. Isto non é casual; é resultado dunhas políticas públicas en materia de vivenda que serven para enriquecer a quen especula coa vivenda en lugar de garantir unha vivenda accesible.

Con estes datos, que cada vez son peores, temos que concluír que Galiza vive unha situación de emerxencia habitacional que require de respostas extraordinarias. E, nese sentido, a figura dos aloxamentos dotacionais pode contribuír a solventalo. Esta figura o que permite é que, de forma puntual, neste contexto excepcional se poida aproveitar solo que está destinado a usos e servizos públicos para crear equipamentos residenciais temporais públicos. Isto facilita que as administracións que teñan solo reservado a estes usos poidan destinalo a crear esas vivendas públicas temporais entendidas como un servizo.

Polo tanto, dende o BNG, no que é a creación desta figura, estamos de acordo. O problema é que o Partido Popular, coma sempre, é capaz de deturpar toda proposta positiva. Neste caso, o PP vén de aprobar pola porta de atrás, tamén a través da lei de acompañamento, unha norma que habilita a creación dos aloxamentos compartidos en solo do dotacional onde non se garanten uns criterios mínimos de habitabilidade. Todo o que se di nesta norma son dúas condicións. O texto di así: «As promocións de aloxamentos compartidos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que cada espazo privativo de aloxamento non pode ter unha superficie útil inferior a 30 metros cadrados.
- b) Que a promoción deberá contar con espazos comúns tales como sala común, comedor ou lavandería para a súa utilización polas persoas usuarias.»

E aquí acaban todos os criterios. Non hai máis. Isto é todo o que traballaron dende a Xunta de Galicia. Acaban os criterios e empezan as dúbidas. «Tinta metros cadrados privativos». ¿Isto é independentemente do número de persoas que habiten nesa vivenda? ¿Só contempla vivendas desta tipoloxía? En caso contrario, ¿cales son as superficies mínimas en cada caso? ¿Cales van ser eses espazos comúns mínimos exixibles? Porque aquí fálase de sala común, comedor ou lavandería. ¿Van ser algúns?, ¿todos?, ¿ningún?; ¿con que superficie? ¿A cantas vivendas teñen que servir cada un destes espazos? ¿Como se encaixa todo isto coas normas de habitabilidade? E podemos seguir, porque é pura indefinición. E, se non se establecen criterios mínimos de habitabilidade que aseguren vivendas dignas e adecuadas, están abrindo



a porta a degradar dende a propia Administración pública a calidade do parque construído. E se, ademais, temos en conta que o Partido Popular reserva este tipo de solucións aos menores de 36 anos, o que temos xa é a radiografía completa de como no que está pensando o Partido Popular é en crear unha especie de residencia de estudantes, un *hostel* para mozos e mozas.

Por iso, con esta iniciativa vimos exixir á Xunta de Galiza que, antes de que se inicie a promoción de calquera destes aloxamentos compartidos, a Xunta ten que definir criterios de deseño que garantan esas condicións de habitabilidade mínima; que garanta vivendas dignas, adecuadas, sostibles e accesibles. Tamén incorporamos a necesidade de reformular esta solución para que acolla distintas realidades sociais mediante diversidade tipolóxica. Porque neste momento o Partido Popular parece que só contempla iso: superficies de trinta metros cadrados, sen ter en conta cales son as necesidades espaciais, se se trata dunha parella, se ten fillos, cal é a unidade de convivencia...

Todo indica que este Goberno non está pensando en que a mocidade poida ter un proxecto de vida nunha vivenda con condicións dignas, senón apenas en habilitar iso: unha especie de residencia de estudantes ata os 36 anos como única alternativa.

Exiximos tamén que se garanta a xestión pública destes aloxamentos, porque abre a porta a unha posible privatización da súa xestión. E, ademais, acabamos de comprobar como tamén, a través da lei de acompañamento, teñen vocación de destruír a xestión cen por cento pública do parque de vivendas cando introduciron a posibilidade de ceder a xestión de parte do parque público a entidades como, por exemplo, Cáritas. Por tanto, temos argumentos para desconfiar cando non se quere blindar esa xestión cen por cento pública.

E, por último, unha advertencia: o feito de que estes aloxamentos poidan ubicarse en solo de uso dotacional e non uso residencial ten un impacto en termos de planificación urbana que non estaba previsto nos instrumentos. Por tanto, adoptar medidas excepcionais coma esta está xustificada nun contexto de emerxencia habitacional, pero tamén exige dunha especial precaución, especialmente coa localización escollida e coa adecuación ao modelo urbano. E aí a voz dos concellos, que son quen ten competencias relativas á intervención nos usos do solo e da edificación, son fundamentais. Pero o que propón a Xunta de Galicia é pasar por riba destas administracións. Para emendalo, incluimos a necesidade de que estas actuacións pasen polo diálogo e o consenso entre ambas as administracións.

E conclúo xa. Temos unha xeración que foi expulsada da propiedade da vivenda. Despois foi expulsada do mercado do alugueiro libre e agora o Partido Popular tamén quere expulsala de toda posibilidade de acceder a vivendas públicas dignas. Sen propiedade, sen alugueiros e metidos en residencias como as de estudantes, como as da terceira idade, residencias para precarios, residencias para unha vida precaria. Este é o futuro, digno realmente dunha serie distópica, que quere impor o Partido Popular. Recúen. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Tería quenda o señor Ojea, pero, como non está, dámoslle entón a palabra ao Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra o señor López Font.



O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

Sempre que falemos de vivenda en Galicia debemos partir do fracaso das políticas do PP durante quince anos de Goberno de Feijóo e de Rueda, porque a cada apartado e a cada solución que lle quere dar hoxe o PP está detrás a falta de política de vivenda neses quince anos. Os incrementos orzamentarios e as teóricas novas ideas son froito da situación actual e seguimos dicindo que non se trata dun convencemento real deste goberno de Rueda, senón da comprobación de que hoxe constitúe unha das maiores preocupacións do conxunto da sociedade. E a demanda da sociedade de procura de solucións máis ou menos inmediatas non se atalla por parte deste goberno. Cando todo se centra na proxección de construción de vivendas, hai que dicirlles aos galegos e as galegas para cando estarán construídas. A resposta é: para moi longo prazo. E a realidade é o que se está ocultando detrás de tantas mareantes cifras. O outro día neste pleno a voceira do PP en materia de vivenda confundía unha licitación de 2,6 millóns de euros con 206 millóns. A todo isto, licitación que prevé o inicio da actuación —polo que dicía anteriormente— nin máis nin menos que para o 2028.

E hoxe toca falar de vivenda dotacional, outro aspecto que vai para longo, que trata de dar resposta —preferentemente, parece ser, á mocidade—. Esa mocidade prisioneira do prezo dos alugueiros e á que se lle ofrece vivendas de trinta metros cadrados e por un curto espazo de tempo. ¿Para cando? A resposta é sinxela: é para cando os xóvenes de hoxe xa non o sexan e consumisen parte do seu proxecto vital polo camiño do desenvolvemento destas construcións, se é que se chegan a materializar.

A actuación de urxencia con respecto á emancipación da mocidade galega é unha realidade cuantificable. Os métodos que o Goberno galego quere poñer encima da mesa para buscar unha solución son froito de ter deixado de lado a análise e a actuación a medio prazo sobre un problema máis que evidente, que non só afecta o colectivo da mocidade. É un problema multifactorial e xeneralizado; por iso a urxencia de abordalo. Pero, para implementar esta urxencia, o Goberno da Xunta está a desenvolver todo un operativo lexislativo para poder saltar os trámites administrativos de calidade nas decisións e de tempo de control municipal. Que non se engane ninguén: as medidas que lexislativamente se adoptarán non serán axilizadoras, senón que se retirarán controis absolutamente necesarios.

A solución de construción de vivendas novas en modo semiresidencial con espazos compartidos é unha solución parcial, que non pode aspirar a ser unha medida solucionadora nin mesmo incentivadora. O que se pide para os mozos é unha emancipación saudable e non un parche máis, dirixido aos titulares de prensa, como fai sempre o Goberno galego. (*Aplausos.*)

E, con respecto aos pormenores e detalles das características destes novos inmobles en modo dotacional, debería quedar redactado finalmente nun texto que garanta unha independencia e calidade do espazo privativo real, aínda que existan espazos compartidos. Non se debe confundir espazos de emancipación con residencias de estudantes.



Está demostrado que a hibridación de idades é saudable para os ámbitos urbanos nos que se inserte o equipamento, polo que se suxire que estean vinculados estes equipamentos con espazos de mantemento da autonomía das persoas de idade. Estes espazos deben ter características similares, porque a mestura evita a guetificación. Unha política residencial a curto e medio prazo dos mozos parte polo desenvolvemento e protección de cooperativas, así como de rehabilitación das vivendas obsoletas e alugueiros razoables asociados a isto.

E nós seguimos crendo que deben conxugarse políticas de medio e longo prazo, con actuacións inmediatas que permitan abordar a problemática dos alugueiros, os seus prezos altos e a súa imposibilidade de acceder. Por iso, seguimos propoñendo un banco público de alugueiro que permita xestionar o importante número de vivendas baleiras en Galicia, en condicións de garantía para o arrendador, que supere os seus medos e incertezas. A xestión desde o público dun importante número de alugueiros permitiría unha actuación de inmediato, que é o que se reclama, e un abaratamento dos prezos dos alugueiros. Experiencias como a de Euskadi están dando resultados positivos, e debemos fixarnos nesas actuacións. Por iso, propuxemos unha partida orzamentaria de 20 millóns de euros para xestionar ese banco público de alugueiro que permitise actuacións de inmediato. Partida que o PP rexeitou; prefiren regalar 300 millóns ás construtoras polo rescate das catro autovías ou rebaixar a carga fiscal aos que máis teñen. Esta é a política de vivenda do PP.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra dona María Deza.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Señor Font, como di o señor Bará numerosas veces neste Parlamento, *¡hace falta valor!* (*Aplausos*) Mire, que diga vostede que a política da vivenda de Galicia é nefasta ten narices, cando vostede forma parte do Partido Socialista, que ten o Sareb funcionando como unha inmobiliaria: vendendo 10.000 vivendas anualmente en vez de cederllas ás comunidades autónomas, como está reclamando Galicia dende hai moitísimo tempo. Así que, señor Font, por favor, ¡leccións, as xustas! (*Aplausos.*)

Miren, na actualidade é certo que unha notable crise habitacional afecta a toda España, e Galicia non é allea a esta crise. A mocidade é un dos colectivos que máis afectado está á hora de acceder á vivenda. Por iso, coa finalidade de facilitar a súa emancipación, a Xunta atribúelle ao IGVS a facultade de impulsar, en colaboración coa consellería competente en materia de xuventude, a promoción pública e a xestión de aloxamentos compartidos, destinados a satisfacer necesidades transitorias de vivenda das persoas menores de 36 anos. Unha iniciativa que pretende facilitar a toma de decisión á hora de emanciparse, que lles proporcione aos nosos mozos e mozas as mellores oportunidades para construír os seus proxectos de vida fóra do lugar onde se criaron e que garanta un equilibrio entre autonomía e comunidade, permitindo non só gozar dunha contorna de vivenda cómoda e práctica, senón tamén dunha rede de apoio social e profesional, esencial para quen está comezando unha nova vida fóra



do seu entorno familiar. Aloxamentos cunha superficie mínima de trinta metros cadrados, incluído salón, cociña, un baño e unha habitación. Ademais, disporán de servizos complementarios compartidos, como lavandaría, zonas de traballo, zonas de ocio etcétera. Aínda que tamén haberá algúns aloxamentos de dúas habitacións nos que a superficie superará os corenta metros cadrados. E, por suposto, cumprirán con toda a normativa técnica de aplicación, tamén a normativa de habitabilidade.

Aloxamentos, como dixeran, que brindan unha solución digna e cobren as necesidades transitorias de residencia que moitos dos nosos novos precisan. Así —señor Font, estea tranquilo—, licitarase a principios deste ano o proxecto para o primeiro dos inmobles executados pola Xunta destinado a esta modalidade, que se establecerá na parcela de Xoán XXIII en Santiago de Compostela, unha parcela propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo. A intención é replicar esta actuación noutras cidades galegas, sempre en conversación cos concellos. É por iso que xa se están estudando posibles novos emprazamentos na Coruña e en Vigo.

O que é claro é que as modalidades de uso compartido para vivendas e aloxamentos residenciais —ou «albergues *cuquis*», como os denominou onte a señora Rodil neste Parlamento— veñen para quedar; non só porque sigan as xa existentes nos países do noso entorno, senón porque veñen dar satisfacción a necesidades de distintos colectivos sociais e, polo tanto, as lexislacións deberán regular estas modalidades máis cedo que tarde.

Ao Bloque Nacionalista non lle gusta esta modalidade de aloxamentos compartidos, aínda que o tiña incluído no seu programa electoral, onde se indicaba expresamente que propoñía aumentar a oferta pública de aloxamentos dotacionais específicos para a mocidade e para o estudantado, que permita solucións habitacionais de pequeno tamaño durante un período máximo de cinco anos; ou promover, tamén, —poñía no seu programa electoral— modalidades como *cohousing* ou *coliving* ou a cesión de uso, especialmente dirixidos á xente moza. Cando o propoñen vostedes está ben, pero cando a Xunta o pon en marcha faino mal. Xa sabemos que esta idea partía do partido nacionalista e que ninguén, salvo vostedes, pode acadar as súas expectativas. Xa o dixo o presidente esta mañá: só vale o de vostedes.

Sen embargo, agora a súa proposta é mobilizar o parque xa existente, segundo din, por un principio de sustentabilidade. E o que debe facer o Executivo Galego, como dixeran onte aquí, é presionar os propietarios para que poñan os seus inmobles no mercado. Pero recórdolles que en España o noventa por cento do mercado está en mans de pequenos propietarios, en contra do bulo que pretenden difundir de que o controlan os grandes fondos. Eses diabólicos caseiros son persoas que, grazas ao seu traballo e aforros, compraron activos inmobiliarios cos que completar os seus ingresos. E, ¿por que non poñen os seus bens no mercado?, preguntábase a señora Fernández. Primeiro, porque moitas requiren un importante investimento para acondionalas e, segundo, porque os propietarios, grazas á brillante lei de vivenda do Estado —ou a lei antivivenda, mellor—, teñen medo a non cobrar, ás ocupacións, a que lles esnaquizan a vivenda ou a que os cambios continuos de prezos e duración dos contratos os deixen en situación de indefensión.



O certo é que o mercado de vivenda en España mostra hoxe un severo desaxuste entre a oferta e a demanda, especialmente en lugares como as grandes cidades. Nese contexto de escaseza de oferta, de demanda crecente, rendas de alugueiro á alza ou falta de solo, os novos formatos *living* avanza no mercado residencial en España, que acadará, segundo recentes estudos, o 16 por cento da oferta de obra nova destinada ao alugueiro en 2025. Este modelo xa está funcionando noutros países de Europa, como Reino Unido e Francia, e tamén noutras comunidades autónomas, como o caso de Cataluña, cos aloxamentos con espazos comúns complementarios, ou os aloxamentos compartidos ou aloxamentos dotacionais no País Vasco.

Pero, ademais, co fin de facilitarlle á mocidade a adquisición de vivenda e buscando, tal e como dicía a señora Fernández, alternativas viables para a xente moza, o executivo galego decidiu reservar para os menores de 36 anos o 40 por cento do novo parque de vivenda pública que está a construír e que sexa destinada ao alugueiro e o 25 por cento das vivendas destinadas á compra.

E tamén a través de axudas para a adquisición de vivenda protexida. O importe da axuda reforzase para menores de 36 anos: 20.000 euros fronte aos 16.000 euros para o resto. Axudas para a adquisición de vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes: ata 10.800 euros de axuda. Axuda para a adquisición de vivenda en centros históricos: ata 12.800 euros de axuda. O Aval Mozo: a Xunta avala o 20 por cento do custo total da vivenda a través de aval bancario. Bonificacións fiscais para a adquisición de vivenda por menores de 36 anos, tanto no imposto de transmisións onerosas como no acto de xurídicos documentados. Axudas para o alugueiro: Galicia conta cun programa de axudas propios de carácter xeral que inclúe vantaxes para colectivos específicos, entre os que se atopan os menores de 36 anos, e para o que se destinan 10 millóns de euros entre o ano 2024 e 2025. E o bono Emancípate, tamén, para os primeiros gastos do fogar, tanto en propiedade como en alugueiro, para o que se destinan 2 millóns de euros nos orzamentos 2025.

Todo iso co fin de fomentar a emancipación, porque os peores datos, señora Fernández, de emancipación foron no ano 2008 co Bipartito, que foi cando a Comunidade Autónoma de Galicia estaba no lugar quince respecto de todas as comunidades autónomas.

Mire, entre o ano 2021 e 2023, a Xunta concedeu axudas para o acceso á vivenda de preto de 55 millóns de euros, dos que 22 foron dirixidos a persoas menores de 36 anos. No mesmo período concedéronse axudas por preto de 8,5 millóns de euros para a adquisición de vivendas, dos que o 60 por cento do total foi destinado exclusivamente a menores de 36 anos; axudas que se manteñen no ano 2025.

En definitiva, a Xunta pon a vivenda no centro das súas políticas incrementando orzamentos, aumentando o parque público de vivenda e creando novas liñas de axudas. E pon especial atención na mocidade, facilitándolles o acceso á vivenda, co fin non só de investir no seu futuro, senón tamén co fin de contribuír ao seu fortalecemento e cohesión social, cultural e económica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda de peche para a autora da proposición non de lei.

Ten a palabra a señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Mire, precisamente onte, cando a compañeira Rodil denunciaba no debate da Lei de acompañamento a situación destes aloxamentos, o portavoz do Grupo Popular respondía traendo a este debate aquilo dos minipisos de Trujillo, e dicíanos ao BNG: ¿e vós que faciades?, ¿que faciades? ¿Sabem que faciamos dende o BNG? O BNG lideraba unha consellería de vivenda que creou as primeiras normas do hábitat que conseguiron subir as superficies mínimas nas vivendas dos 26 metros cadrados que establecía a Lei do Partido Popular do ano 1992 aos 40-45 metros cadrados. *(Aplausos.)* Iso era o que estaba facendo; unha norma pioneira que non tiña ningunha outra comunidade autónoma e que blindaba a posibilidade de que neste país se creasen minipisos. Iso era o que estaba facendo o BNG.

E hai que recordar que daquela era o Partido Popular, precisamente, quen se estaba aliñando con todos os intereses privados, que querían gañar máis metendo a xente en zulos. Pero foi tal o paso de calidade que se deu naquela altura co BNG á fronte desa consellería que cando o Partido Popular volveu ao Goberno con Feijóo non se atreveron a recuar esa norma; non de todo. Algún paso para atrás deron, por exemplo, no de dicir que as vivendas tiñan que poder ter salón, comedor e dormitorio todo xunto; niso que dicían un marabilloso «mini-loft», pero estou seguro de que ningún deputado de aquí quere durmir coa cama pegada á cociña, ¿verdade? Grazas a aquelas normas de habitabilidade en todo o que se construíu dende o ano 2007, non hai minipisos neste país. *(Aplausos.)* E o problema é que o que queren facer vostedes agora con isto dos aloxamentos dotacionais é a continuidade desa política de precarizar o contorno habitado.

Estamos de acordo coa creación deste instrumento dos aloxamentos dotacionais; o problema é que o copiaron mal. É que establecer superficies pequenas non quere dicir rebentar o actual marco legal e rebentar as superficies mínimas establecidas nas normas de habitabilidade, que é o queren facer vostedes con esta norma aprobada pola porta de atrás.

Ademais, hai unha indeterminación tremenda, e non especifican nada de como se van relacionar eses espazos privativos cos usos comúns. Vostede acaba de falar aquí de que pode haber algúns de 40 metros cadrados. ¿E cantos metros van ter os espazos comúns? ¿Cantos espazos comúns vai haber en relación co número de vivendas? Non sabemos nada. Vostede ten a cara de vir aquí anunciar en Santiago que se vai aprobar un aloxamento dotacional, cando non hai nin sequera normas para regular ese aloxamento. ¿Que van facer vostedes?, ¿o que lles dea a gana? É que ese é o problema. O que estamos dicindo nesta iniciativa é que se establezan criterios de deseño antes de que se faga ningún deses aloxamentos dotacionais para que non precaricen o contorno habitado.

E o problema de fondo é que o Partido Popular non entende as necesidades da mocidade: é que a mocidade pode ter fillos, é que a mocidade pode ter parella... É que a mocidade ten



necesidades de máis espazo porque non entran en 30 metros cadrados para desenvolver unha vida. Ese é o problema. Quizais vostedes entenden que o de ter fillos tarde desta xeración é un capricho e non unha consecuencia, precisamente, dos problemas na emancipación. O único proxecto de vida que entenden vostedes é primeiro estudar e despois traballar en traballos precarios, sen vida, e, para iso, claro, pois que 30 metros cadrados, cun salón compartido, cun comedor compartido, pois vale ata os 36 anos, (*Aplausos.*) e iso non é un proxecto de vida de calidade.

¿Son 30 metros cadrados ese planazo para ser pai e nai en Galiza? É que aínda sen ter fillos non son vivendas dignas.

Teñen a oportunidade de votar a favor desta iniciativa e de fixar criterios de deseño de calidade. Se votan en contra, van evidenciar que o único que queren é investir o menos posible...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...e que están dispostos a precarizar aínda máis unhas vidas precarias xa de por si da mocidade, que están atravesadas pola precariedade. Vostedes tamén queren precarizarlles os contornos nos que habitan. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereza Fraiz e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de habilitar os procedementos necesarios para as empresas poderen patrocinar a partir do 1 de xaneiro de 2025 actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda por parte dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Lara Méndez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir, na parte resolutiva da proposición non de lei, o seguinte texto:

<<2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

a) Diseñar un mapa territorial por toda a xeografía galega que chegue ao máximo número de concellos e cando menos a todas as comarcas galegas.

b) Facer unha distribución equitativa e igualitaria das actuacións de maior impacto por todo o territorio.



c) *Que o acceso aos distintos eventos sexan en igualdade de condicións.»)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formulala, ten a palabra don Borja Verea.

O señor VEEA FRAIZ: Grazas, presidenta.

Hai unhas semanas atopámonos todos cunhas declaracións do presidente do Goberno nas que dicía que non lle importaba gobernar sen o poder lexislativo, ¡que non lle importaba gobernar sen o poder lexislativo! Certo que foron ditas nun contexto dun acto de partido, onde todos —eu mesmo— podemos acalorarnos un pouco máis. Eu quero pensar, ademais, que foron ditas con certa frivolidade e con certa inconsciencia, pola brutal carga de profundidade que teñen unhas declaracións así.

Eu recoñezo que quedo máis tranquilo crendo que foi unha frívola e acalorada inconsciencia, porque pensar o contrario sería terrible. É certo que despois quedei pensando, máis como curiosidade como xurista ou académica: ¿pódese gobernar sen o poder lexislativo? É certo que despois de conseguir a investidura un pode estar catro anos sen facer nada ata que haxa —se hai— unha moción de censura. É legal e constitucional, pero moitas veces o legal e constitucional tamén constrúe monstros xurídicos e políticos.

Gobernar é sobre todo —creo que estaremos todos de acordo— solucionar problemas desde diferentes perspectivas ideolóxicas, pero os orzamentos son un dos grandes instrumentos que solucionan problemas.

Hai un consenso total en que o Xacobeo 2027 sexa declarado evento de excepcional interese público, pero non o é. ¿E por que non o é a día de hoxe? Porque non hai orzamentos. Tradicionalmente esta declaración viña incorporada ás disposicións da Lei de orzamentos, neste caso na Lei de orzamentos do ano 2025. E, ¿por que é importante esta declaración? ¿Por que esta declaración é tan importante e seguimos insistindo e reivindicando que se leve a cabo? Porque permite poñer en marcha os incentivos fiscais de apoio ao Xacobeo e, polo tanto, abre a porta a facilitar a colaboración público-privada. Poñamos un exemplo, cifras concretas: no anterior Xacobeo este instrumento permitiu poñer á disposición de todos os galegos 28 millóns de euros, que puxeron á disposición de todos os galegos arredor de 40 empresas, de 40 operadores económicos, que axudaron a que o Xacobeo fose un éxito. Por tanto, o sector privado puxo á disposición de todos os galegos fondos grazas a esta declaración. Hoxe sen orzamentos, hoxe sen esta declaración, estes fondos están en perigo, corren risco. Polo tanto, claro que é importante esta declaración.

Por iso buscamos hoxe aquí unanimidade, buscamos unanimidade para mandar unha mensaxe sólida, para mandar unha mensaxe sen fisuras dende Galicia de que se faga canto antes esta declaración; unanimidade política, porque este é un órgano sobre todo de deliberación política, de marcar a axenda política. Estou convencido ademais de que existe esa unidade. Xa quedou demostrado noutros momentos. Pero, por exemplo, o 1 de xullo o Consello Xacobeo, que está presidido por un ministro de Sumar dentro dun goberno do Partido Socialista, o ministro de Cultura, acordou solicitar esta declaración para o Xacobeo 2027.



Por iso digo que esta unidade creo que xa existe e que é de sentido común, porque podemos facer a pregunta ao revés: ¿quen pode estar en contra desta declaración? Loxicamente, non somos tan inocentes de pensar que vai haber orzamentos para que haxa esta declaración. Nin imos perder o tempo nin imos ser tan inocentes. Pero antes dicía que tradicionalmente esta declaración ía no orzamento, pero non ten por que; non ten por que ir na Lei de orzamentos, pode ir nunha lei independente ou incluso como unha disposición doutra lei que se estea tramitando nas Cortes Xerais. Polo tanto, hai solución; sen orzamentos, hai solución. E, como dicía antes, gobernar é buscar solucións. Estas solucións, claro que si, teñen que vir obrigatoriamente moitas veces desa colaboración entre o poder executivo e o poder lexislativo.

Gobernar sen orzamentos é legal, gobernar sen orzamentos é constitucional, pero hai unha irresponsabilidade. Polo tanto, este grupo parlamentario o que quere é mandar unha imaxe de unidade deste Parlamento de Galicia. ¿Por que? Pois para que esa irresponsabilidade non teña consecuencias negativas nos intereses de todos os galegos. E non declarar evento de excepcional interese público o Xacobeo 2027 está tendo xa e terá consecuencias negativas para Galicia.

Esa terrible afirmación da que falaba ao comezo de que se pode gobernar sen o lexislativo e que eu persoalmente desexo —así o digo— que fose unha acalorada frivolidade inconsciente deixa de selo cando ten efectos negativos en todos os galegos. Este órgano o que ten que facer é defender os intereses de todos os galegos.

Hai tempo, pero é urxente; hai tempo, pero é urxente. Polo tanto, este grupo parlamentario o que quere pedir hoxe aquí é esa unidade, que activemos todos os mecanismos legais, que activemos todos os mecanismos políticos e que activemos todos os mecanismos parlamentarios para que a Declaración de excepcional interese público do Xacobeo 2027 sexa unha realidade canto antes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Por parte do Partido Socialista, ¿a señora Méndez?

No guión non aparecen as persoas que levan as proposicións do Partido Socialista. Non sei se foi un erro ou unha omisión, por iso pregunto e me dirixo a vostedes para que mo digan no momento.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Vou iniciar contextualizando un pouco. O pasado mes de maio, na Comisión 6ª deste mesmo ano, aprobamos por unanimidade instar o Goberno central para acadar esa declaración para o Ano Xacobeo 2027 como acontecemento de excepcional interese público. O Pleno do Consello Xacobeo, en xullo deste mesmo ano, aprobaba solicitar ao Ministerio de Cultura a dita declaración para este Ano Xacobeo. O Ministerio, ademais, xa adquiriu o compromiso de



promover esta AIP, que abrangue dende o 1 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2027. No propio borrador da Lei de orzamentos xerais do Estado así se comprometía o ministro.

E temía, señor Vereza, que ían falar de orzamentos, de orzamentos do Goberno central, e que isto non era máis que a desculpa para poder falar diso. A verdade é que me sorprende que falase tamén do noso partido, dos nosos congresos, das verbas que alí se falan e se din. Porque, mire, se alguén sabe gobernar sen apoio do lexislativo, ese é o señor M. Rajoy; para que todos nos entendamos, do señor Mariano Rajoy, que parece que nos despistamos sempre un pouco, porque estivo anos —janos!— sen orzamentos.

Decía que temía que ía falar vostede dos orzamentos porque xa o poñen na propia exposición de motivos falando de «incompetencia do Goberno central» —iso din vostedes—. Porque, ademais, se hai unanimidade en solicitalo —como xa ten o respaldo de todos os grupos políticos na Comisión— e como o propio conselleiro xa aproveitou ese foro para comentalo alí, incluso podería xa desde a Consellería solicitalo de oficio. Pero non, tráeno aquí porque o realmente importante non é acadar esta finalidade por parte do Partido Popular, o importante por parte do Partido Popular é debater sobre os orzamentos do Estado. E voulle dicir xa unha cousa de antemán: nós ímola votar a favor, como xa fixemos na propia Comisión; iso si, facemos unha emenda de engádega, que creo que tamén é importante —e falarei despois diso—. Porque hai unha realidade no Goberno de España, hai unha pluralidade importante que dificulta moitas veces chegar a acordos coas distintas sensibilidades políticas. Claro que é certo que vostedes disto tampouco saben moito porque só son capaces de chegar a acordos con Vox. Esta é a realidade do Partido Popular. E, claro, tamén xa sabemos que cando chegan a eses acordos con Vox acaban como acaban, e estámolo vendo.

Incluso tamén poderían facer vostedes un exercicio de intentar dialogar co Goberno, de sentar co Goberno, e tender a man para poder aprobar uns orzamentos que nós seguimos defendendo que son un instrumento importantísimo. E nós, ademais, así o facemos. Na propia Comunidade Valenciana o Partido Socialista ofreceuse a tender a man ao Partido Popular para sacar adiante uns orzamentos nun momento moi complicado desa comunidade autónoma. Eu mesma, sendo alcaldesa, sentei co portavoz do Partido Popular para poder acadar uns orzamentos no meu primeiro ano de mandato, e incluso tiñamos xa un inicio de acordo. ¿Que pasou? Que largaron o portavoz do Partido Popular do Concello e só o deixaron aquí, nesta sede parlamentaria. Pois esa é a vontade do Partido Popular.

E, ademais, poderíamos —como digo— seguir apoiando outro tipo de iniciativas como este acontecemento importante, pero tamén seguir incrementando a gratuidade da AP-9, ou máis fondos europeos —iso si, hai que executalos, despois non se poden devolver como os 22 millóns de euros que se devolveron nas garderías—, co obxectivo de seguir mellorando Galicia. Pero prefiren a confrontación permanente; ese é o seu *modus operandi*, é a forma que ten o Partido Popular, porque a finalidade non é pensar en Galicia. Así que pois, nada, a outra cousa.

Ben, seguimos co tema. A década dos oitenta foi crucial para entender a evolución do Camiño Primitivo: no 1985 coa declaración de Santiago como cidade Patrimonio, no 1987 o propio Camiño de Santiago foi declarado como primeiro itinerario cultural europeo. E a Xunta Xa-



cobea empezou a revitalizarse e tivo un punto de inflexión no ano 1993 —época xa do señor Fraga, aquel que estaba sentado á dereita do ditador—. (*Murmurios.*) Este punto de inflexión foi importante para Galicia, xerando todo un ecosistema en torno ao Camiño de Santiago... (*Murmurios.*) Parece que lles molesta, pero é a realidade. Vaian á hemeroteca... (*Murmurios.*) Incluso os que temos xa certa idade...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...o temos na retina e na cabeza... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Señora Méndez...,

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...e xa non temos nin que tirar da hemeroteca...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Señora Méndez, un momentíño, por favor. (*Murmurios.*)

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...porque esta é a realidade. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Un momentíño. Ímoslle parar o tempo.

Non é que moleste, é que vostede retirou ese concepto noutro debate porque xa fora obxecto da dita discusión. E retirouno da orde do día. Non sei se hoxe quere volver facer o mesmo.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Non, porque non dixen... Non sei se se me escoitou...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Si, perfectamente.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Dixen que o señor Fraga estaba sentado á dereita do ditador.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Exactamente. E puntualizouse que, cando se empregou ese concepto de «ditador que ditaba», vostede estaba de acordo nese debate con que se retirara. (*Protestas.*) (*Murmurios.*)

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Non, non; non o retirei eu. (*Protestas.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Bueno, vostede siga, que teño a facultade para retiralo, concretamente, se considero que non... (*Protestas.*) (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Xa empezamos outra vez! ¡Señora Prado!

(*A señora Prado Cores: ¿Pero Franco non era un ditador?*)

¡Pero non está falando de Franco, señora Prado! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡É que precisamente...!

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ¿É que Franco non era un ditador, señora Candia?



A señora PRESIDENTA (Candía López): Precisamente...

Ben, imos continuar. Entendo que non o retira, ¿non?

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Non, non; é dicir, Franco...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Vale. Perfecto.

Continúe co debate, por favor.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Pero, a ver, unha pregunta, porque, ao mellor, son eu a despistada e se cadra a idade xa me empeza a pasar mala factura tamén; ao mellor xa empezo con Alzheimer: ¿Franco era un ditador, si ou non? (*Aplausos.*) Eu dirixinme a Franco agora. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

¿Continúo? ¿Sento? (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Bueno, vostede pode facer o que considere. Eu interrompínle o prazo, fíxenlle unha pregunta, vostede contestou e volvinlle poñer o prazo que lle dixen que podía continuar. Vostede ten liberdade para facer o que queira, ¡eh!

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Pois continuamos logo.

Despois daquel ano 1993, cando o señor Fraga puxo en marcha esta cuestión —xa non vou dicir onde estaba sentado anos ha, para non entrar en máis polémica—, a realidade é que tres décadas máis tarde —trinta anos máis tarde—, nada, seguimos só co Camiño de Santiago como o único eixo estratéxico da política turística da Xunta de Galicia. E é certo que, ademais, poucos produtos turísticos aúnan un catálogo diverso de experiencias na mesma viaxe, que ademais son capaces de atraer perfís moi heteroxéneos e moi distintos e incluso poden interaccionar coa poboación local, inclusive tamén —e isto é importante— en aras de buscar esa convivencia. Pero nin é nin ten que ser o único produto que ten a Xunta de Galicia no eido turístico; pódese crear outro itinerario cultural europeo, porque sabemos do éxito do Camiño. Xeremos outro, e podemos facelo en torno ao noso pasado romano. Aí, evidentemente, a cidade de Lugo ten moito que dicir, e podemos —xa digo— vinculalo a eses vestixios atopados en toda Galicia, incluso coas propias vías romanas.

Pero, claro, con este compromiso do Partido Popular mal imos, porque si que é certo que, por primeira vez na historia dos dezaseis últimos orzamentos do Partido Popular, se aceptou unha emenda para dedicarlle orzamento ao Museo da Romanización, pero eu creo —fíxense, señorías do Partido Popular— que se fixo máis para evitar poñerse colorado ante a cidadanía lucense, despois de ter rexeitado este proxecto dende o ano 2013. Porque terían que dar explicacións de por que para a Igrexa, si, xa que hai 3,5 millóns de euros para a capela dos Ollos Grandes, pero para o pobo non hai nada —para o Museo da Romanización—, (*Aplausos.*) a pesar de que posúe un BIC e un compromiso adquirido pola Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Porque, si, para o pazo de Lourizán hai un investimento de 17 millóns de euros, dende o 2025 ao 2027, e para o Museo da Romanización, só medio millón de euros, sen saber da



continuidade, a pesar —como digo— de ser un BIC. A Xunta de Galicia está instalada na in-mobilidade e —como dicía— tres décadas despois, nada de nada.

Por iso, nós presentamos esta emenda, que suma. Nós sempre dixemos que o Camiño é un eixo turístico importante, pero non debe ser o único; agora, iso si, non pode ser un instru-mento do Partido Popular para facer concertos arbitrarios, discrecionais, partidistas e clien-telares, como adoita facer o Partido Popular. Por iso, queremos que se faga con criterios obxectivos, en todo o territorio e en igualdade de condicións. Tampouco é lóxico que a 20 quilómetros de Lugo se poida ir a un concerto de balde...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...e os lucenses —finalizo, presidenta— teñamos que pagar 12 euros para ir a un concerto do Xacobeo. Non é lóxico que, na Mariña lucense, Xove, Cervo e Mondoñedo, do PP, teñan concertos e a Viveiro se lle camufle dentro do festival do Resu-rrection, porque, ademais, hai que pagar para poder ver un concerto patrocinado pola Xunta de Galicia. Iso é o que temos que evitar.

Por iso entendo que o Partido Popular aceptará esta emenda, porque, se non, terá que darlle explicacións á cidadanía de por que queren seguir con esa política clientelar, partidista, dis-crecional e arbitraria.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto. *(Pausa.)* O señor Ojea renuncia ao uso da palabra.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra don Daniel Pérez.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Cóidese dese asesoramento in situ, señor Vereá.

Presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Esta iniciativa do Partido Popular versa —atendan— sobre o Ano Santo Xacobeo, sobre o Camiño de Santiago e sobre patrocinadores privados do Xacobeo; tamén sobre a Declaración do Ano Santo Xacobeo 2027 como un acontecemento excepcional de interese público. ¿E para que esa declaración? Para explicalo dun xeito resumido: para favorecer a posta en marcha dun programa específico de beneficios fiscais ás empresas patrocinadoras. Recapitulo: Ano Santo Xacobeo, Camiño de Santiago, empresas, colaboración público-privada, beneficios fiscais; ou sexa, todo isto para o BNG —segundo o relato reiterado e continuo que o Partido Popular intenta transmitir neste hemiciclo e tamén nas comisións— sería como ensinarlle unha cruz a un vampiro ou como colgarlle no cuello unhas cabezas de allo; a un vampiro



nacionalista, iso si, claro. Pois —atendan— imos votar a favor... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tranquilo, que agora estou eu no uso da palabra, non vostede, así que... (*Aplausos.*)

E imos votar a favor, como xa o fixemos cando trouxeron vostedes esta iniciativa ao Parlamento no relativo ao Xacobeo 2021-2022 —como seguramente vostede recorda—, e como tamén o fixemos, efectivamente, na Comisión do mes de xullo. Até estamos de acordo en parte co que vostedes recollen na parte expositiva: con que o Xacobeo ten un grande impacto cultural, social e económico; aínda que para nós é preciso redefinir dunha maneira certa os seus obxectivos turísticos e culturais. Non estamos tanto de acordo en que o Camiño de Santiago é unha experiencia de espiritualidade e fe, porque non é só iso; porque para nós, para o BNG, esa visión é limitante, xa que o Camiño constitúe unha experiencia turística de primeira orde. E como parte fundamental da actividade turística do noso país, respectando sempre esa vertente espiritual, debe planificarse desde unha perspectiva científica, con análise de datos, para evitar a banalización dos itinerarios e reequilibrar o peso dos diferentes camiños.

Polo que no BNG, señoras e señores do Grupo Popular, sabemos do peso do turismo no produto interior bruto galego e, polo tanto, da importancia da actividade turística na economía galega, pero o que defendemos é unha redefinición do modelo e da estratexia turística da Galiza para, precisamente, reequilibrar demográfica, territorial e produtivamente o noso país, para profesionalizar e revalorizar o sector e facelo máis competitivo e para avanzar cara a un turismo sustentable, adaptámonos de maneira real á Declaración de Glasgow contra o cambio climático. O posicionamento do BNG no relativo ao turismo é, polo tanto, claro e coherente; sabemos da importancia da actividade turística, cremos nas potencialidades inmensas que ten o noso país neste campo, pero defendemos unha redefinición do modelo que instaurou o Goberno galego do Partido Popular; unha redefinición que, ademais, servirá como ferramenta para profesionalizar o sector e que terá como obxectivo principal a xeración de valor, baseada —e non nos imos cansar de repetilo— en criterios de calidade fronte aos de cantidade, facendo unha decantación do perfil turístico que sexa máis rendible, social, medioambiental e, por suposto, economicamente. Porque só así se poderá abordar dun xeito serio e se poderán evitar problemas innegables que ten este modelo de sobrecarga en determinados espazos naturais e urbanos. Porque nós, á diferenza de vostedes, non negamos as externalidades negativas do modelo actual que lastran o crecemento da actividade e que mesmo condicionan o futuro do sector.

É o Partido Popular o que non é coherente e entra en contradicións máis evidentes. Na parte expositiva desta mesma iniciativa son patentes esas contradicións porque, por un lado, falan da importancia da promoción do Camiño de Santiago —leo textualmente— «un Patrimonio mundial que une a milleiros de peregrinos de diversas culturas e orixes», e coincidimos nisto, claro que si. Pero son vostedes os que están a dinamitar a principal etiqueta promocional do Camiño de Santiago, a súa declaración como Patrimonio Mundial da Humanidade, porque Altri —esa macrocelulosa que o Goberno galego pretende instalar na Ulloa— constitúe unha auténtica bomba atómica para o Camiño de Santiago. Instalar Altri a un quilómetro da principal vía de peregrinación que teñen os Camiños de Santiago, que é o Camiño Francés ao seu paso por Palas de Rei, «constituye una auténtica bomba atómica». E léoo en



castelán porque ¿saben quen di isto? Pois entidades como o Camiño Francés Federación, a Fraternidade Internacional do Camiño de Santiago ou Agalber, a Asociación de Albergues Privados de Galiza, entre moitas outras entidades, que tamén recordan —e tamén é curioso— que a catalogación do Camiño como ben cultural incluído na lista do Patrimonio Mundial pola UNESCO exige a súa protección. E por iso lles estraña que no proxecto de Altri non se faga referencia aos detalles do Plan director dos Camiños de Santiago de Galiza do 2022 ao 2027, onde se destaca —e leo textualmente—: «O Camiño Francés require esforzos, sobre todo na integración da industria dispersa, que representa unha afección negativa para o ben». ¿E logo Altri non vai ser unha afección negativa para o Camiño de Santiago? ¿De verdade que me están dicindo iso?

Son vostedes, señoras e señores do Partido Popular, uns auténticos fariseos, porque teñen o tremendo [...] de falar da importancia do Camiño como patrimonio mundial ao tempo que defenden un proxecto que supón a estocada final para os itinerarios máis importantes e históricos, como é o Camiño Francés. (*Aplausos.*) ¡E dálles igual! Dálles igual que o Icomos, que é o encargado de avaliar as candidaturas á lista do patrimonio mundial, poida emitir un informe negativo que mova o Camiño de Santiago ao inventario de patrimonio en perigo; con todo o que iso supón de impacto cultural, promocional e, por suposto, tamén económico, pero dálles exactamente igual.

Teñen unha folla de ruta perfectamente marcada ao servizo das grandes empresas e dos seus intereses, que para nada son coincidentes cos dos galegos e cos das galegas. Están dispostos a cumprila a toda costa, sen escoitar o Consello da Cultura, sen escoitar as máis de trinta entidades e asociacións, como Agalber, a Fraternidade Internacional do Camiño ou o Camiño Francés Federación, entre moitas outras, que son, ademais, pouco sospeitosas —coincidirán comigo polo menos nisto— de ser perigosos entes instrumentais do nacionalismo radical; sen escoitar —iso si que é verdadeiramente grave— os veciños e as veciñas da Ulloa; e sen escoitar as máis de 100.000 persoas —que se di pronto, ¡100.000 persoas!— que o domingo pasado colapsaron Santiago de Compostela nun exercicio de dignidade e de amor por esta terra e pola súa xente. (*Aplausos.*) E esas 100.000 persoas —mal que me pese— non son todas do BNG, porque o domingo vin en Santiago moita xente que estou seguro de que foi votante do Partido Popular. E digo foi, porque, ao igual que todos os que estivemos alí e moitos máis que non puideron estar pero que seguramente querían, séntense traizoados polo Goberno galego, e non llo van perdoar, porque Altri supón unha traizón para Galiza e vostedes cargarán con iso para sempre. E supón, ademais, dinamitar o Camiño Francés, algo que lles preocupa moitísimo. Traizón e fariseísmo, iso é o Partido Popular.

Pero vostedes con esta iniciativa amosan unha terceira cousa: que pouco lles importan as empresas patrocinadoras do Xacobeo e as súas desgravacións, porque o que pretenden con esta iniciativa, señor Vereza, está condensado no parágrafo xustamente anterior á parte resolutiva, que di: «Rematado o ano 2025, o Goberno central aínda non ten presentado o Proxecto de orzamentos xerais do Estado». Tantas voltas, para dicir que o Goberno galego ten orzamentos —outra cousa que, por certo, é ben complicada, sobre todo tendo maioría absoluta; e dicímosllelo nós, que somos de Carballo e de maiorías tamén sabemos bastante— e que o Goberno central aínda non o ten pola súa incompetencia. *Fin de la cita.* Esta iniciativa



fíxose única e exclusivamente para isto. As desgravacións das empresas patrocinadoras eu creo que lles importan bastante pouco.

Pero por respecto a esas empresas que queren patrocinar actividades turísticas e beneficiarse de desgravacións fiscais por esa declaración do Xacobeo como acontecemento de excepcional interese público, apoiaremos esta iniciativa. E o Goberno do Estado que poña as pilas e que busque e articule as medidas para que sexa posible.

Nada máis pola miña parte. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de peche para o autor da proposición.

O señor VERA FRAIZ: Grazas, presidenta.

A industria turística en Galicia funciona. Temos un modelo de éxito que é froito, precisamente, desa colaboración público-privada; un modelo cen por cento galego, que ten como eixo a posta en valor de recursos propios como a natureza, o litoral, o patrimonio, o termalismo, o Camiño e o Xacobeo. Como digo, un modelo turístico cen por cento galego, ecolóxico, rexenerador e que socializa a riqueza; que, ademais, mes a mes, dato a dato, segue demostrando que estas políticas funcionan, porque se ve que se incide na calidade e non na cantidade. Vemos como se incrementaron as tarifas, o valor engadido e incluso o turismo estranxeiro.

Señora Méndez, vostede fala de 1975. En 1975 eu non nacera nin estaba en previsión. Falei coa casa e os meus pais non eran nin mozos. ¡1975! *(Murmurios.)* Eu voulle falar dun problema de hoxe, importante, porque gobernar é solucionar problemas. ¿A quen se lle ocorre ter que pedir 50 datos para facer un *check-in* nun hotel? ¿A quen se lle ocorre, en 2024, no século XXI, cando teñen o Ministerio de Facenda, a Seguridade Social e o Ministerio de Interior toda a información? *(Aplausos.)* Eu, con toda sinceridade, fágolle un pedimento para que fale cos seus compañeiros do Ministerio, da Secretaría de Estado, da Dirección Xeral e da Subdirección Xeral, porque estou convencido de que é un erro. Ás veces pasa; é un corta e pega que vai pasando os filtros, do que ninguén se dá conta e chegamos a esta barbaridade que ninguén entende de ter que pedir 50 datos para facer un *check-in* en Galicia no 2024, no século XXI. De verdade, falen cos seus compañeiros. Eu estou convencido — como acabo de dicir — de que isto ten que ser un erro e de que ten que solucionarse canto antes, porque está xerando problemas moi importantes hoxe na industria, na industria turística galega.

Nós o que queremos — dicíao na primeira intervención — é mandar unha mensaxe de unidade, unha mensaxe sólida e unha mensaxe sen fisuras. Agradezo o apoio do BNG, e con ese obxectivo de conseguir esa unidade imos aceptar a emenda de adición. ¿Por que? Porque o que están propoñendo aí nesa emenda de adición xa o estamos facendo. Cada un deses tres parágrafos que propoñen xa son as políticas que está facendo a Xunta de Galicia na posta e execución do Xacobeo. Polo tanto, para nós o que é importante é mandar esa mensaxe clara,



esa mensaxe de unidade, de que non se pode perder esta oportunidade. Hai solución —xa o dixemos—, non ten por que ser na Lei de orzamentos. E, polo tanto, o que queremos todos —estou convencido— é que canto antes se faga esa declaración e o Xacobeo 2027 volva ser un éxito de todos os galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Vereas.

Entendo que queda aceptada a emenda de adición.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o incremento das contías percibidas polas familias nos programas de acollemento familiar e outras medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto destes programas

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Raquel Arias.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

- 1. Aumentar as contías compensatorias que perciben as familias acolledoras por crianza, para que se vaian achegando de xeito progresivo aos cálculos do Observatorio de Dinamización Demográfica de Galicia.*
- 2. Incrementar a partida orzamentaria de 2025 para os programas de acollemento familiar que se levan a cabo en Galicia, fomentando este tipo de acollemento fronte á estadía dos menores en centros residenciais.*
- 3. Favorecer a presenza dun amplo banco de familias acolledoras a través do fomento dos programas de acollemento familiar, priorizando a todos os nenos e nenas menores de 3 anos».)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para defendela e por un tempo de oito minutos, ten a palabra dona Ariadna Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidenta.



Señorías, bos días a todos e a todas.

Dicíame meu avó, cando eu tiña un desgusto de pequena: «Corre queridiña, corre». Abría os brazos cara á min e collíame no colo, e continuaba dicindo: «Aquí, no meu colo, non che vai pasar nunca nada». Eu nunca me sentín —nunca— tan protexida coma no colo de miña nai, de miña tía ou de meu avó, e agardo que vostedes tivesen a mesma sorte cando eran nenos e nenas. Porque xa di unha copla, unha canción tradicional galega: «Non hai acougo coma o do colo, non hai remedio coma o dos bicos, non hai menciña coma as palabras para sanar corazóns feridos». Porque no colo cúrase o medo, no colo cúrase a tristura e o abandono, no colo sanda a soidade e a angustia e no colo pasa o desapego.

Por iso, señorías do PP, preguntolles: ¿queren vostedes, todas e todos, que os meniños e meniñas, os rapaces e rapazas e os adolescentes galegos teñan un lugar no que sentirse seguros e onde resgardarse, si ou non? A resposta é fácil, a resposta queda clarificada en parte nas emendas que presentaron e que xa enviaron para sacarlle todo tipo de compromiso real; para converter esta iniciativa nun nin frío nin calor, cero graos, e para que sigamos deixando vítimas no camiño. E todo aquel e toda aquela que é unha vítima debe ser respectada, pero cando máis hai que respectalos é se as vítimas son nenos e nenas e se son adolescentes. Aí é onde deberíamos reflexionar e poñernos ao seu carón —non en fronte, ao seu carón—, sobre todo nos casos dos máis vulnerables. Porque se hai crianzas vulnerables neste país son aquelas que non poden estar a tempo completo ou de xeito temporal coa súa familia de orixe; son aquelas que quedan baixo a garda da Administración e que son —recordo— responsabilidade de todas e todos nós, en especial do Goberno galego.

Segundo os datos da Xunta de Galiza do 31 de decembro de 2022 —non os teño máis recentes porque non os debe haber—, había naquel momento neste país 1.767 nenos, nenas e adolescentes baixo a súa protección; dos cales, 745 vivían en centros residenciais de menores, baixando xa naquel momento o acollemento familiar un 3 por cento, que é unha pésima nova, sabendo que neste país hai moitos menores de 6 anos que están institucionalizados. Menores de seis anos que, segundo as propias asociacións contan, saben que non poden chorar porque non hai ninguén que os colla no colo. Deses 745, 41 tiñan menos de 3 anos e os outros 40 tiñan entre 3 e 6. Repito, os datos son de 2022, porque o resto non nolos dan. Se hoxe marchan sen aclaralos, dou por feito —damos, dende o BNG, por feito— que os queren agochar.

No 2015, adoptouse un acordo estatal, no que todos os partidos políticos estaban de acordo —valla a redundancia—, polo cal eses nenos menores de 6 anos deberan ser desinstitucionalizados, deberan estar en familias de acollida. Ese acordo incumpríuse sistematicamente dende aquela e volveuse firmar no 2022, pero os datos xa lles fan pasar vergonza porque é que os nenos institucionalizados de menos de 6 anos aumentan.

Contéstennos, entón, señorías do PP, preguntámoslles: ¿como pode ser que haxa familias de acollida dispostas a ter consigo no seu fogar un neno, unha nena ou un adolescente e continúe a haber menores de 6 anos institucionalizados? ¿Como pode ser que estea ocorrendo isto no noso país? ¿Cantos menores de 6 anos están en centros residenciais de menores agora mesmo? ¿Cantas familias de acollida están agardando por eses menores? A



pregunta é: ¿e se son vostedes, señorías, quen lles están quitando a oportunidade de ter un apoio e unha crianza segura? ¿E se son vostedes os que lles negan unha familia? Porque a pregunta xa non é pregunta. Baseándonos nos datos, confirmámolo: son vostedes. Porque vostedes, se quixesen traballar no futuro destas crianzas, apoiarían, valorarían e fomentaría o acollemento familiar; facilitaríanlles o labor a estas familias que están dando o mellor de si por empatía, por pura empatía e conciencia, que é o que deberíamos ter todos e todas. Apoiaríanas, daríanlles un pulo aos programas de acollemento temporal e urxente, revisarían as súas prácticas nos pasos dende o acollemento familiar ata a adopción. Porque os nenos e nenas non son só trámites administrativos, os nenos e as nenas non son maletas; son persoas que merecen ser escoitadas máis alá do Día da Infancia, moito máis alá do Día da Infancia.

E hoxe aquí está nas súas mans que as familias de acollida reciban contías compensatorias dignas para a crianza deses menores dos que se responsabilizan, aos que se lles ofrece un fogar e todo o que vén dado con ese fogar, para que teñan unha vida o máis parecida á normal posible. Iso é o que votamos hoxe aquí. Votamos que as contías que perciben esas familias de acollida sexan xustas e se igualen aos custos de crianza dun neno ou dunha nena deste país que deu o Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza. Neles, neses estudos, neses datos, exponse que o custo dunha crianza na actualidade é, de media, no noso país, de 630 euros; aumentou —bastante máis que a inflación, por certo— ata un 14,5 por cento. En ningún tramo de idade as familias acolledoras reciben nada parecido a eses 630 euros, nada parecido, de maneira que isto non está sendo xusto, e está claro. E isto é a súa responsabilidade, porque eu destes datos dou por feito que están maltratando a quen o fai ben, están maltratando economicamente as familias de acollida, ou eu non o entendo doutro xeito.

Dende o BNG pedimos tres cousas básicas, cuxa votación en contra non terá a máis absoluta xustificación: pedimos que as contías se adapten no caso das familias acolledoras aos datos proporcionados polo Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza, pedimos duplicar a partida orzamentaria para os programas de acollemento familiar, porque é o xusto, e pedimos que se apoie un banco de familias acolledoras amplo, co que isto implica, para que ningún neno menor de 3 e 6 anos estea institucionalizado, para que poidan chorar e alguén os escolla no colo. Queremos datas, prazos e compromiso orzamentario, polos nenos, polas nenas e por todos aqueles adolescentes que están nesta situación. De non ser así, non chegaremos a ningún acordo. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

En primeiro lugar, quero agradecer e recoñecer o seu traballo ás máis de mil familias acolledoras que temos en Galicia. Porque falar de familias acolledoras é falar de xenerosidade e



de entrega, de compromiso social; falar sobre todo de oportunidades para nenos e adolescentes que, estando en situación de vulnerabilidade, atopan un fogar cheo de coidados, de protección e estabilidade. Ese colo do que falaba a señora Ariadna, para que eses menores fortalezan o seu desenvolvemento integral.

O acollemento familiar é a opción ideal para os menores tutelados. E por esta razón a Comunidade Autónoma de Galicia fomenta de forma prioritaria, e hai que dicir que con éxito, o acollemento familiar de protección dos nenos, nenas e adolescentes que forman parte do sistema de protección, tal como o demostran os datos oficiais. E faino co incremento de orzamentos, coa acción directa e tamén coa posta en marcha nos últimos anos de programas pioneiros, como o Programa de acollemento posto en marcha por Aldeas Infantís ou os convenios de colaboración anual coa Asociación Galega de Familias Acolledoras Acougo ou coa entidade Manaia.

E se falamos de datos, de datos de acollementos por comunidades, hai que ter en conta o seguinte: en Galicia, case o cincuenta e oito por cento dos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección viven cunha familia grazas aos programas impulsados pola Xunta de Galicia. En Galicia —repito—, case o cincuenta e oito por cento destes menores viven cunha familia acolledora, fronte ao 51,6 por cento de media en España, seis puntos máis en Galicia que en España. Pero se falamos de comunidades concretas, e, por exemplo, falamos de Cataluña, hai que dicir que os menores que viven con familias acolledoras é do 42 por cento, é dicir, dezaseis puntos menos que en Galicia; no País Vasco é do 36 por cento, o que supón vinte e dous puntos menos que en Galicia. E estes datos o que reflicten é que Galicia é actualmente, cos últimos datos dispoñibles, a sexta comunidade autónoma con mellores datos de acollemento familiar de toda España —tan mal non o estaremos facendo—, é a sexta comunidade autónoma onde o peso do acollemento residencial é menor. En todo caso, nin o PP nin a Xunta de Galicia se conforman con este obxectivo; o obxectivo é seguir mellorando as cifras.

O compromiso da Xunta vese ano a ano reflectido en orzamentos e en programas, e vese unha vez máis este ano cun incremento extraordinario. Cabe dicir que dende o ano 2020 ao 2025 se incrementaron nun 88 por cento os orzamentos dedicados a acollemento familiar. Señora Ariadna, xa se duplicou; é o que vostede está pedindo, xa está duplicado respecto do ano 2020. Pero é que en Galicia todas as familias acolledoras reciben a compensación económica mensual, todas, tanto se é unha familia extensa como unha familia allea. E isto, que parece normal e que parece obvio, non é así, porque noutras comunidades autónomas non se fai. Pero non é así porque vostedes mesmos cando gobernaban no Bipartito non lles aportaban nada ás familias que eran familia extensa. ¿Vostedes estaban entón maltratando esas familias e eses menores, señora Ariadna? Contésteme vostede. Porque nós, o Goberno da Xunta de Galicia, si lles paga a todas as familias acolledoras. (*Aplausos.*)

E vostedes piden que se incrementen as axudas mensuais, as compensacións mensuais a esas familias. E nós estamos de acordo, e, de feito, xa se están incrementando e volveranse incrementar no ano 2025. Pero nós estamos de acordo en seguilas incrementando, e por iso presentamos esa emenda con datos reais e que se poden levar a cabo, para que se siga aumentando ata achegarse ao custo do que fala o Observatorio de Dinamización Demográfica.



Pero hai que ter en conta que a axuda que reciben as familias acolledoras non é só a compensación mensual, hai que sumar outras axudas, como os programas de gastos extraordinarios que aboa a Xunta de Galicia para estes menores, como son o gasto en gafas, en dentistas, en terapias psicolóxicas etcétera. As axudas para libros de texto, que teñen a máxima axuda que poden ter dentro dese curso mentres fan o ensino obrigatorio, e os comedores escolares, da mesma maneira, son gratuítos naqueles comedores da Xunta de Galicia para os nenos que están acollidos en familias de acollida. As prestacións por maternidade e paternidade, onde o acollemento familiar de nenas e nenos cunha duración superior a un ano dá dereito a percibir prestacións de maternidade e paternidade da Seguridade Social, ou os acollementos especiais, con aportacións especiais para aqueles nenos e nenas que teñen necesidades especiais, así como o apoio técnico. Todas estas son axudas que se veñen sumar ás aportacións económicas mensuais, e outros beneficios dos que dispoñen as familias acolledoras en Galicia, de forma especial, como as deducións fiscais, 300 euros por cada neno acollido. Ou o recoñecemento de familia de especial consideración, co cal van ter preferencias para determinados ámbitos como a vivenda, a educación, o transporte. Ou familias numerosas, o certificado de familias numerosas, porque os nenos e nenas acollidos durante máis dun ano computan como fillo á hora de facer o cómputo de familias numerosas, de ter ese carné de familia numerosa. Prioridade no acceso ás escolas infantís; antes eran gratuítas, agora Galicia é a única comunidade de toda España que ten as escolas gratuítas para todos os nenos de 0 a 3 anos —vaian á escola que vaian—, e entón tamén para estes, pero teñen unha prioridade ao acceso, para que poidan acceder a elas. Tamén as residencias de tempo libre da Xunta de Galicia, tendo prioridade no acceso e tendo descontos especiais no custo destas.

Por tanto, tanto a Xunta como o Partido Popular estamos absolutamente comprometidos co acollemento familiar, absolutamente; demóstrano as cifras, demóstrano os orzamentos e demóstrano os programas postos en marcha. De aí que precisamente no ano 2025 houbera ese incremento tan importante que chega a duplicar xa o orzamento que tiñamos no ano 2020. Do ano 2020 ao ano 2025 duplicouse o orzamento para o acollemento familiar.

E presentamos as nosas emendas, que van na liña do que vostedes piden, para seguir mellorando pero con datos e con posibilidades reais, non como utopías, que vostedes saben moi ben que son imposibles de facer de hoxe para mañá. E se realmente queremos axudar as familias, queremos axudar os menores, acepten, apoiemos por unanimidade acordos realizables, acordos xustos, e non utopías, que só pretenden quedar ben pero que non chegan a ningunha parte e que ninguén lles vai crer que poidan ser realizables.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Grupo Parlamentario Mixto. *(Pausa.)*

O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.



A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Ben, aquí estamos ante unha situación inversa: queremos sacar os nenos das institucións e non somos capaces de meter os vellos nas residencias. É un problema inverso e é un problema que ten a mesma ferida emocional. Supoño que para aqueles que teñen que ver os seus maiores nunha residencia e ver como pasan os días e isto non sucede, e é máis: no último ano morreron creo que catrocentas persoas en Galicia esperando o obxectivo da súa petición en dependencia, pois hai máis dun millar de nenos intentando saír; algúns non van saír, sairán á maioría de idade e pouco máis. E iso xa é outro problema. ¿Que facemos despois cando eses nenos acaban a súa estadía nunha institución e teñen que enfrontarse á vida a partir dos 18 anos?

Aquí hai unha cuestión que, por un lado, como se plantexa nesta proposición, é o custo, é dicir, algo que entendo —polo que dixo a señora Arias— vai estar solucionado neste ano 2025, e, por outro lado, está esa pulsión que se precisa para que isto non siga acontecendo, porque a infancia é finita. Quero dicir: aquilo termina cando termina e todo o que somos; como dicían: somos a infancia, a patria do home nese senso. E ese período de patria, ese período de pertenza a unha familia, a unha comunidade, a unhas persoas, ese período remata e non hai volta atrás, e todo aquilo que teñamos inferido neses nenos e nenas pois aí quedará.

Co cal, creo que aquí se están plantexando cuestións diferentes —por suposto, apoiamos a moción— e que teñen camiños diferentes. Non creo que teña maior problema subir os custos que precisan as familias acolledoras, que, por outra parte, son familias que, evidentemente, teñen unha vontade de seu, que, ademais, —como se dicía aquí— é moi loable e moi aplaudible polo resto da sociedade. E é verdade que ese acollemento —e eu creo que coincidindo ademais co que é a poscovid— baixou; é dicir, hai un 3 por cento menos de acollemento do ano 2022 con respecto ao 2021, posiblemente —insisto— debido ao que acababamos de pasar, como era unha pandemia. Pero que iso fai que igual que cando falamos de persoas maiores, falamos tamén igual cando falamos de nenos, posiblemente nos nenos ese maior coidado co que estamos a facer porque —como ben se dicía aquí— somos responsables daqueles nenos que están tutelados coa Xunta de Galicia. Hai que ter coidado e hai que ser cautelosos cando afrontemos unha renovación de todo o que supón os acollementos e, ¿como non?, as adopcións.

Entón, para aqueles que nalgún momento das nosas vidas traballamos nese eido, o primeiro que nos chamaba a atención eran todas esas barreiras que teñen que ver coa adopción e o acollemento, que, por outra parte, entendemos que teñen que existir. Pero tamén digo: ano 2024, imos para o 2025, aquí faise referencia ao ano 2009 e 2010; non, non, ano 2025, moitas cuestións nesta sociedade cambiaron, e nos últimos tres anos cambiaron de forma vertixinosa. E eses cambios que aconteceron socialmente teñen moito que ver en como imos afrontar a educación da infancia a partir de agora. Co cal eu creo que desde os corpos técnicos, creo que tamén desde o corpo lexislativo, a Xunta de Galicia debería de facer unha reflexión para chegar a ese consenso que se tiña acadado de que no ano 2026 non haxa ningunha nena nin ningún neno institucionalizado por debaixo dos 6 anos, que ese é un compromiso que se adquiriu.



Entón, sei que non é fácil, sei que é un tema delicado cando estamos a falar —insisto— da infancia, pero iso non ten que ver para que non deamos unha pulsión, como adoito dicir algunha vez, á hora de revisar este tipo de acollementos e este tipo de adopcións. Por exemplo, unha familia que teña un acollemento non pode converterse nunha familia de adopción, cando parece case o máis inmediato que se poida facer. Ben, pois haberá que revisar este tipo de cuestións, porque, por un lado, hai cartos e, por outro, lado hai nenos, pero o obxectivo final é que eses nenos, esas persoas, non pasen nin a súa infancia nin a súa adolescencia nun centro de acollida.

Co cal eu creo que é moi acaído como se trouxo aquí está esta proposición. Evidentemente, é algo que nos afecta a todos dunha forma directa, porque estes resultados dos centros de acollida non son máis que unha deriva do que falabamos onte do empobrecemento da sociedade. Moitas destas familias que se viron abocadas a levar os seus nenos e nenas a un centro deste tipo son familias que se desestruturaron ou están a piques de desestruturarse, teñen seguramente unha mala cuestión económica que os levou ata aí, evidentemente, á parte doutras cuestións que teñen moito que ver coa organización familiar e outro tipo de temas. Pero este é o resultado cando moitas veces non somos capaces de discernir esa fronteira básica da pobreza como un elemento estrutural. E na maioría dos casos —non teño aquí o estudo neste momento, pero si participei en grupos de estudo destes temas— é un achegamento da pobreza o que leva que estes nenos e nenas estean nas institucións. Co cal creo que non é baladí que nos tomemos en serio que a pobreza é unha cuestión estrutural en Galicia.

Por outra parte, hai que facer campañas, evidentemente. Eu supoño que estes orzamentos que van en aumento para estas cuestións non é soamente para facer esas achegas ás familias, que está moi ben, pero faltan familias acolledoras.

No ano 2022, como dicía a señora do Bloque Nacionalista Galego, non hai moitos datos, é unha falta de transparencia bastante importante o que hai ao respecto desta cuestión, pero no último informe do que se fixo achega había bebés e nenos menores de 3 anos que estaban pendentes de adopción, cando hai anos nesta comunidade autónoma era practicamente imposible que os bebés pasasen meses nos centros de acollida, pois estaban coas familias de acollida e xa inmediatamente pasaban ás familias de adopción. E neste caso non temos nin sequera familias de acollida coas que poidan pasar eses tres primeiros meses que adoitan pasar os bebés antes de seren entregados en adopción.

Pero isto tamén é un reflexo da sociedade. Quero dicir que non temos un pulo demográfico, non temos esa cuestión, porque, evidentemente, nin os máis xoves nin os de mediana idade están como nunha situación óptima para afrontar ou mesmo ter fillos propios ou, por suposto, ter fillos en acollida ou fillos en adopción.

Co cal volvemos ver como se reflicte neste pequeno grupo, pero por pequeno non doloroso grupo de nenos e nenas e adolescentes institucionalizados, como se está reflectindo todo o que aquí vimos falando, cando falamos de Galicia, evidentemente, todo o que aquí vimos falando ultimamente: a pobreza, a falta de pulsión para que aquelas familias poidan emprender unha nova vida e, por suposto, crear unha familia e, por último, que eu creo que é



o importante hoxe aquí nesta moción, esa reformulación que debería de haber arredor do eido dos menores, para que poidamos achegarnos ao 2026 con ese obxectivo de que ningún neno menor de 6 anos estea institucionalizado.

Non sei canto de importante pode ser, porque é verdade que é un grupo —insisto— doloroso pero pequeno, pero insisto en que é un reflexo dunha sociedade. Espero que no 2025 non vexamos incrementado este número, porque se os niveis de pobreza seguen crescendo, isto seguirá aumentando. E, por suposto, se non hai campañas que nos leven e que nos estimulen a reformular un acollemento ou unha adopción, seguiremos a falar destes temas sen resolver.

Moitísimas grazas e espero que isto saia adiante. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Ariadna Fernández González.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidente.

Señora Raquel, eu veño falar aquí de Galiza, non de Cataluña nin do País Vasco nin de cousa ningunha desas. *(Aplausos.)*

Utopía. Chámanlle a señora Raquel Arias «utopía» a aumentar o investimento en acollemento un 0,05 por cento dos orzamentos destinados a política social. ¡«Utopía» chámalle! Todas as axudas que vostede nomeou son as xustas, porque é que estes nenos e nenas e adolescentes son de todos e todas nós, son a nosa responsabilidade; non lles están regalando nada, é o xusto.

E dígolles que a realidade galega é a seguinte: as familias acolledoras agora mesmo están soportando no seu lombo o peso do sistema de protección deste país, e vostedes non parece que llo veñan querer aliviar hoxe aquí.

¿Saben canto percibe unha familia acolledora por un neno menor dun ano? Seiscentos euros. ¿Canto custa criar un neno en Galiza segundo o Observatorio de Dinamización Demográfica Galego? Seiscentos trinta euros. ¿Canto recibe unha familia acolledora por un neno de entre 1 e 3 anos? Catrocentos euros. ¿Canto custa criar un neno? Seiscentos trinta euros. ¿Canto recibe unha familia acolledora por un neno de 3 a 18 anos? Trescentos cincuenta euros. ¿Canto custa criar un neno? Seiscentos trinta euros. E direille que dende o 2010 o aumento foi nos adolescentes, no último grupo, a 7 euros por ano, ¡7 euros por ano aumentaron! É unha vergonza, señora Raquel. E non é tal «utopía» como di vostede.

Pero a pregunta é: ¿como pretenden chegar aos obxectivos do 2026, que é desinstitucionalizar todos os menores de 6 anos, así, tratando as familias acolledoras coma se fosen o problema no lugar de tratalas coma se fosen a solución? ¿Como pretenden facelo arredando da nosa vida cotiá este problema que existe, porque aínda que o escondamos existe este problema?



Para quen non o saiba, direilles que de media un centro residencial de menores recibe por cada neno, nena ou adolescente que ten alí institucionalizado 1.500 euros. Agora, comparen vostedes entre as contías que percibe unha familia acolledora e as que percibe un centro residencial de menores. E díganme: ¿non lles soa a vostedes, señores do BNG, ao *modus operandi* habitual do Partido Popular? Porque a min si. (*Aplausos.*)

Miren: non é casual que só catro de sesenta e dous centros de menores sexan de xestión pública. Non é casual que os equipos técnicos estean saturados, que teñan setenta ou oitenta expedientes para facerlles seguimento. Non é casual que o persoal rote tanto. Non é casual que se tarde noventa días en valorar unha familia acolledora para saber se é apta ou non para acoller un menor. Non é casual que os traballadores dos centros de menores denuncien ratios insostibles e condicións de traballo precarias. Non é froito da mala sorte que a contía destinada aos programas de acollemento no 2025 sexa de miseria, señora Raquel. Non é utopía, é unha miseria. Porque ou eu non sei mirar os orzamentos ou aí hai unha cifra que non variou, que é a das familias acolledoras, 663.830 euros, e este ano exactamente o mesmo.

Non é casual que abandonen os nenos, as nenas e os adolescentes, porque é o PP na súa máis pura esencia, e así pretenden protexelos, señora Raquel.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Non imos aceptar a transacción porque cremos que isto é unha iniciativa de mínimos, e se non aceptan os mínimos, non imos aceptar nós. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate sobre as proposicións non de lei, procedemos á votación.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Iglesias.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en 2025 verbo do bono social eléctrico e do bono social térmico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Lara Méndez.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre as accións que o Goberno galego debe levar a cabo para avanzar na reversión ao dominio municipal da titularidade dos terreos portuarios sen utilización marítimo-pesqueira.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Argimiro Marnotes.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D. Argimiro Marnotes Fernández e oito deputados/as máis, sobre a demanda que Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que leve a cabo as obras necesarias para mellorar a seguridade viaria na estrada N-541, especialmente entre Punxín e Pontevedra.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Iago Suárez Fernández, sobre



as condicións das vivendas dotacionais, ou dos aloxamentos compartidos, que debe ter en conta o Goberno galego nesta solución de emerxencia no contexto actual de dificultade para o acceso á vivenda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Borja Vereá.*

¿Non sei se aceptou a emenda?

Si, aceptouse a emenda do Grupo Parlamentario Socialista como engádega.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereá Fraiz e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de habilitar os procedementos necesarios para as empresas poderen patrocinar a partir do 1 de xaneiro de 2025 actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: *E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ariadna Fernández González.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, sobre o incremento das contías percibidas polas familias nos programas de acollemento familiar e outras medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto destes programas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Alteración da orde do día.

O señor PRESIDENTE: Agora imos continuar cunha alteración da orde do día, que consiste nunha pregunta.

Imos abrir a porta por dentro ao conselleiro, que debe estar aí.

(Pausa.)

Pregunta de D^a Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o grao de execución das liñas complementarias de apoio aos autónomos e autónomas

O señor PRESIDENTE: Adiante, dona Noelia Pérez López, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día, conselleiro.

Estamos acostumados a que moitos deputados e deputadas da oposición non digan a verdade a sabendas nesta cámara. Puidémolo comprobar no pleno de onte, no que un ano máis —e xa van dezaseis— aprobamos en tempo e forma uns orzamentos que seguirán garantindo os servizos públicos e a estabilidade de Galicia no ano 2025. Vimos como o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista deron un salto cualitativo nas súas declaracións coa mentira como algo natural. Falaron de emerxencia demográfica e acusaron o Goberno galego de estar de brazos cruzados. E eu pregúntome onde está a emerxencia cando hai cinco días coñeciamos o saldo migratorio, e nada menos que 25.738 persoas chegaron a Galicia o pasado ano.

E é importante poñelo enriba da mesa, e eu creo que repetilo as veces que faga falta, porque demostra que un día si e outro tamén neste e noutros temas —acabamos de falar de Altri— non están contando nin a verdade nin a realidade de Galicia. E tamén porque ese saldo migratorio positivo é un sinal claro de que Galicia é vista como un lugar atractivo, non só para vivir, senón tamén para traballar e para prosperar. E iso ao Grupo Popular enorgullécenos, porque, ademais, ten que ver coa pregunta que lle queremos formular hoxe, pois esas persoas que retornan a Galicia axudan a incrementar a base demográfica activa, a dinamizar o consumo e tamén aportan man de obra, un dos retos que afronta nestes momentos o noso tecido produtivo.

Pero onte faltaron á verdade e retorceron tamén os datos cando falaron da situación do mercado laboral, un mercado laboral, o galego, que, en contra do que din o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego continúa avanzando e acada —miremos a enquisa que miremos— a cifra de paro máis baixa de toda a serie histórica. E isto non é froito da casualidade, é froito da planificación, é froito da responsabilidade e é froito do traballo da Xunta para xerar máis e mellor emprego.

E un dos motores fundamentais de xeración de riqueza, prioritario para o Goberno do presidente Rueda, é o emprendemento e o traballo por conta propia. E hoxe queremos falar



exactamente diso, de emprendemento e de autónomos, do apoio da Xunta de Galicia a este colectivo. Somos a comunidade autónoma cun maior número de convocatorias de axudas publicadas para axudalos —valla a redundancia— no seu día a día, case o dez por cento das axudas totais do Estado para autónomos son axudas do Goberno galego.

E por iso hoxe queriamos saber que balance fai, señor conselleiro, do grao de execución desas liñas implementadas en Galicia para apoiar as persoas autónomas que xeran emprego de calidade no noso territorio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Deputados e deputadas, certamente, falando dos datos do mercado laboral, se atendemos ao terceiro trimestre do ano con datos da enquisa de poboación activa, Galicia presentaba o mellor escenario económico posible, cun incremento de poboación activa acompañado dun aumento da ocupación e un descenso do desemprego. Cos datos que temos de novembro, pechados, e o que estamos vendo no avance do mes de decembro, ratificamos este escenario. Podemos dar datos, podemos enchernos a dar datos, eu digo sempre que hai que ir a unha tendencia a medio ou longo prazo, pero é certo que no último mes de novembro a cifra de paro foi a máis baixa deste mes e toda a serie histórica, con 121.000 persoas desempregadas. Tamén estamos diminuindo nesa comparativa anual un 7,19 por cento, e isto supón que diminuímos o paro a un ritmo maior que o resto do Estado, 1,75 puntos por riba. Se falamos das afiliacións, incrementamos tamén as afiliacións 1,65 por cento máis respecto de hai un ano; é dicir, case dezaoto mil novas afiliacións.

E se falamos do que hoxe nos trae aquí, que son os autónomos e as autónomas, o emprendemento, a nosa comunidade é a segunda comunidade autónoma no que se refire a peso do colectivo respecto do total de afiliación. Representan os autónomos e as autónomas o 19,5 por cento, destacando —como digo— por riba do resto das comunidades autónomas. Estamos case catro puntos por encima da media nacional.

Ademais, se atendemos ás actividades económicas, hai actividades que acadan a cifra máis alta de afiliación no réxime de traballadores autónomos: as actividades de información e comunicación, a administración e servizos auxiliares, incluso artísticas.

Pero outro dato máis que me parece relevante para analizar e facer ese balance: a nosa comunidade conta cun número de persoas autónomas empregadoras por riba da media española. Isto, señorías, por suposto, é grazas ao esforzo de todos os autónomos e autónomas, pero tamén ao apoio das políticas activas de emprego da Xunta de Galicia. Este ano dedicamos a este esforzo 48 millóns de euros no que se refire ás diferentes liñas de axuda. Dicía



vostede, e é ben certo, ademais, que somos a segunda comunidade autónoma no que se refire a número de convocatorias de axudas ao emprego publicadas: sesenta e catro subvencións, e no nivel de investimento estamos a falar de case trescentos corenta millóns de euros.

Por citar algunhas das liñas de axuda aos autónomos, que creo que son relevantes, eu destacaría o programa de Promoción do emprego autónomo, a cota cero tamén, no que levamos investidos máis de setenta e cinco millóns de euros dende o ano 2020; o bono autónomo, dende o 2020 case trinta e dous millóns de euros, só este ano oito millóns; o programa Nova oportunidade para persoas autónomas, axuda para a conciliación de persoas autónomas, axudas ao emprendemento, 23 millóns de euros. En definitiva, unha batería de axudas que, como digo, non farían ningún efecto se non tiveramos un emprendemento absolutamente extraordinario en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Certamente, como ben dixo o señor conselleiro, esta é a realidade do mercado laboral en Galicia; vouna deixar quedar aquí. En Galicia, baixo un Goberno do Partido Popular, hai máis oportunidades para traballar que no conxunto do Estado. E eu quería felicitalo, quería felicitalo por isto e quería felicitalo porque é un orgullo que Europa si recoñeza Galicia como rexión emprendedora europea para o ano 2025. E recoñeza polo seu traballo a prol de xerar riqueza, a prol de xerar emprego e de fixar poboación no rural, e tamén por esa rede de polos de emprendemento, con quince centros activos neste momento, que levan atendido máis de dúas mil iniciativas empresariais neste momento. ¡Parabéns!

E reiteraba vostede hai un momento o compromiso de seguir apoiando as persoas autónomas galegas e dándolles estabilidade e oportunidades. E isto fai que milleiros de autónomos galegos poidan durmir esta noite un pouco máis tranquilos, sabedores de que van seguir contando con ese respaldo do Goberno galego, porque, lamentablemente, eses valentes —porque non hai outra mellor forma de definilos— non poden dicir o mesmo do Goberno do señor Sánchez, que está a asfixialos cada vez con máis burocracia, máis inspeccións ou con máis impostos.

E mentres se producen eses atracos fiscais aos autónomos galegos e aos autónomos de toda España, os que de verdade crean emprego de calidade arriscando o seu patrimonio, os socialistas galegos e o Bloque Nacionalista Galego, que están a soste o señor Sánchez, están desaparecidos ou centrados no seu: na asemblea na que a señora Pontón viu como lle movían a silla o outro día ou o PSdeG preparando o conclave para o mes de marzo.

En todo caso, e como reflexión, porque ademais é un clamor na rúa a desastrosa política económica do Goberno socialista, máis Sumar, máis independentistas, máis BNG, non é a maneira de apostar polo futuro dos autónomos. Eu pídolle que nesta segunda quenda siga degraendo esas medidas de apoio aos autónomos na nosa comunidade.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Ben, eu, en primeiro lugar, diría, se me permiten, señorías, que, nun pleno no que hoxe falamos de oportunidades empresariais e de territorio en Galicia, eu creo que é moi importante tamén trasladar unha mensaxe de optimismo dende o Parlamento. E eu teño que dicir como conselleiro responsable de emprego e tamén do emprendemento, —logo falarei das dúas cuestións— que hoxe Galicia é unha terra de oportunidades, tanto para aquela xente que queira traballar por conta allea, pois temos unhas empresas que teñen esa capacidade de crear postos de traballo, e así se está acreditando continuamente, pero tamén para facer emprendemento. E, por suposto, hai que defender proxectos industriais que se cumpren todos os requirimentos se poidan instalar.

Pero temos que apostar tamén por un emprendemento —e así o estamos desenvolvendo e trasladando dende a Xunta de Galicia— ligado ao territorio, un emprendemento que faga tamén por desenvolver ese territorio, un emprendemento que sexa circular, que sexa sostible e, sobre todo, que solvente unha das preocupacións que temos nestes momentos no territorio, que é a remuda xeracional nestes negocios, tamén tradicionais, pero que son tan necesarios.

A min sorpréndeme extraordinariamente que hoxe se puxesen aquí enriba da mesa produtos que están sendo asesorados tamén por eses polos de emprendemento, que, por certo, somos o demo, pero temos eses polos de emprendemento para apoiar tamén ese tipo de proxectos, todo o que ten que ver con esas actividades, (*Aplausos.*) con esas actividades que xeran actividade económica, que xeran valor engadido, pero tamén que deixan ese retorno no territorio. Estamos apoiando proxectos de diferente natureza no ámbito agroalimentario, no ámbito dos servizos, no ámbito tamén da cosmética ligada ao territorio, no ámbito das panaderías, no ámbito das carnicerías.

Pero, señorías, ¿iso non é emprendemento, e ademais tamén ligado ao territorio? Pois fácelo dende a Xunta de Galicia, cuns polos que, excepto o de Ferrol, están situados todos nese rural, nese territorio que tanto necesita. E, ademais, o que queremos é —como digo— nesta terra de oportunidades facilitarlles o máximo posible a eses emprendedores que poidan facer o desenvolvemento do seu negocio.

Polo tanto, nestas liñas de axuda que temos xa establecidas, queremos afondar na simplificación administrativa. O vindeiro ano imos acoller todas as liñas de axuda aos autónomos nunha única orde para facilitar a tramitación, que vai supoñer un orzamento de 40 millóns de euros, aos que se van sumar os case vinte millóns de euros que imos destinar —como digo— ao apoio a ese emprendemento ligado ao territorio dende os polos.

Todo isto, señorías, incardina nunha estratexia, que é a estratexia Impulso autónomo 2027, que —como digo— ten por obxectivo apoiar eses pequenos negocios que son tan necesarios



no territorio, pero que ao mesmo tempo tamén, con toda esa estratexia e con todo o traballo que fixemos, tamén outra administración, creo que é importante —dicíao moi ben a deputada—, que nos declarou «Rexión Emprendedora Europea 2025». Son recoñecementos que creo que avalan o bo facer dun goberno que está apoiado por un partido que está pensando fundamentalmente no benestar dos galegos e das galegas.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

(Pausa.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben por parte dalgún membro da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Están negociando.

Pois, entón, tratábase de que imos reiniciar a sesión en vez de ás catro e media ás catro. Hai acordo de todos, tamén o Goberno está xa informado. Entón, sen problema, ás catro.

E agora, como todos os anos, imos ao viño do Nadal. Están todos convidados, todos e todas.

Suspéndese a sesión á unha e corenta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto 5º da orde do día, que son interpelacións; neste caso son dúas interpelacións, que se acumulan: unha, de dona Olalla Rodil Fernández, e, outra, de dona Silvia Longueira Castro; ambas van sobre o modelo asistencial das residencias de maiores en Galicia.

Antes de darlle paso á palabra á señora Rodil, que é a primeira que vai intervir, vou comunicar como quedan as preguntas, porque, logo do axuste que se fixo polo tema do cambio de horario, a orde das preguntas ao Goberno vai ser: en primeiro lugar, formúlase a pregunta que está no número 8; despois, formúlase a que está no número 1; logo, a número 2; logo, a número 3, a 4, a 9, a 5, a 6 e a 7. A hora prevista de remate é sobre as 19.20.

Entón, comezamos.

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego

Interpelación de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o modelo asistencial das residencias de maiores en Galicia

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil.



A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos. Benvidas as persoas que nos acompañan hoxe na tribuna, e benvida a conselleira tamén.

Eu, antes de comezar, quería amosar a repulsa e o máis enérxico de todos os rexeitamentos posibles desde o Bloque Nacionalista Galego ao que parece —así se está investigando— que é un novo asasinato machista cometido en Covas, no concello de Viveiro, hoxe mesmo, a quinta muller asasinada no noso país, se finalmente se confirma, pola violencia machista no que vai de 2024. Hai que poñer aínda máis recursos, máis medios, máis cartos e máis políticas feministas para frear esta auténtica barbarie, porque nos vai a vida a todas niso. *(Aplausos.)*

E hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego, efectivamente, traemos esta interpelación, froito do traballo que levamos facendo durante anos, defendendo a necesidade de mudar o modelo de residencias e de coidados que existe en Galiza por outro que, en primeiro lugar, fortaleza e amplíe a rede pública, apostando pola xestión directa das residencias de maiores; e non por teima, senón como garantía de dereitos fundamentais, como é o dereito a unha vellez digna. E, en segundo lugar —e o máis importante—, a necesidade de implantar no noso país un modelo de atención que estea centrado nas persoas. E iso garántese con traballadoras e traballadores, con xerocultoras e auxiliares, que son as que coidan, as que erguen, as que limpan, asean, atenden, estimulan e dan —señorías, nunha palabra— vida ás persoas usuarias das residencias do noso país.

Eu, antes de máis, quero agradecer que nos acompañan hoxe neste debate persoas e familiares de usuarias das residencias de maiores e tamén traballadoras das residencias de maiores privadas de Galiza; traballadoras que levan meses mobilizándose por un convenio colectivo xusto e sobre todo por condicións laborais dignas; traballadoras que pediron no mes de setembro unha reunión con vostede, señora conselleira, ou con alguén da súa consellería, e que aínda seguen agardando a día de hoxe, porque ninguén lles contestou nin as recibiu. Ten hoxe unha boa oportunidade de escoitalas ao rematar esta interpelación. Creo que ademais estarían gustosas de poder intercambiar con vostede impresións.

Porque, lonxe do que se poida facer crer ou intentar facernos crer, as condicións laborais destas mulleres dependen directamente do Goberno da Xunta de Galiza, que é quen financia con máis de 100 millóns de euros ao ano as empresas para as que traballa.

¿Saben vostedes canto cobra unha traballadora xerocultora dunha residencia de maiores privada en Galiza, que é o 80 por cento das prazas de residencias que temos no noso país? Eu trouxen aquí varios exemplos, porque creo que é necesario e fundamental e imprescindible que lles poñamos rostro e vida ás cousas das que falamos.

Eu teño dúas nóminas do mes de novembro de dúas xerocultora de residencias de importantes grupos residenciais que están concertadas todas elas coa Xunta de Galiza. Unha delas, 1.232 euros ao mes, cunha antigüidade de case vinte anos, asinado o contrato en 2005, con plus de nocturnidade e plus de domingo; sen esa antigüidade, que son 200 euros ao mes,



estás por debaixo do salario mínimo interprofesional, con 1.062 pírricos euros. Estas son as condicións nas que traballa a xente que coida os nosos país, os nosos avós, os nosos veciños, os nosos irmáns e que agardo que nalgún día, se o necesitamos, tamén nos coiden a nosoutros.

¿Sabem cantas mulleres traballan en cada quenda para atender centros residenciais concertados, regados con cartos públicos, de máis de 150 prazas neste país? Aquí hai traballadoras, conselleira, de residencias —insisto, financiadas e sostidas con cartos públicos, que saen dos petos das galegas e dos galegos— con 160 persoas usuarias, cinco plantas de edificio e na quenda de noite 2 auxiliares e 1 enfermeira —vía legal—. Ese é o modelo de residencias. ¿Cren realmente que estas son as condicións que se merecen as traballadoras das residencias e as persoas usuarias que viven nas residencias de maiores deste país? Nós cremos que non. E por iso hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego traemos esta interpelación, porque cremos realmente que o modelo de coidados que se merecen as persoas que vivimos e traballamos neste país non é o que se sostén hoxe.

Hoxe temos unha rede de residencias con prazas insuficientes e ademais absolutamente privatizada, que non chega nin sequera para atender ás necesidades actuais. Non falo dun público potencial dunha Galiza que vai aumentando na esperanza de vida, non; o número de residencias e de prazas de residencias de maiores que temos a día de hoxe no noso país non chega nin sequera para poder atender ás persoas que teñen recoñecido o dereito a unha praza de residencia pública por lei.

Segundo os datos da propia Consellería de Política Social, hai hoxe en Galiza 1.500 persoas agardando por unha praza en residencias sen recibir ningunha outra prestación. Xa non vou falar dos datos que coñecemos esta semana, de que 6.500 persoas morreron en Galiza esperando desde o ano 2017 por acceder aos dereitos que teñen recoñecidos na lei desde o ano 2006. Unha rede de residencias que no 80 por cento das prazas está en mans privadas, insuficiente, privatizada e ademais sostida no lombo de mulleres absolutamente precarias, cun modelo de atención baseado en ratios de persoal de atención directa fixados hai máis de trinta anos, que nin sequera se cumpren, e que non dispoñen da formación e dos recursos necesarios nin sequera para cumprir aquilo que vostedes anuncian.

E póñolles dous exemplos. Aquí neste país levamos escoitando desde marzo de 2023 o anuncio da Xunta de Galiza de que se vai implantar un plan galego de residencias libres de subxección —de sistemas de contención mecánica, para entendernos—. Iso é o que di a Xunta de Galiza. Pero a realidade é que, fóra da Torrente Ballester, na Coruña, comezaron hai un par de semanas a falar do tema no resto das residencias públicas de xestión directa dependentes da Xunta de Galiza. Non teñen material esencial para poder levar á práctica a supresión no ano 2025 —como anunciou a Consellería de Política Social— desa subxección, non hai camas a ras de chan nin cadeiras adaptadas, entre outros mecanismos e materiais necesarios para poder desenvolver ese plan.

Falamos de centros —insisto— responsabilidade directa e exclusiva da Xunta de Galiza, con máis de 20 persoas que están agora mesmo con esas subxeccións. Por suposto, nin material nin máis persoal, que é básico ter xente para poder atender ás persoas que van ser despo-



suídas ou liberadas, se se quere, deses mecanismos de subxección, para poder garantir a correcta atención e as necesidades concretas que teñen estas persoas.

Este luns vimos que decidiron —e así apareceu publicado no *Diario Oficial de Galiza*— modificar a orde do ano 96 que regula esas ratios de persoal de atención directa nos centros de atención a persoas maiores —nomeadamente, das residencias— para incrementar levemente a *ratio* de enfermería, pero sen tocar o máis mínimo o número de xerocultoras, de auxiliares de persoas, que son as que poñen o corpo día a día para atender a estas mulleres; as mesmas ratios de hai trinta anos, o mesmo raquíptico persoal, para atender —iso si que está cambiando— perfís de persoas usuarias en residencias completamente distintos ao que debera ser unha persoa maior usuaria dunha residencia.

E explícome. Porque nós levamos desde o BNG preguntando, requirindo información e traballando sobre esta cuestión xa desde o ano 2023, e é que o sector está alarmado coas consecuencias do ingreso nas residencias de maiores de persoas con enfermidades psiquiátricas —froito do peche dos psiquiátricos—, persoas con drogodependencia, persoas que acaban de saír de prisión e non teñen contorno ao que volver. Todo iso —que son perfís que non son os propios dunha residencia de maiores— ten que ser atendido e as súas necesidades cubertas sen material, sen formación practicamente e sen máis persoal que o que xa había nestes centros.

¿Saben canta formación lle deron ao persoal das residencias públicas de xestión directa da Xunta de Galiza para poder atender —xa non lles falo das privadas, que aí non hai nada— estes perfís? Seis horas; seis horas de formación teórica, seis horas de formación teórica presencial para o persoal médico e seis horas de formación teórica —porque ata para iso hai clases— telemática para o persoal de enfermería, que —insisto— é o que ten que poñer o corpo día a día.

Hai unha preocupación social, absolutamente fundada, polas situacións de conflitividade que se están dando dentro das residencias de maiores, coa incorporación de perfís que non é o seu espazo estar en residencias de maiores, porque non está ben atendido nin o que está entrando cun perfil —insisto— con problemas de saúde mental, entre outros, non está ben atendido porque non dispón do persoal e os recursos que necesita, e tampouco se está garantindo a debida atención das persoas —esas si— usuarias das residencias de maiores.

¿Ese é o novo modelo que nos presenta o Partido Popular de residencias: que siga todo absolutamente igual pero en peores condicións do que se viña prestando o servizo ata o de agora?

Remato, presidente.

Eu supoño que agora pois subirá vostede aquí falarnos de residencias dixitais, dalgún programa innovador, de equipos multiparamétricos ou do certificado de calidade que reparte Aenor. Pero eu voulle dicir o que me dixo a min unha traballadora, que está ademais hoxe aquí na bancada: «para aplicar esa xeriatria futurista, hai que poñer persoal e, sobre todo, hai que ter conta e mirar as condicións nas que estamos traballando hoxe».



Máis nada, de momento. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Boa tarde, conselleira.

Ben, pois, sen quero, tocaron estas dúas cuestións que falan do modelo de residencias en Galicia, e supoño que basicamente porque é un tema que preocupa profundamente. De feito, comezamos o período de sesións anterior falando deste modelo e, curiosamente, rematamos este período de sesións —o segundo— falando novamente do sistema do modelo de atención pública das residencias.

Evidentemente, este sistema de atención pública tórnase no máis complexo cando tratamos de ver onde están recollidos os nosos dereitos. É verdade que non é nada fácil. O sistema para a autonomía de atención á dependencia é a todas luces esa quimera que despois de dezaioito anos aínda andamos á volta de ¿como estamos?, ¿que hai do meu?

E dá igual o que debatamos aquí ou nas comisións da área, sempre acabamos tendo as mesmas respostas: sempre é outro o culpable, sempre se fai a vista gorda con respecto ás listas de espera, que non baixan esas listas de espera. E despois falan do esforzo que se fai desde a consellería, que eu sempre pido que esa palabra non se empregue moito, o do esforzo, porque simplemente é o traballo que un ten que facer, ben na oposición, que non facemos esforzo, facemos o noso traballo, ben cando un goberna, que é o seu traballo.

Pero a realidade é que as listas de espera para entrar nunha residencia superan o ano, superan os 365 días, non existe un plan de proximidade para non afastar os residentes da súa contorna e non hai un sistema racional e planificado de construción de residencias. Imos un pouco ao que nos vai chegando e ao que imos parcheando. Hai queixas do estado de mantemento das instalacións e das insuficiencias de persoal —como xa se dixo hoxe aquí—.

Aproveito tamén para saudar todas esas persoas que coidan de primeira man os nosos maiores. E nunca —e eu creo que é o problema que radica na Lei de dependencia en Galicia—, nunca, nunca, nunca se desenvolveu ese plan estratéxico, que se contempla na Lei de servizos sociais de Galicia e que está recollido e definido e que, ademais, pon a Lei de dependencia en consonancia cos concellos; pois nunca se plantexou ese plan estratéxico e, polo tanto, faise unha política social pois do que se pode ou do que se parchea.

E é simplemente iso, atrapar posibilidades; como atrapan as posibilidades que ofrecen mans privadas, particulares, que constrúen residencias e llas entregan á Xunta de Galicia e que vostedes venden como propias. E eu alégrome moitísimo... (*Pronúncianse palabras que non se*



perciben.) ¿Como? Ben, creo que as constrúen unhas mans privadas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, serán vosas, pero constrúenas mans privadas. Entón, non está na súa planificación, está na planificación dunha persoa da que alabamos, evidentemente, a súa intención, pero non nas súas mans. Entón, sería unha cuestión a maiores ou podería entrar na súa planificación, pero isto vén dado, non é unha cousa que ninguén tivera plan-texado.

E, sobre todo, non escoitan aqueles colectivos que o que pretenden é ingresar en residencias e que non sexan macrohoteis e, ademais, non queren desnaturalizar a súa vellez; e é algo lícito; quero dicir: hai toda unha xeración de persoas, pois ao mellor entre as que me podo incluír eu, que somos conscientes da nosa vellez, somos conscientes de que non vai haber pois posiblemente a estrutura familiar que existiu ata o de agora e que somos conscientes de que non queremos ir a un macrohotel de 150 prazas e que queremos optar a outro tipo de cuestións que estamos a tempo de pensalo.

E por riba, somos a comunidade —e a nós, desde o PSdeG, preocúpanos enormemente— que menos solicitudes temos fronte a persoas potencialmente dependentes, só un 17 por cento; é dicir, só un 17 por cento daquelas persoas que poden ter acceso a ser usuarios ou a ser beneficiarios da Lei de dependencia son os que están sobre o terreo e son os que fan a petición; só un 17 por cento; non o digo eu, son datos do Instituto Nacional de Estatística.

Aínda así, temos unha lista de espera que —como dicía antes— vai a máis dun ano para que se resolvan expedientes. Preto de —falaba aquí a señora Rodil das persoas que levan falecidas durante todo este tempo, desde o ano crin entender 2015, creo que lle escoitei— 400 persoas o ano pasado en Galicia creo que foron as que morreron á espera de recibir atención; en xuño de 2024 máis de 1.500 galegas estaban á espera dunha praza, e iso é todo un récord; basicamente porque —como dicía antes— a infancia é un período curto e finito e a vellez é o mesmo, un período curto e finito, non se pode esperar a ser vello moito máis tempo.

E o mapa de residencias en Galicia é 22.000 prazas, das que 17.000 son prazas privadas, 4.800 de titularidade pública, 800 propiedade dos concellos e 150 propiedade das deputacións.

Non somos capaces de ofrecer o mínimo que se nos exige. As concertadas sostéñense con dereito público, as de propiedade pública están xestionadas por entidades privadas, as doadas pola fundación Amancio Ortega pasan ao Goberno, e logo hai prazas enteiramente privadas, logo hai prazas públicas xestionadas polo Consorcio da Xunta. Pero a realidade é que, para acadar as recomendacións da OMS, de 5 prazas por cada 100 habitantes de máis de 65 anos, a Galicia faríanlle falta ata 14.000 prazas de nova construción, iso no escenario óptimo.

Insistimos en que con este panorama, no que a falta de planificación e do real interese polo particular constitúe o relato, decidiron que nas residencias para maiores poderían ingresar persoas con patoloxías psiquiátricas, que moitos non tiñan rede de apoio e tiñan que solucionar o lugar de acollida. Non imos entrar a valorar a decisión, que ademais foi tomada hai un par de anos. E, efectivamente, foi unha decisión que se toma polo peche dos psiquiátricos



e que —segundo comenta o corpo médico— ata hai algún tempo non deu absolutamente ningún problema, pero agora comeza a dalo. Insisto: non nos opoñemos a esta decisión; o que sucede é que hai un total desprezo polo sistema da dependencia, que os levou a tomar estas decisións de trazo groso.

Abren as portas desas residencias públicas a estes enfermos sen ter en conta as necesidades que os acompañan; non hai facultativos, basicamente porque non hai dispoñibilidade de especialistas; non hai persoal de apoio especializado, basicamente porque non os formaron; xa se falou aquí desas escasas horas que nalgún momento se lles deu, pero dubido que en moitas residencias —como a que imos mencionar dentro dun momento— se lles dera esta formación, non a recibiron os cuidadores; e non hai infraestruturas necesarias para manter a convivencia normalizada, basicamente porque non as construíron.

E voulle falar —xa se falou nos medios de comunicación e xa se trouxo aquí a algunha comisión— da residencia asistida de maiores de Oleiros, na Coruña; 284 prazas, das que 19 están vacantes, segundo o Rexistro único. As instalacións non están acondicionadas e o equipo de asistencia sanitaria tampouco está especializado, aínda que a Consellería de Política Social respostaba nun xornal que se compaxinaba a correcta atención dos residentes. Pois nesta mesma residencia comezaron a ingresar enfermos psiquiátricos a principios deste ano. O persoal que atende diariamente aos anciáns son os mesmos que atenden a estes enfermos que teñen patoloxías moi específicas, fronte ás que carecen de preparación para atendelos. Producíronse diferentes situacións de medo tanto por parte dos traballadores como dos familiares, que ven que alí queda o seu maior ingresado, reclamacións que chegaron ás portas do PSdeG e seguramente doutras entidades. A infraestrutura da residencia presenta, ademais, unha serie de deficiencias que marcan unha deterioración continuada do edificio e fai que a estancia dos residentes e o traballo dos profesionais se estea a desenvolver nun espazo que se precisa reparar, como caída de trozos de fachada, humidades nos corredores, maquinaria sen arranxar... Tanto é así que o persoal decidiu levar as queixas á Valedora do Pobo despois de varios escritos sen ningún xesto por parte da consellería de que se lles respostara.

Os pacientes con estas patoloxías foron chegando a esta residencia e foron aloxándose nas mesmas plantas e nas mesmas habitacións e corredores que os pacientes xeriátricos, sen persoal especializado, que o xa existente está sobrepasado por atender ao traballo cotián, porque xa había conflito —polo que se falou aquí— dunha sobrecarga de traballo por parte deses mesmos traballadores que agora teñen que afrontar unha situación para a que non están nin formados nin preparados.

Non poden máis nin as familias nin os traballadores, e isto é unha cuestión que se vai entender ou se pode estender a outras residencias.

E é verdade que vostedes responden sempre a esta cuestión que é unha trampa, que o que hai é que desestigmatizar a enfermidade mental. Efectivamente, hai que desestigmatizar, pero hai que saber tratar e hai que ter un mínimo de sentido común para ver como neste tipo de patoloxías —e pódolles poñer por exemplo unha ELA— non é o mesmo tratar unha persoa, tal como vostede sabe, que teña unha deterioración como unha persoa xa maior que



unha persoa que teña unha patoloxía como a ELA, que ten un trato moi diferente e que ten unha condición moi diferente á hora de formar os seus coidadores.

E entendemos que saben perfectamente as necesidades que conleva a transformación destas residencias en espazos que poidan dar cabida a residentes con problemas de saúde mental, e teñen vostedes técnicos na consellería que o saben perfectamente e mesmo veñen de ter un currículo que avala a súa profesionalidade; técnicos que son os primeiros en recoñecer que non hai profesionais, e faise difícil que os existentes elixan para o seu desenvolvemento unha praza nunha destas residencias.

E é verdade que vostedes anunciaron un arranxo de 900.000 euros para o tellado deste edificio, en concreto na de Oleiros. Pero no escrito mandado polos traballadores fálanlles doutro tipo de deficiencias, como chans con desniveis, pingueiras por todos os pasillos, rodas das grúas que se atascan...

E isto é un exemplo —non me vai dar tempo de falar doutros exemplos que hai aquí, pero haberá un segundo turno— do que está a acontecer, que temos un sistema ao que non demos atendido. Insisto: nunca se fixo ese plan estratéxico, que estaría solventando tanto o problema das traballadoras que temos aquí como o problema dos usuarios, que non van chegar nunca a percibir unha praza ou unha axuda á que teñen dereito e que lles corresponde por lei.

Entón, ben, imos cara ao terceiro período de sesións, imos outra vez cara aos anuncios que vostedes fan continuamente, e que nós vemos como fan. Pero, desde logo, desde o PSdeG, a nós gustaríanos moitísimo que algún día estivera anunciado ese Plan estratéxico de servizos sociais, que por lei lles corresponde, tanto para o bo funcionamento da consellería na que vos-
tede agora está á fronte como para o bo entendemento daqueles que son os concellos de Galicia, que son ao final os que tamén atenden de primeira man todo o que estamos aquí a comentar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Así que, como haberá unha posibilidade para unha segunda rolda, falaremos despois.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados.

Antes de nada, quero compartir hoxe as palabras de condena da deputada e compañeira do Bloque Nacionalista Galego. Deixemos polo de agora que continúen todas as investi-



gacións, pero, de confirmarse, estaríamos ante unha nova traxedia, ante a que volveremos demostrar e amosar sempre a nosa firme condena e repulsa. Polo tanto, dende a Xunta de Galicia non pararemos nunca de traballar ata que as vítimas de violencia de xénero en Galicia sexan cero, porque esa é única e exclusivamente a cifra que podemos aceptar. (Aplausos.)

E a todas as mulleres que nos estean a escoitar hoxe en Galicia e que sexan vítimas de violencia de xénero pedímoslles que denunciem, que denunciem a través dun teléfono confidencial e gratuíto como é o teléfono 016, que acudan a un centro de información á muller, que falen cos seus amigos, cos seus achegados, cos seus seres queridos; ou que acudan a un cuartel da Policía Nacional e da Garda Civil a presentar esta denuncia, porque é a única vía de continuar protexendo todas as mulleres.

Miren, señora Rodil e señora Longueira, nos últimos anos dende a Xunta de Galicia demos un impulso moi grande na atención e no coidado de todas as persoas maiores, un colectivo que, como ben saben, é prioritario para o Goberno galego. E todo isto que lles estou a dicir demóstrase de forma moi fácil e demóstrase con datos e tamén se demostra con feitos.

Miren, unha subida do 12 por cento nos orzamentos destinados a este ámbito, que acadarán no vindeiro ano 728 millóns de euros; facémolo cada día a través do incremento do número de persoas maiores atendidas, superando nestes momentos as 77.000 persoas dependentes atendidas; e tamén o facemos cada ano creando novos recursos espallados por toda a xeografía galega, con máis prazas en residencias, con máis casas do maior e tamén con novos servizos e prestacións para as persoas maiores.

Facémolo a través de novas e innovadoras iniciativas, como o Benestar-envellecemento activo, o Carné +65, os programas de benestar en balnearios, o de Xuntos polo Nadal, nestas datas tan importantes, entre outros programas.

En definitiva, levamos anos impulsando un conxunto de medidas orientadas a que as persoas maiores poidan vivir como e onde libremente desexen, para que poidan escoller libremente como e onde queren ser coidadas, pero sempre tendo en conta que non todas as persoas dependentes necesitan nin queren unha atención residencial.

Por tanto, para atender a todos os maiores que precisan duns coidados máis intensos, duns coidados vinte e catro horas, dende a Xunta de Galicia triplicamos dende o ano 2009 as prazas sostidas con fondos públicos en residencias, superando nestes momentos as 16.000 prazas, unha cifra que por suposto temos, debemos e estamos aumentando cada día; e estámolo facendo precisamente incrementando en 1.500 prazas públicas todas as residencias de maiores da nosa comunidade.

Estámolo facendo a través das novas residencias, señora Longueira, por suposto as que nos entrega, chave en man, a Fundación Amancio Ortega e que pasan automaticamente a ser titularidade da Xunta de Galicia, con esas dúas residencias da Fundación Amancio Ortega xa abertas, en Santiago e Lugo, proximamente as que imos abrir en Pontevedra e na Coruña e en Ferrol.



Estámolo facendo tamén con esas novas prazas para a construción da residencia pública de maiores de Ribeira, con 100 prazas, e tamén coa residencia de Antas de Ulla, con 56 prazas. (Aplausos.)

Estámolo a facer con ese plan de investimentos, que acordamos coa Fegamp, para mobilizar 650 novas prazas públicas de residencia e de centros de día, principalmente nunha provincia que necesita tamén do noso compromiso, como é a provincia de Ourense.

Pero, dende logo, o Goberno galego vai seguir reforzando sempre esa atención de proximidade, esa atención que nos demandan moitas persoas maiores que desexan continuar vivindo nas súas casas e ser atendidas preto das súas casas. Imos seguir reforzando as medidas como o Bono Coidado no Fogar, con 5.000 euros ao ano, para que todas as persoas maiores poidan ser coidadas por un familiar ou por un ser querido no seu propio domicilio; un Bono Coidado no Fogar que recibe nestes momentos máis de 20.000 persoas en toda Galicia.

Imos seguir reforzando a atención de proximidade a través das casas do maior, que, como ben saben, é un recurso pioneiro e no que nestes momentos xa chegamos ás 140 casas. E tamén, por suposto, a través dun servizo profesional, como é o Servizo de Axuda no Fogar, que atende nestes momentos máis de 25.000 persoas en toda Galicia.

A todo isto súmase a realidade de que Galicia é unha das comunidades con mellor taxa de cobertura na atención á dependencia, cunha *ratio* nestes momentos do 98 por cento, e preto de 77.000 persoas atendidas que contan nestes momentos cunha prestación ou cun servizo da Xunta de Galicia, unha *ratio* que temos que seguir mellorando e que o imos facer con ese novo plan de choque que imos implantar e que imos presentar tamén nos vindeiros días.

Miren, señora Rodil e señora Longueira, poderíamos aumentar tamén o número de prazas e prestacións en toda Galicia destinadas ás persoas dependentes se o Goberno central, onde vostedes gobernan e onde vostedes apoian, cumprise a Lei de dependencia, unha lei —que saben moi ben— do ano 2006, do señor socialista Rodríguez Zapatero, que di claramente que o financiamento da dependencia debe ser a partes iguais, o Goberno autonómico e o Goberno central, un Goberno central que nos debe a Galicia máis de 2.500 millóns de euros acumulados e unha media de 200 millóns de euros cada ano. Señoritas deputadas, ¿saben vostedes canto se poderían incrementar as prestacións e cantos novos servizos se poderían crear con 200 millóns de euros ao ano que nos debe o Goberno central? (Aplausos.)

Eu mesma fun falar hai pouco e recibíume en audiencia o ministro de Derechos Sociais, o ministro Bustinduy, e a única explicación que me deu de como van compensar ese 50 por cento que nos deben é: «cando teñamos os presupostos». Esa é a única solución que me deu o señor ministro nestes momentos. Polo tanto, aos galegos aínda nos toca esperar creo que bastante a recibir eses 200 millóns de euros cada ano que nos debe o Goberno central.

Miren, señorías, o informe do Imsero pon de relevo que Galicia conta cunha rede ampla de recursos residenciais para que todos eses galegos que desexen vivir nun centro residencial —que é o seu fogar, que é a súa casa— se axuste sempre tamén ás súas necesidades e ás súas preferencias; unha rede que —como lles comentei— imos seguir ampliando e imos se-



guir mellorando con máis prazas públicas de atención a todas as persoas maiores. Pero tamén pon sobre a mesa que —como non podería ser doutro xeito— en España, en Galicia, existen diferentes fórmulas de xestión. Porque lémbrolles, señorías, que a xestión dos centros ou servizos sociosanitarios por parte de entidades sociais ou por parte de empresas son fórmulas que adoptan todas as administracións públicas, con independencia —como ben saben por experiencia— de quen as governe.

Miren, falan moito dende o Bloque Nacionalista Galego e dende o Partido Socialista. Vostedes predicán, pero non predicán tanto alá onde gobernan, porque fan exactamente o contrario. Miren, o Servizo de Axuda no Fogar, externalizado no 47 por cento dos concellos onde goberna o Bloque Nacionalista Galego, que tanto di que hai que ter persoal público e que todos os servizos deben ser municipais; no 47 por cento dos concellos onde gobernan, o Servizo de Axuda no Fogar externalizado. *(Aplausos.)*

Falan vostedes tamén dende o Partido Socialista e dende o Bloque Nacionalista Galego da xestión pública. ¿Que pasa coa Deputación de Lugo, que está construíndo residencias e o fai en mans e xestión privada —ou xestión externa, como vostedes ben din—? Vostedes están externalizando as residencias e a xestión das residencias de toda a Deputación de Lugo. ¿Que pasa con esas traballadoras, señora Rodil? ¿Canto cobran esas traballadoras que forman parte de empresas privadas? E vostedes están gobernando. ¿Por que non son públicas as residencias da Deputación de Lugo, onde gobernan vostedes, xa que tanto din?

Miren, as residencias de maiores, cando vostedes gobernaban —e facíanos todos xuntos no Bipartito— externalizaron a xestión das residencias públicas de Bande, de Ribeira, de Larouco, e volveron apostar agora pola xestión externa tamén en Ribeira, onde gobernan agora, da Escola Infantil Municipal.

Miren, tamén me gustaría lanzarlles hoxe unha pregunta, porque eu estou moi preocupada. ¿Que van facer vostedes dende o Bloque Nacionalista Galego agora coa Residencia de Foz? Porque o alcalde socialista dixo que xa non podía máis, que lle delegaba as competencias da xestión da residencia ao Bloque Nacionalista Galego. ¿Que van facer vostedes coa Residencia de Foz? ¿Van facer a Residencia de Foz de xestión pública nestes momentos? Porque nestes momentos a Residencia de Foz, que a está xestionando unha empresa privada, que está soportando máis de 65.000 euros de débeda e moi pronto 90.000 euros, está poñendo dende o seu propio peto os cartos para pagar esas nóminas e para pagar aos provedores, e o Partido Socialista e o alcalde lavan as mans. *(Aplausos.)*

Miren, señorías, dende a Xunta de Galicia o que queremos sempre é que as persoas maiores estean sempre o mellor coidadas posible e sobre todo que estean coidadas alá onde desexen, e que todos os centros de Galicia, sexan da titularidade que sexan, ofrezan sempre unha atención de máxima calidade. E por iso implantamos ese novo modelo de coidados que estamos aplicando e que estamos poñendo en marcha xa nestes momentos.

Un modelo de coidados que, ademais, é o modelo de vangarda, do que nos sentimos moi orgullosos e que recibe a admiración de moitos profesionais e de moitos sectores de toda España e que nos sitúa unha vez máis como unha referencia a nivel nacional. *(Aplausos.)* Un



sistema que elaboramos e o fixemos da man de moitos profesionais, que o fixemos da man de moitas familias, e, polo tanto, que logrou situar Galicia como líder na reforma da atención residencial a nivel nacional.

Estamos avanzando, señorías, e estámolo facendo día a día, e estámolo facendo en cada un dos catro piares que compoñen os principais vectores de mellora de todos os centros residenciais, apostando pola humanización dos centros e a formación continuada, impulsando os cursos de formación que melloran as competencias dos profesionais, tanto do sector público como do sector privado e como do sector social, con máis de 5.000 profesionais formados nestes momentos.

Imos continuar apostando por todos os avances tecnolóxicos, coa implantación, por exemplo, da historia clínica electrónica en todas as residencias de maiores, sexan da titularidade que sexan, e tamén en todas as residencias de persoas con discapacidade; con novas fórmulas, por suposto, para facer tamén fisioterapia, con carros multiparamétricos que garanten a seguridade no transvase de datos en todos os centros residenciais, apostando por esa tan necesaria coordinación sociosanitaria, mellorando esas canles de comunicación entre dous ámbitos como é o social e como é o sanitario; e poñendo en marcha eses dous centros de coidados intermedios públicos, que serán os primeiros a nivel nacional, como será o Cegadi, en Santiago de Compostela, e o Hospital do Rebullón, en Mos.

Imos seguir implantando ese novo modelo arquitectónico con unidades de convivencia máis pequenas, para que todas as persoas maiores que viven nun centro residencial se sintan máis cómodas e teñan sempre profesionais de referencia en cada unidade de convivencia, porque non hai que esquecer nunca que as residencias de maiores son a casa e son o fogar de todas as persoas maiores que alí viven.

Polo tanto, señorías, somos conscientes de que hai moito e de que hai moitas cousas que seguir mellorando, que queda moito camiño por percorrer, pero farémolo; e farémolo sempre apostando por mellorar, por humanizar e por modernizar a atención ás persoas maiores.

Pero eu non quero hoxe rematar sen destacar, unha vez máis, a solidez e o modelo de coidados que temos en Galicia; un modelo de coidados que está centrado nas necesidades e nas preferencias de cada persoa maior para que sexan sempre libres de decidir onde queren pasar esa nova etapa das súas vidas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.



Conselleira, de verdade, fáleme de liberdade de escoller. Hai 1.500 persoas que teñen recoñecido o dereito por lei a unha praza de residencia pública neste país que non teñen acceso a ela porque non hai onde metelas. (*Aplausos.*) ¿Onde quedan os dereitos e a liberdade desa xente?, ¿onde están? E esa é a súa responsabilidade, a súa obriga, que é conselleira de Política Social da Xunta de Galiza.

Veufalarme aquí de todo o mundo, de todo o mundo, veume falar de Foz. Tres veces pediulle o alcalde unha reunión e non o recibiu, deulle coa porta nos fociños (*Aplausos.*). Igual que a esas traballadoras que están aí, igual que a esas traballadoras, nin as saudou. Iso é o que lle importan a vostede as condicións nas que están, (*Aplausos.*) a xente que é usuaria da residencias de maiores e quen as sostén, quen as levanta todos os días. ¿Onde están os dereitos de quen ten que levantar?

Eu dicíao ao principio: nós non defendemos a xestión pública directa por unha teima nin por ideoloxismo, senón porque é servizo público e garantía de dereitos fundamentais. E traio dous exemplos. Aquí hai traballadoras de DomusVi de Ribadavia, financiado con cartos públicos, 114 das 152 prazas regadas con cartos da Xunta de Galiza; na quenda de noite hai 2 auxiliares e 1 enfermeira. Collamos outro exemplo, unha de xestión pública directa da Xunta de Galiza: 130 prazas, 4 auxiliares na mesma quenda de noite, 1 enfermeira e 1 ordenanza. A xente que está nunha residencia privatizada, nunha residencia regada con cartos públicos pero en mans dun fondo voitre como é o do DomusVi, ¿non se levanta pola noite? ¿Non ten pañal? ¿Alguén aquí é capaz de dicirme canto tempo se tarda en cambiar o pañal dunha persoa adulta? ¿Vostedes cren que 160 persoas atendidas por 2 auxiliares poden garantir os dereitos fundamentais desa xente?

E é legal, porque temos unha orde de hai trinta anos, de 1996, que fixa as ratios mínimas de persoal, que vostedes se negan a negociar tan sequera para aumentalos, que mantén nesta precariedade absoluta a vida non só das traballadoras senón das persoas usuarias que viven —porque si é a súa casa— nesas residencias regadas, financiadas con cartos da Xunta de Galiza, que os fan a vostedes responsables directos de todo o que pasa alí. ¡E vén vostede falarme a min de Foz!, (*Aplausos.*) de Foz. *Es que es un despropósito.*

E encima sacan peito de que agora están aumentando a rede de residencias públicas con esas residencias construídas pola Fundación Amancio Ortega, que non tivo que meter un euro a Xunta de Galiza pero tamén á que non lle sobrou tempo para poñelas en man de entidades que nin sequera se dedicaban ao sector do coidado ata hai catro días, a Fundación Fesan, *análisis y datos*, e agora é responsable da xestión desa residencia de maiores Fundación Amancio Ortega en Lugo: 85 usuarias, 60 grandes dependentes, 2 auxiliares na quenda de noite, 6 auxiliares na quenda da mañá. ¿A min alguén me pode explicar como podes atender, como podes levantar, asear, vestir e sentar para que tomen o almorzo —eu non digo as 85 persoas usuarias— as 60 grandes dependentes, as 10 grandes dependentes por persoa traballadora? ¿Canto tempo? ¿A que hora as levantas para telos a todos ás 9 da mañá ou ás 10 da mañá sentados para tomar o seu almorzo? Diso é do que lle está falando o Bloque Nacionalista Galego nesta interpelación. (*Aplausos.*) ¿En que condicións está a xente?, que é responsabilidade da súa consellería, é responsabilidade súa, señora conselleira.



¿E sabe por que levou Fesan esa xestión da Residencia de Amancio Ortega en Lugo e a de Santiago de Compostela?, máis de 10 millóns de euros para xestionalas durante varios anos, ¿sabe por que? Porque tiraron abaixo o prezo por praza e día un 12 por cento a respecto do que pedía a Xunta de Galiza no seu prego de licitación. Nin sequera se prioriza nesa concertación e concesión pública que teñan boas medidas, boas garantías, programa de conciliación da vida laboral e familiar das persoas traballadoras; única e exclusivamente que lles rebaixen a vostedes o custo que teñen que pagar a fin de mes.

Por iso o Bloque Nacionalista Galego defende o servizo público de atención e de xestión directa, (*Aplausos.*) porque é o que garante os dereitos fundamentais das persoas. O outro, hai un 5 por cento de beneficio industrial que haberá que sacar dalgún lado. Como din esas traballadoras nas súas concentracións, o público é servizo e o privado é beneficio. E ese grao de privatización, e sobre todo a falta de prazas en residencias públicas, non só deixa esas 1.500 persoas que teñen dereito recoñecido por lei a unha praza sen ela, senón que a quen pode acceder pola vía de emerxencia social, que é o único que está entrando a día de hoxe nunha praza de residencia, acaba na outra esquina do país. E vostede sábeo perfectamente. Agora mesmo hai xente entrando da provincia de Pontevedra na DomusVi de Monforte, porque é o único sitio onde hai unha praza libre. ¿Iso é dereito, iso é liberdade: que te leven a 150 quilómetros da túa casa?

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Mire, conselleira, eu non sei o que se pode facer con 200 millóns. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Moito? Pois con 22 millóns podía facer vostedes 6.000 prazas de escolas infantís, pero ¡devolveunos! (*Aplausos.*) Claro, se devolveu 22 millóns, cando lle dean 200, non sei que pode facer. Porque, claro, seguramente non facían falta 6.000 prazas públicas en escolas infantís. Así que, ben, o día que lle dean 200 igual tampouco fan falta prazas públicas.

Por certo, tardou vostede 2.10 minutos en falar do Goberno central, mentres aquí lle falabamos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, pero é que sempre é o mesmo— ...de mover anciáns —como ben dixo a señora Rodil—, porque aquí estamos falando de que isto hai que materializalo, hai que verse alí. Supoño que algún de nós algunha vez coidou persoas maiores, pois isto sabemos o que é, porque isto non é unha cuestión romántica, un faino por amor na súa casa e faino porque é o seu traballo nunha residencia, pero é un traballo forte, é un traballo esforzado, que recae en mulleres, como case sempre. Entón, claro, falamos aquí cunha asepsia deste tema que é terrible, pero hai que verse alí.

Entón, aquí do que estamos falando é de mans que levantan persoas maiores, que as teñen que manipular, que teñen uns turnos —como ben se dixo aquí— bastante salvaxes e que non se axustan á realidade da praxe, e sobre todo que teñen a responsabilidade dunha vida humana nas súas mans. Entón, eu tería un pouco de coidado cando fala disto.



Igual que como cando falaba do alcalde de Foz, que se fartou de chamala, e despois de que a miña compañeira Lara Méndez metera unha pregunta en comisión chamouno, chamou o alcalde de Foz e recibíuno o xerente do Consorcio; pero chamouna, chamouna moitas veces.

E mire, as residencias de Lugo o que teñen contratado son a limpeza e o servizo de comedor, todo o demais é público. Prazas pequenas en proximidade, onde se están axustando á cuestión do territorio, pero non é o que vostede di.

E, en calquera caso, vostede ten bastante co que ten, vostede ten nas súas mans, polo menos, que máis do 17 por cento das persoas que teñen dereito á Lei de dependencia o pidan. Porque, mire, mirar para abaixo faino calquera, pero xa llo dixen varias veces: vostedes gobernan; entón, haberá que darlles unha solución non só aos que xa están, senón aos que por omisión e por silencio nin sequera vostedes se ocupan de facelos chegar.

E despois fálanos de todo isto, de todo o que implementan ano a ano, que se soben os orzamentos; evidentemente, a vida sobe, soben os números dos usuarios, evidentemente. Pero é que entón o que teñen é unha xestión absolutamente deficitaria e entón vostede, cada vez que dá un dato destes, mire para vostede mesma, porque igual o está facendo moi mal. Porque se ten todos estes recursos, se ten todas estas ideas e ao final estamos esperando a que máis de 1.500 persoas ingresen nunha residencia, pois eu creo que non o estarán facendo ben de todo.

E sempre van coa mesma resposta, con esas novas tecnoloxías que implementan e que non é certo. Eu non digo que non estean nos seus plans, porque unha cousa é o que pensamos, outra o que sentimos, outra o que dicimos e o que facemos; e o que fan non concorda co que vostede di, co que vostede fai nin co que vostede pensa. Vostede non fai o que pensa ou non fai o que di, porque a realidade estámola vendo, ou sexa, non podemos escapar, porque é tozuda.

E non falabamos só desta cuestión. Mire, hai outra residencia aquí en Santiago, e ademais tamén con denuncias de familiares e cunha pregunta que nós levamos a unha comisión; é a residencia do Castiñeiriño. No verán pasado os ingresados na terceira planta, grandes dependentes, afogaban coa calor, e van voltar afogar, porque, despois da pregunta que fixemos en comisión, non hai cartos para arranxar o aire acondicionado; entón, denuncias das traballadoras e denuncias das familias.

E isto é o que sucede; é dicir, falan dunha enxeñería, falan dun montón de cuestións que non sei en que país obedece a todo isto, pero a xente, os ingresados do Castiñeiriño sufrirono no verán pasado e voltarán sufrilo no que vén. E xa lle digo que, respostando os técnicos da súa consellería, non vai haber arranxo, porque non hai cartos.

E todo vai así, todo vai así, non hai unha forma de sacarlle unha cuestión positiva do que aquí lle traemos. Insisto: comezamos o primeiro período de sesións falando deste tema, pechamos o primeiro período de sesións pedindo un plan estratéxico; imos ao segundo período de sesións para pechalo, voltamos pedir ese plan estratéxico e que faga polo menos un discurso racional e que se ataña á realidade. Porque todo o que nos di aquí está fóra da realidade,



está fóra da praxe do que todos estes días e anos e meses levan vendo estas señoras que veñen hoxe aquí falar do seu, claro, a saber que vai ser das súas condicións.

Entón, ben, vannos respostar o de sempre, porque, evidentemente, está na súa man dicir o que considere sobre o tema e darlle unha volta a isto como se estiveramos en Suecia. Pero non, estamos en Galicia, onde —insisto— soamente un 17 por cento da poboación é capaz de chegar a solicitar os seus dereitos, pero parece ser que vostedes non só se conforman con que iso sexa así, senón que están moi contentos da xestión.

Fixeron moi ben en rexeitar os 22 millóns das escolas infantís. Eu creo que foi a mellor decisión que tomou na súa vida.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche das interpelacións, conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodil, non berre tanto, non se altere tanto e non se poña tan nerviosa, *(Murmurios.)* non se poña tan nerviosa.

Mire, a vostede parécelle moi mal falar do alcalde de Foz, pero penso que é algo moi importante, que a min me preocupa moito. ¿Que vai pasar coa Residencia de Foz, onde goberna o Partido Socialista e onde vostedes teñen agora as competencias na decisión de que vai pasar *(Murmurios.)* coa Residencia de Foz? Mire, o alcalde de Foz foi recibido pola Xunta de Galicia, foi recibido pola conselleira de Política Social e foi recibido... —non se ría, señora Rodil, porque é así— ...polo xerente do Consorcio; ese alcalde de Foz que foi recibido pola Xunta de Galicia pero ao que lle gusta bastante máis plantarse nun acto en Ribadeo, cortarme o paso e vitimizarse. Iso é o que lle gusta ao alcalde de Foz *(Aplausos.)* e non xestionar unha residencia de maiores. ¡Cortoume o paso!

Miren, señora Longueira e señora Rodil, vostedes veñen aquí predicar moito, pero ¿por que non van tamén a Madrid predicar tanto ao señor ministro? *(Murmurios.)* A min non me fai ningunha graza, porque eu estou falando de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)* Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): ...eu estou falando de Galicia e dos 200 millóns de euros que nos deben a Galicia. Iso é do que estou falando eu, de Galicia, *(Aplausos.)* dos maiores galegos. Iso é do que estou falando eu.

Mire, señora Rodil, xestión pública e xestión directa: «iso é o que lle pido, señora conselleira». Xestión pública e xestión directa que vostedes non aplican na Deputación de Lugo, alá onde gobernan, señora Rodil e señora Longueira.



Mire, señora deputada do Partido Socialista, pídolle que cando suba a esta tribuna non minta (*Murmurios.*), non lles minta a todos os galegos que nos están a escoitar, porque as xerocultoras de todas as residencias da Deputación de Lugo son de empresas privadas. (*Aplausos.*) Así que non minta, señora Longueira, ou infórmese mellor, por favor.

Voules falar tamén hoxe non soamente de Foz, senón que hoxe tamén lles vou falar de Becerreá. (*Murmurios.*) En Becerreá hai unha residencia de maiores da Deputación de Lugo hai tres anos rematada e que segue pechada. ¿Vostedes imaxinarían a cantas preguntas parlamentarias, interpelacións e comparecencias tería que vir eu aquí a este pleno responder se a Xunta de Galicia tivera tres anos unha residencia pechada e non darlles servizo ás persoas maiores? ¿Iso é liberdade, señora Rodil? (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Esa é a liberdade dos veciños de Becerreá, que non teñen esa residencia aberta no concello onde viven? ¿Iso é liberdade, señora Rodil? (*Murmurios.*) Eu penso que non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pois imos falar tamén da Montaña, do concello do Courel. Dende o ano... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É que a Xunta de Galicia é todo, señor deputado..., (*Protestas.*) (*Risos.*) a Xunta de Galicia é toda Galicia. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Home!, ¿como non vou falar? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¿Ou pensan vostedes que á Xunta de Galicia non lle preocupa Foz? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Ou que á Xunta de Galicia non lle preocupa Becerreá? (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, señora Rodil, por favor. Vostede xa interveu. (*Murmurios.*) Silencio. (*Murmurios.*) Silencio, por respecto aos que... (*Murmurios.*) Silencio, por respecto aos invitados que hoxe están aí arriba. (*Murmurios.*) Porque, se non, non nos entenden. (*Murmurios.*) Claro, se falan todos á vez, non se entende. A eles gustaríalles escoitar a todos como escoitaron e agora tamén a conselleira. Entón, por favor, respecto. Espírito navideño, por favor. (*Murmurios.*) Un pouco de calma.

Imos alá.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señores deputados, cando falo de Galicia, falo de Foz, falo de Becerreá e falamos tamén do Courel, (*Murmurios.*) do concello do Courel. A vostedes non lles preocupa, pero a min si que me preocupa e á Xunta de Galicia tamén. Dende o ano 2022 ten a Deputación de Lugo licenza para construír a residencia e os veciños do Courel aínda seguen esperando. ¿Iso é liberdade, señora Rodil? ¿Iso é liberdade, señora Longueira? ¿Que os veciños teñan que esperar a que a Deputación de Lugo lles constrúa esas residencias que están pechadas ou que están prometidas nos distintos concellos?

(*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Por favor, aos señores invitados, por favor, prégolles que... (*Murmurios.*) Creo que recibiron vostedes unhas normas ao entrar; se non as queren cumprir... (*Mur-*



murios.) Iso, de quen sexan invitados, supoño que tamén llelo advertiron. (Murmurios.) Non, non, non, non imos entrar agora no que son unhas normas que están establecidas. (Murmurios.) Non, perdón, na tribuna non pode facer ninguén manifestacións nin a favor nin en contra, para iso están vostedes. (Murmurios.) Non, perdón, para iso están vostedes, que xa se manifestan a favor ou en contra. Os invitados teñen unhas normas; se non as cumpren, teñen que abandonar. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Pois que fixeron? Acaban de sacar unha camiseta dicindo unha reivindicación. (Protestas.) Iso... Non, perdón..., (Protestas.) Non, non, ben, non, son as normas. (Murmurios.) Non, son as normas, son as normas. (Murmurios.) Na tribuna non se pode manifestar nin a favor nin en contra, nin se poden facer xestos como se fixeron, que eu os vin desde aquí. Entón, eu teño a miña obrigaón, que é vixiar que o pleno discorra dun xeito normal.

Prosiga, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Longueira, e con máis de 50 millóns de euros ¿que se podería facer? Porque máis de 50 millóns de euros son os que acaba de devolver o Goberno central, 50 millóns de euros que ían destinados a comida, a tarxetas de alimentos para persoas vulnerables, persoas que necesitan desa comida para poder seguir vivindo, e acaban de devolverlle os cartos á Unión Europea, señora Longueira. (Aplausos.)

Miren, señores e señoras deputadas, señora Longueira, estarémolo facendo moi mal, pero tan mal non o debemos de estar facendo porque hai uns meses acabamos de acadar unha nova maioría absoluta que nos deron os galegos para seguir... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Estoulles dicindo que garden silencio, que gardemos todos silencio. Xa lles dixen... *(Murmurios.) ¡Silencio, por favor! (Murmurios.)*

¡Normal! Tranquilidade todos, por favor.

Non deamos unha mala imaxe diante dos invitados, por favor, e máxime nas festas de Nadal. (Murmurios.) Por favor, un pouco de respecto a eses señores que nos están observando, a ver que lles transmite o Parlamento. Non creo que isto sexa o mellor, por respecto a eles. ¡Alá vostedes!

Cando queira, conselleira, siga.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Dicialles, señoras deputadas, que tan mal non o debemos de estar facendo cando todos os galegos votaron de forma clara e nos deron unha nova maioría absoluta hai poucos meses;



unha nova maioría absoluta co compromiso de que queren que a Xunta de Galicia siga gobernando, que siga mellorando os servizos sociais, que siga apostando por todas as persoas maiores. E iso é o que imos facer, porque sempre cumprimos a palabra dada, cumprimos a palabra dada con máis de 1.000 novas prazas públicas que estamos mobilizando nestes momentos, (*Aplausos.*) 1.500 prazas máis concretamente, prazas residenciais, para darlles a atención que necesitan e que merecen as persoas maiores.

E imos seguir atendendo a todas as persoas dependentes onde quere a maioría, que é nas súas propias casas, a través da mellora dese servizo de axuda no fogar, a través de novas casas do maior e a través dese Bono Coidado, que, aínda que non queiran, moitas persoas o solicitan porque o necesitan e queren ser coidadas polos seus familiares. Polo tanto, a Xunta de Galicia vai seguir coidando de quen sempre coidou de nós, que son os nosos pais e os nosos avós.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Continuamos coa interpelación de don Iago Suárez.

Interpelación de D. Iago Suárez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as estratexias da Xunta de Galicia para a fixación da mocidade no medio rural

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Suárez Fernández.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente.

A Xunta de Galiza é todo, claro que a Xunta de Galicia é todo. A Xunta de Galiza é isto que acabamos de ver: esperpento; a Xunta de Galiza é ruído, a Xunta de Galiza é falta de servizos. A Xunta de Galiza é todo isto, claro que si. (*Aplausos.*) Todo un retrato.

Aquí xa se apelou en varias ocasións ao espírito natalicio. É curioso que pidan silencio os que máis berran, curioso que pidan silencio os que máis insultan, curioso que pidan silencio. Eu aquí levo pouco tempo e xa teño escoitado que o Bloque Nacionalista Galego é unha seita, con eses termos, con eses termos; teño escoitado de todo —aí o señor Lorenzo di que si—. Estas son as persoas que nos piden respecto e estas son as persoas que nos piden silencio, así. (*Aplausos.*)

En fin, co maior dos espíritos natalicios, sexa benvida, señora conselleira. Intentaremos queixarnos o mellor posible e ter un debate que sexa o máis construtivo, mentres outros falan e só pretenden facer ruído.

Señora conselleira, temos este debate nun momento curioso e, desde logo, histórico. Por primeira vez na historia da humanidade, a primeira vez na historia da humanidade, máis



xente vive xa en contornos urbanos do que en contornos rurais. A finais do século XIX — concretamente, no ano 1882— só o 6 por cento da poboación galega vivía en contornos urbanos, só o 6 por cento; nunha Galiza daquela época con moita poboación para a época, o 95 por cento das galegas e dos galegos vivían en concellos con menos de 5.000 habitantes. Naquela altura, a cidade —que non era tal— máis poboada era A Coruña, que superaba os 35.000 habitantes; curiosamente, o segundo concello máis poboado do país era A Estrada. Daquela máis do 10 por cento dos residentes no Estado español eran galegas e galegos, o dobre porcentualmente do que hoxe en día. Era, non obstante, aquela unha Galiza empobrecida, tremendamente rica en recursos, tremendamente rica en capacidade de traballo, pero empobrecida.

¿Que cambiou nesa Galiza de 1882 á Galiza de 2024, case 2025? Por suposto, cambiaron moitas cousas, a estrutura poboacional é completamente diferente, pero hai unha cousa que non cambiou —e de momento con este goberno non vai cambiar—: é que toda esa riqueza inmensa daquela Galiza que producía e que segue producindo nunca foi posta ao servizo dos galegos e das galegas; a riqueza deste país sempre foi levada para a metrópole, sempre foi levada para enriquecer a Madrid e outros lugares do Estado. A tremenda riqueza que temos neste país nunca foi posta ao servizo do pobo galego, e así nos loce o pelo. A xente dedicada e traballadora que habitamos este país viviu e en moitos casos vive na máis absoluta pobreza.

O brillantísimo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, o nacionalista Alfonso Daniel Rodríguez Castelao —ao que todo apunta que lle renderemos homenaxe o ano que vén, o ano 2025, sendo o Ano Castelao— era —como acabo de dicir— nacionalista, nacionalista galego. E xa o dicía naquela famosa frase que el... (*Murmurios*.) Non, non, pero é que eu lles vou dicir aquí unha cuestión ás señorías do Partido Popular: as deputadas e os deputados do Bloque Nacionalista Galego prometemos o cargo cun libro, este libro (*O señor Suárez Fernández mostra un libro*): o *Sempre en Galiza*. (*Aplausos*.) Este libro, señorías, eu recoméndolle, porque eu entendo que vostedes están a favor de que se declare o Ano Castelao o ano que vén, entendo que están a favor disto.

Ben, voulles ler algunha frase de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, a ver que lles parece, porque ao mellor incluso recúan. (*Murmurios*.) Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, cito textualmente —abro aspas—: «*Os elementos da dereita só conciben unha patria artificial posta ao servizo dos seus propios intereses*». Tamén dicía: «*Propóñome demostrar que Galiza é unha unidade nacional perfecta e que, polo tanto, ten dereito a dispor dos seus destinos*». Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. ¿Que insulto utilizarían as señorías do Partido Popular para referirse a Daniel Castelao hoxe en día? Non o quero nin imaxinar.

Falando do rural, do cal Alfonso Daniel Rodríguez Castelao era un enorme amante, dicía: «*A nosa vaca ten o presebe en Galiza e os tetos en Madrid, e o que non lle dá de comer a unha vaca non ten dereito de muxila*». ¿Que diría Castelao se vise a Galiza de hoxe en día? Unha Galiza cun rural morto, non tan produtivo como antano e case sen xente nova vivindo nel.

Estes son algúns datos, señora conselleira, que lles vou dar e estes datos non se poden debater. Galiza converteuse durante os gobernos do Partido Popular na quinta das 257 rexións



da Unión Europea con menos poboación moza, a quinta das 257 rexións da Unión Europea; só o 3,5 por cento dos titulares de explotacións agrogandeiras teñen menos de 35 anos, só o 3,5 por cento.

Hoxe á mañá tivemos que escoitar en sede parlamentaria o presidente da Xunta dicir que no BNG queremos unha terra de emigrantes; se fose así, estaríamos contentísimos. No último ano, 36.028 galegos e galegas emigraron ao longo do 2023, a gran maioría menores de 35 anos. Case medio millón de persoas residentes na Galiza emigraron desde que entrou o Partido Popular no poder no 2009 ata o 2023, cifras do Instituto Nacional de Estatística, case medio millón de galegos e galegas que emigraron deste país. Se nós quixésemos un país de emigrantes, estaríamos botando unha bomba, isto témolo clarísimo.

Os residentes na Galiza maiores de 64 anos representan hoxe en día o 26,1 por cento do censo, e exceden en 167 por cento os menores de 20 anos. Curiosamente, un estudo do IGE —o cal lle recomendo, señora conselleira— elaborado por Rocío Toxo e María Esther López, dúas profesionais do IGE, indica que, de seguir así —de seguir estas políticas levadas a cabo pola súa consellería e polo Goberno da Xunta de Galiza—, no ano 2052 —é dicir, dentro de vinte e oito anos— haberá 100 municipios en risco de despoboamento, 76 municipios en risco moi severo de despoboamento e 7 concellos estarán despoboados por completo; dentro de vinte e oito anos o IGE estima que haberá 7 concellos con cero habitantes. ¡Tremendo fracaso das súas políticas, señora conselleira! (*Aplausos.*)

Fracaso tras fracaso da Xunta de Galiza, como, por exemplo, aquela web para repoboar aldeas abandonadas, 6 inmobles en 2 concellos, as únicas incorporacións en dous anos á web da Xunta para repoboar aldeas abandonadas. Facendo que se fai non se consegue absolutamente nada, e, se esta é a Galiza que funciona, estamos aviados, señora conselleira; se esta é a Galicia que funciona, estamos aviados.

¿E isto por que acontece? ¿A xente marcha do noso país porque si, por capricho, non hai mocidade vivindo no rural por capricho, ou isto responde a un tipo de política e a unhas responsabilidades políticas moi claras?

En fin, señora conselleira, esta é a situación da nosa mocidade e do noso rural. A mocidade, igual que en 1882, segue emigrando e non ten saídas laborais, sobre todo no noso rural. ¿Van seguir de brazos cruzados ou van facer algo? O noso rural é rico en recursos e en cultura do esforzo. Xa o dicía tamén o compañeiro Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, de novo, e eu apéloos a que lean algo, que seguramente aprenden un pouco do *Sempre en Galiza*. «A cidade...» —dicía Castelao— «...cre que, fóra dela, non hai máis que paisaxe, patacas e leite; ignoran que tamén existe unha cultura no noso rural nobre, antiquísima e insubornable».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez.



A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Presidente, moitas grazas.

Deputados, deputadas, moi boa tarde.

Señor Suárez, falou vostede aquí de moitas cousas. Falou de emprego, falou de emigración, falou de cultura... Mire, os deputados agradecemoslle as súas recomendacións, pero os deputados do Partido Popular sabemos ler, sabemos escoller as nosas lecturas e, por suposto, non nos apropiamos —como pretenden algúns— nin da cultura nin da historia de Galicia, que nos pertence a todos os galegos e galegas, por suposto. *(Aplausos.)*

A vostedes encántanlles as palabras catastrofistas, ese negativismo perpetuo e continuo; ata mesmo parece que o disfruten, como o día de hoxe, gris e chuviñoso. Falan de que o rural vive unha situación de emerxencia, sempre negativo. Mire, esas consideracións —xa llelo teño dito máis veces— non favorecen nada e eu creo que a sociedade galega nin as merece, nin as merece, nin axudan para nada. Se vostedes queren axudar en algo, por favor, agradeceríalles que cambien de discurso.

Mire, ademais coido que son opinións erradas, pois o medio rural, como o das cidades, ten as súas vantaxes e os seus inconvenientes. Coido que seguen pensando ás veces que vivimos naquel sistema ancestral onde o herdeiro da casa tiña que quedar por obriga. Hoxe os rapaces e rapazas que queren teñen oportunidades para quedar no rural e deciden por si mesmos, cousa da que me alegro moitísimo. *(Aplausos.)*

E que o rural galego ten unha situación de despoboamento é algo que non se nos escapa, por suposto que non; de feito, non é algo exclusivo de Galicia, que parece que si. Logo non sei que falan cando din da España baleirada, por non falar doutras rexións máis afastadas que tamén sofren a mesma situación. Por iso non só temos medidas propias, senón que traballamos en programas conxuntos con outros países para buscar solucións ao transvase po- boacional que se dá de cara aos grandes núcleos.

Din vostedes ás veces —hoxe vostede non o mencionou— que temos que poñer o foco na formación; xa o poñemos. Que debemos dotar o rural de servizos; xa o dotamos. Que non hai remuda nos oficios tradicionais; non sei logo o que fai a FP. E rematan dicindo que temos que crear industria, industria propia; non penen, que xa o facemos, mal que lles pese.

E agora voulles explicar como funciona Galicia e como funciona este Goberno da Xunta.

No caso da educación e da formación, que é esencial tamén para o rural, temos un sistema que garante que todos os rapaces e rapazas teñan acceso aos mesmos servizos, e no rural invístese un 28 por cento máis por alumno que nas zonas urbanas. Precisamente a educa- ción e a formación son os piares desta consellería para conseguir un rural vivo, sostible e rendible. Para iso contamos con eses 6 centros de formación que tantas veces teño men- cionado aquí, nos que se imparten ensinanzas regradas e non regradas no ámbito agro- gandeiro e forestal. No caso da formación profesional ofrecemos 14 ciclos de grao superior, de 7 ramas diferentes, e este ano incorporamos o de produción agroecolóxica, paisaxismo e medio rural.



No curso 2024-2025 ofertamos, só dende a Consellería do Medio Rural, 364 prazas, un 11 por cento máis que o ano anterior. Contamos con 518 alumnos. O nivel medio de ocupación está no 70 por cento e nalgúns casos no 100 por cento. Esta tendencia alcista véñse manifestando nos últimos cinco anos, o que nos indica que imos polo bo camiño e que o medio rural resulta cada día máis atractivo para aqueles que queren quedar sen nel.

No relativo á oferta formativa da FP, este curso ampliouse un 11 por cento o número de prazas de nova matrícula no rural. E isto é importante, porque permite que moitos deses alumnos poidan quedar a traballar na súa contorna.

Pero hai máis: a través da plataforma de teleformación do CFEA de Monforte de Lemos, impartimos cursos de formación para o sector agrogandeiro, exixidos pola normativa vixente, ou cursos de aptitude agraria. Tamén está o Plan de formación continua do agro galego, que supuxo a formación de máis de 28.000 alumnos dende o ano 2019. Ou os certificados de profesionalidade, formación que se impartirá nos centros de formación e experimentación agraria a partir do ano próximo; a súa finalidade é facilitar unha acreditación oficial que certifica que a persoa que o ten está cualificada para ese traballo, e céntranse en catro áreas: agricultura, gandaría, xardinaría e forestal.

Como ven, temos un plan de formación con moitas oportunidades para que os mozos e mozas decidan quedar no rural ou afincarse nel.

Todo isto sen esquecer o importante esforzo que se fai en I+D+i, que se traduce, en primeiro lugar, na capacidade de Galicia para transformar a materia prima. Só hai que mirar o sector do leite. Hai uns poucos anos non se transformaba e a maior parte do leite vendíase en líquido; hoxe temos unha industria transformadora, e moi potente, favorecendo ademais a implantación de novos e modernos cultivos no sector hortofrutícola e vinícola, que se traduce na chegada de mozos e mozas ao sector.

Como ven, investir en modernidade favorece a chegada de mocidade ao rural. Por iso estamos facendo un grande esforzo neste sentido. E que nos compare a Galicia de hoxe coa de hai dous séculos, ben, vergoña lle debería de dar. *(Aplausos.)*

Pero non quedamos aí. Como lles dicía antes, sabemos que un dos retos que afronta a sociedade actual, en xeral, é fixar poboación nas áreas rurais. E para iso contamos con varios instrumentos. Por un lado, o Plan de remuda xeracional e a Lei de recuperación da terra agraria. No caso do Plan de remuda xeracional, sabe que o principal punto son as axudas á incorporación de mozos e mozas e os plans de mellora. Este plan de remuda está destinado a menores de 40 anos que se establecen por primeira vez e que van percibir só polo feito de incorporarse ao medio rural de 30.000 a 70.000 euros; dende o ano 2009, levamos máis de 5.000 mozos, rapaces e rapazas, incorporados a actividades agrogandeiras. E neste período duplicouse o importe das axudas: de pasar de 22.500 euros no ano 2009 a 44.800 de media que se perciben hoxe en día.

En canto aos plans de mellora, cómpre dicir que estas achegas son complementarias aos plans de incorporación, e están destinados a sufragar eses investimentos nas explotacións



agrogandeiras, que son punteiras e recoñecido así a nivel nacional e internacional. Se vos-
tedes non o queren ver, pois mire, non lles temos moito que facer.

Como complemento ademais ao Plan de remuda xeracional, hai uns meses articulamos o
Plan de titorización, que consiste en asinar un titor —como xa teño dito aquí— ás persoas
que se incorporan para axudalos nese camiño de incorporación.

E, en canto á Lei de recuperación da terra agraria, permitiulle recuperar zonas en toda Galicia,
especialmente nas zonas máis despoboadas, coas aldeas modelo, onde se implantaron mozos
e mozas de nova incorporación e que están a xerar negocio e riqueza nesas zonas. E o mesmo
co Banco de Explotacións, que vai ser unha ferramenta moi importante para que aqueles que
deixen esa actividade poidan cedela tanto en venda como en alugueiro a aqueles mozos e
mozas que queiran incorporarse ou ampliar as súas explotacións.

Quero tamén falarlles das achegas europeas; por unha banda, as achegas da PAC, que bene-
ficiaron no 2023 800 persoas mozas, entre as que se repartiron algo máis de 5,5 millóns de
euros por ser mozos; e, por outra, os plan LEADER, que están destinados a fomentar e a
axudar todos aqueles emprendedores que queren iniciar un novo negocio nas zonas rurais,
sexa do tipo que sexa, instalarse e vivir no rural daquilo que lles pareza ou elixan.

E mención especial merece tamén o papel das mulleres, en especial as novas, no ámbito
rural. Dende esta consellería poñemos todo o que está nas nosas mans para que poidan
quedar no rural e ademais conciliar. Acaba de marchar a conselleira de Política Social.
Foron un punto de inflexión as casas niño naquelas zonas máis afastadas e as casas do
maior, que permiten esa conciliación tan necesaria no rural. Pero tamén as mulleres
teñen preferencia á hora de percibir esas axudas que temos dende a Consellería do Medio
Rural, porque onde hai mulleres hai vida, e isto, señorías, é fundamental para a super-
vivencia no rural. E nesta tarefa sempre van atopar o Goberno da Xunta de Galicia e esta
consellería.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Suárez Fernández.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, nin eu nin o meu grupo parlamentario nos apropiamos de nada, non nos
apropriamos da figura de Castelao para nada. ¿Que pasa? Que cando unha persoa pensa como
nacionalista, di cousas de nacionalista e deixa escrito cousas de nacionalista, ao mellor é
que é nacionalista, (*Aplausos.*) ao mellor.

Eu poño a man no lume, a risco de a queimar, a que vostedes non leron o *Sempre en Galiza*,
(*Murmurios.*) porque igual cambiaban un pouco de opinión, e viríalle moi ben a este país que
o leran, viríalle moi ben a este país.



En fin, sacou vostede aquí moitos dos mantras, que eu xa os esperaba e tamén os esperabamos desde o meu grupo parlamentario. Díxome aquí e sacoume que como podía dar eu datos de hai séculos. Era simplemente para facer unha contextualización histórica do rural no noso país. Pero, se quere datos actuais, dámoslles; de feito, déillelos, o que pasa é que ao mellor non interesa tanto escoitalos. Desde que o Partido Popular entrou no Goberno da Xunta neste país case medio millón de residentes emigraron, e eses son datos ata o 2023, o ano pasado, non estamos falando do século XIX, ata o ano pasado.

De novo que se somos catastrofistas, que se non lle facemos ningún ben ao rural e demais. Non, está claro que é mellor vivir no mundo de Yupi e vivir no mundo da flor que dicir as realidades que proen. Claro que proen e claro que doen, porque son responsabilidade directa dun goberno do que vostede fai parte. E que a xente marche do rural non é simplemente por capricho, é porque aquí hai unhas políticas, que son responsabilidade súa e do seu Goberno, que propician que a xente marche do rural. Ao rural non lle fan falta palabras bonitas nin mundo de Yupi, o rural o que necesita son servizos. E hai parroquias neste país que vostedes gobernan que non teñen nin traída de auga, que non teñen nin recollida de lixo, iso é neste país, ¡neste país!, e entón a xente marcha por estas cuestións, non marcha porque si ou porque queira marchar. Efectivamente, e isto é así.

Aquí moitos dos datos que vostede deu pena, pena, pena de realidade, porque ao final o dato todo o desmonta; aquí dise moito neste Parlamento o de «dato mata relato». Curiosamente que hai moitos plans de formación para que a mocidade se incorpore á actividade agrogandeira; aínda así, a día de hoxe de novo só o 3,5 por cento das explotacións agrogandeiras deste país teñen como titular unha persoa menor de 35 anos. E hai moitos plans de formación —é que eu non digo que non os haxa—, o que pasa é que non funcionan, non funcionan porque os datos están aí e a realidade é a que é.

Hai parroquias deste país que son efectivamente grandes produtoras de leite e doutros produtos —como vostede mencionou—. ¿Que pasa? Que hai que ter temple para vir aquí falar do sector lácteo, os que máis producimos e aos que menos se nos paga; este é o problema de toda a vida, e aquí seguimos co mesmo, co mesmo de sempre.

Dixo tamén vostede, señora conselleira, que nós obviamos o que pasa noutras partes do mundo, o que pasa noutras partes do Estado; é que a min non me importa o que pase noutras partes do mundo, a min impórtame Galiza e este é o Parlamento de Galiza, e vostede é a conselleira da Xunta de Galiza; entón, poñendo escusas non avanzamos en ningún momento.

É tamén bastante curioso que na súa intervención só se centrou no sector agrogandeiro, que por suposto o desenvolvemento rural pasa por el. Consideramos que este segue tendo un papel central no noso territorio e tamén como modo de vida para a fixación de poboación no rural, pero é indubidable que o rural galego actual encontra hoxe realidades moi distintas dende o punto de vista demográfico, produtivo, das oportunidades de emprego, das comunicacións e dos servizos. Por iso, non podemos falar unicamente de políticas idénticas para todo o rural, senón de liñas de actuación que se deben axustar ás diferentes realidades.



O medio rural, señora conselleira, vén perfilando en gran medida o carácter do pobo galego e ten sido fonte de riqueza e medio de vida de xeracións e xeracións durante centos de anos. O rural é, por tanto, a parte esencial do noso país, e a súa defensa e apoio por parte das diferentes administracións ten que ser primordial.

Eu non envexo para nada a súa posición, porque vostede é certo que non leva toda a vida no Goberno da Xunta de Galiza, vostede herdou unha situación relativamente complicada, porque efectivamente quince anos de goberno popular pois teñen o seu efecto. E vostede herdou pois un rural sen servizos, un rural coa xente moza emigrada, pero é a súa responsabilidade en gran medida poñerlle fin a esta situación. Ten vostede moito traballo por diante, moito moito; encontrará en nós —en contra do que lle digan as señorías do Partido Popular— sempre —sempre, e dígollo de verdade— a man tendida, sempre (*Murmurios.*) (*Risos.*) —hai que ter un pouco de respecto tamén, que eu non me río—. Terán sempre en nós a man tendida, e isto é completamente certo, porque nós facemos unha oposición firme, por suposto, como a temos que facer; e non facemos, como fan outras señorías do Partido Popular, que en canto perden os gobernos do Partido Popular, cando perden o goberno, rodean o Parlamento con alcaldes e fan outro tipo de cuestións que nós non facemos aquí.

Nós facemos unha oposición firme e construtiva, por suposto. Viríalles moi ben escoitarnos de vez en cando, o Bloque Nacionalista Galego e as propostas que temos, porque temos moitas propostas. Desde logo, desde a inopia e desde a posición de superioridade moral que vostedes traen aquí falándonos coma se nós non tivésemos ningún tipo de potestade, non se consegue nada. Escoite e traballe. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Presidente. Grazas de novo.

Deputados, deputadas.

Señor Suárez, agradezo pois esa man tendida e agardo pois igual que llela ofrezco eu cada vez que veño aquí. Espero, confío ademais no diálogo construtivo, sempre o fixen e sempre o seguirei a facer, pois a pesar de que desde a óptica duns e a doutros vexamos unha Galicia de cores distintos; pero non pasa nada, sempre ha de haber puntos de confluencia.

Eu teño pois unha visión distinta do medio rural, e non vivo nos mundos de Yupi, nunca considerei vivir nos mundos de Yupi, senón que máis ben considero que teño os pés na terra.

E non falei só do sector agrogandeiro, agro é todo: é o sector do viño, é o sector da horta, é o sector da flor, é o sector do vacún de leite e do vacún de carne e todas as novas plantacións que se están implementando en Galicia.

Mire, eu teño unha percepción distinta, teño unha percepción de que vivimos nunha terra viva, dinámica, chea de oportunidades para mozos e para mozas. E así é como o percibo eu.



E non só eu. Percíbeo o sector do viño, que demanda cada vez máis terras para plantar viñas, non só en Galicia senón de fóra de Galicia, porque ven que é unha terra de oportunidades — por certo, un sector no que se incorporan moitos mozos—; no do vacún de carne, no de vacún de leite tamén, que nos ven como un referente nacional e internacional —mal que lles pese—, é así, somos un referente para o resto de España, así que tan mal non o debemos de facer; no sector do mel; do queixo, onde estamos recibindo premios a nivel nacional e internacional; na flor ornamental, que vende para toda España, dende Galicia, dende a horta, algo do que nos temos que sentir moi orgullosos.

Pero tamén o perciben así os que se achegan a Galicia e fóra das nosas fronteiras. Mire, estiven en Barcelona no Fórum, ¿e sabe que? Eramos a envexa, os produtos galegos eramos a envexa da feira; cousa da que me sinto moi orgullosa como conselleira do Medio Rural, (*Aplausos.*) dese traballo ben feito.

E dende a Xunta de Galicia impleméntanse moitas políticas pensadas no rural. Eu sempre digo que Galicia é 95 por cento rural. Dende a Consellería de Política Social, como dicía, coas casas niño e esa gratuidade das escolas infantís, que, como alcaldesa, vivín, que foi un antes e un despois de pasar de case non ter nenos a ter a gardería, a escola infantil chea e con lista de espera nun concello de 3.000 habitantes; iso é un éxito. En educación, con centros de educación infantil e primaria no 90 por cento do territorio de Galicia, fronte ao 55 por cento do resto de España, incrementando un 11 por cento as prazas de formación profesional. Ou implicando as universidades, co Campus Industrial de Ferrol, co Campus Terra en Lugo, co Campus da Auga en Ourense, implicándoos directamente co rural galego. Dende Emprego, facendo programas específicos para a mocidade.

¿E que dicir dos beneficios fiscais? Con ese programa pioneiro de impostos cero no rural, coa eliminación deste tributo para todas as compravendas de chan rústico, de transmisións totais ou parciais de explotacións agrarias, ou as agrupacións de fincas rústicas, para que os galegos non paguen impostos por poñer en valor os terreos agrarios, para que poidan vivir no rural e do rural. Xa se teñen beneficiado preto de 200.000 persoas dende o ano 2016. Eu considero que iso é política pensando no rural.

E dende a Consellería do Medio Rural —como lle dicía— coa formación, coas achegas que lle mencionei antes, coas ferramentas implementadas na Lei de recuperación da terra agraria, cos plans de remuda xeracional.

Mire, é algo que me doeu moito, que hoxe esperaba o señor Fernández, que xa case facemos un ti e ti, esa referencia que me fixo aquel día aos padriños, que aínda a teño aquí cravada, señor Fernández, que algún día me pedirá desculpas, estou segura, porque coido que o dixo no ti a ti político e agardo que non fora sinceramente.

Creo que no rural hai moitas oportunidades, e a muller rural ten un papel esencial en fixar esa poboación. E dende a Xunta de Galicia pensamos nesa importancia que teñen as mulleres pensando en políticas que favorezan ese asentamento no rural.

E miren, algo debemos de estar facendo ben, porque —que me dicía que me centraba nos produtores de leite— o 33 por cento dos produtores de leite de Galicia teñen menos de 45 anos e



producen o 53 por cento do leite galego. Están á fronte das explotacións máis competitivas e modernas. Temos un club de xoves gandeiros que levan por toda Europa o nome de Galicia moi alto, gañando concursos a nivel nacional e internacional manexando vacas. Eu síntome moi orgullosa deses rapaces que teñen ilusión, toda a ilusión; non llela quiten con esa imaxe catastrofista de Galicia. Píddllelo de verdade, sexan positivos, eu creo que é moi importante.

Miren, creo que temos un rural atractivo para os mozos e as mozas sempre e cando sexa rendible, e niso traballamos. Para iso, tamén ten que estar profesionalizado, mecanizado, modernizado, e ese é o traballo que temos por diante dende a Xunta de Galicia. Eu, dende a miña humilde posición, hei de facer todo o que estea nas miñas mans dende a Consellería do Medio Rural.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto 7º da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Carlos López Font e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o tratamento do Goberno galego á cidade de Vigo na licitación da redacción dos proxectos de interese autonómico dirixidos a facilitar solo para a construción de vivendas

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

O pasado 29 de novembro o IGVS —vostede— anunciou a licitación da redacción dos proxectos de interese autonómico para o desenvolvemento de chan residencial para as primeiras 15.000... *(Pausa.)* Estamos sen reloxo...

O señor PRESIDENTE: Non. Estáballe comentando iso, que puxeran o tempo.

O señor LÓPEZ FONT: ...previstas na Estratexia galega de chan residencial en sete concellos. Facíase unha desagregación de vivendas aproximadas a desenvolver en cada concello. A sorpresa agradable foi a previsión para seis das sete cidades dun número de vivendas superior ao número de demandantes de vivenda en réxime de protección que cada un destes concellos teñen, segundo os datos oficiais do propio Rexistro da Xunta. Digo sorpresa agradable porque os recibimos con satisfacción.

Para a cidade de Vigo a previsión é de 1.000 vivendas máis que demandantes; en Santiago, 2.000 vivendas máis; en Pontevedra, 1.000 vivendas máis, do mesmo xeito que en Ourense. Reiteramos a satisfacción, pero o tratamento á cidade de Vigo non ten ningunha explicación, ao noso entender, e convértese nunha decisión discriminatoria e decepcionante para o conxunto da cidade.



Vigo ten 5.690 demandantes de vivenda en réxime de protección, segundo o último Rexistro do propio Goberno galego, e agora o Goberno galego só fai unha previsión de 2.300 vivendas a desenvolver; é nin máis nin menos que no 2028; é dicir, non cubrir con esta previsión nin a metade das demandas de vivenda que xera a cidade de Vigo.

E engadir que por estas actuacións levamos esperando quince anos, porque hai que lembrar que xa no 2008 a actuación do Ofimático xa estaba nos plans do Goberno de Touriño. Na actuación prevista para o Ofimático deben ter vostedes en conta que a ficha do PXOM de Vigo, informada favorablemente pola súa consellería, contempla unha gran superficie dotacional deportiva de 10.000 metros cadrados e zonas verdes de 40.000 metros cadrados. Por tanto, a actuación prevista neste proxecto autonómico debe ser compatible con esa ficha.

Conselleira, ¿por que esta marxinación á cidade de Vigo nesta licitación cando o tratamento ás outras cidades é diferente en positivo? ¿Que explicación ten que cun prazo tan longo e despois de quince anos de inacción se castigue a cidade de Vigo cunha oferta tan negativa con respecto a outros concellos? ¿Que pensa facer? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Señor deputado, efectivamente, a Xunta de Galicia, e, nomeadamente, esta consellería, está inmersa nese compromiso que temos de duplicar o noso parque público de vivenda. Efectivamente, Vigo é unha cidade fundamental para acadar ese obxectivo, pois —como ben di— Vigo é a cidade que máis inscritos ten no Rexistro de Demandantes de Vivenda Protexida, 5.700 persoas. Por iso, en Vigo estamos a desenvolver o maior número de vivenda de promoción pública e tamén habilitaremos solo que permita a construción do maior número de vivenda protexida e de vivenda libre.

E niso estamos. Efectivamente, o 29 de novembro saíu a licitación o primeiro dos ámbitos deses proxectos de interese autonómico de varias áreas urbanas, entre os que se atopa efectivamente o concello de Vigo, o Ofimático, 20 hectáreas que permitirán habilitar solo para 2.300 novas vivendas. E digo o primeiro, porque son máis os ámbitos que imos delimitar; de feito, xa están consensuados e coordinados co propio concello, coa propia Administración municipal, e está estudándose a súa viabilidade; estudos que teremos no mes de febreiro, que determinarán o ámbito ou os seguintes ámbitos que nos permitirán acadar eses metros cadrados suficientes para a construción de 9.000 vivendas novas en Vigo, que foi o que aprobamos na Estratexia galega de solo residencial.

Seguimos niso, por suposto que seguimos. Pero falemos de Vigo, porque non se trata só das 2.300 vivendas do Ofimático, senón que temos en execución o polígono de Navia, 1.600 vivendas, que será no futuro cando estean totalmente desenvolvidos eses tres polígonos.



Temos en marcha, desas 1.600, 755 vivendas de promoción pública xa en distintos procesos de execución, a meirande parte delas xa co contratista para iniciar a execución da obra adjudicado, pendentes da concesión da licenza municipal; licenza que nos concederon para o bloque de 40 vivendas, que onte mesmo demos conta do seu inicio e que será unha realidade no verán do ano 2026.

Vou dicirle a cifra que temos investido nos polígonos de Navia: 183 millóns de euros polo de agora nos tres polígonos de Navia. ¿Sabe canto é a aportación do Estado? Cero. ¿Sabe canto é a aportación da Unión Europea? Cerca de 16 millóns de euros. É dicir, a Xunta de Galicia, con fondos propios, inviste 167 millóns de euros polo de agora nos polígonos de Navia. *(Aplausos.)* Coido que as palabras do rexedor municipal tachándome de mentirosa son por ignorancia e non por coñecemento destes datos.

Pero mire, aproveito esta oportunidade que me dan nesta Cámara para seguir a pedir a colaboración, que ata o de agora foi excepcional, de todos os concellos e espero que siga a ser así. E pídlles tamén, señorías, encarecidamente, que se unan a esta colaboración para este obxectivo común que temos, porque nos debemos á nosa cidadanía galega, que é o que están demandando, con independencia de cores políticas e con independencia de partidos políticos.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Moito presume vostede de vivendas en Navia, pero, cando chega a hora da verdade, non cumpren.

Conselleira, ten vostede unha forma moi especial de contestar a nosa pregunta: o día anterior cun anuncio —outro máis— realizado en Vigo. Pero trátase —non nos engane— dun só anuncio, ao que vostede mesma lle puxo a incerteza. Anunciou onte 5.000 vivendas máis en catro ámbitos, que non quixo desvelar, —leo literal— «*para no crear expectativas que luego no lo son*» —esta frase é súa, conselleira, reproducida hoxe nos medios de comunicación—, e que non quería dar datas sinalando que «*xa veremos en febreiro*». Pois grazas por darnos a razón, porque é o que vimos dicindo de forma reiterada, que este goberno crea expectativas que logo non se cumpren. *(Aplausos.)* Poñer a venda antes da ferida soa a conselleira que non cumprirá o seu compromiso.

En todo caso, satisfacción dos socialistas por obrígalos, polo menos en forma de anuncio, a rectificar un erro tremendo. Anuncios como é o das 2.300 vivendas para a cidade de Vigo son os que demostran a insignificancia política do PP de Vigo. Conselleira, hoxe saímos de aquí con 2.300 vivendas e «*xa veremos en febreiro*», porque segue habendo en Vigo 5.690 demandantes de vivenda de protección oficial e a cidade de Vigo segue tendo un grave problema, que vostedes, con competencia exclusiva, non son capaces de abordar desde hai quince anos.



Pero, sobre todo, esperemos que as vivendas prometidas, das que hoxe descoñecemos o número total, estean a executarse en 2028, cando vostedes xa levarán gobernando dezanove anos.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, señor presidente.

Señor deputado, semella que non escoita. A realidade é que en Vigo estamos a desenvolver o maior número de vivenda de protección pública. A realidade é que en Vigo imos habilitar o maior número de metros cadrados que permitan o desenvolvemento dos ámbitos urbanizables do concello de Vigo para a construción de vivenda, tanto libre como protexida. Polo de agora, eses 2.300 do Ofimático; polo de agora, eses 1.602 dos tres ámbitos dos polígonos de Navia. E veremos o resultado deses catro ámbitos urbanizables, que non quere dicir que desenvolvamos todo, simplemente que estamos a expensas deses estudos de viabilidade urbanística para determinar que ámbitos son compatibles conforme estamos nas conversas e cooperación que estamos a ter do Concello de Vigo, da Administración municipal, porque por suposto que contamos coa colaboración da Administración municipal.

En Navia, do polígono 1, que son 359 vivendas de promoción pública, xa temos todas en marcha, xa estamos a expensas e espera desas licenzas municipais que nos permitan iniciar ou continuar a construción que onte mesmo perfectamente iniciamos.

Pero é que non estamos a falar só de Navia. Falemos, por exemplo, tamén do Consorcio Casco Vello de Vigo. No Consorcio Casco Vello de Vigo, a Xunta de Galicia inviste todos os anos 400.000 euros, dos que o 10 por cento son aportación municipal e o 90 por cento aportación da Xunta de Galicia. As actuacións do Consorcio Casco Vello de Vigo permitiron polo de agora adquirir 89 inmobles e rehabilitar e pór á disposición 130 novas vivendas protexidas.

E máis exemplos: asignamos ao Concello de Vigo o 20 por cento do investimento total para toda a nosa Galicia do Programa de barrios, 6,4 millóns de euros en barrios como San Roque, Casco Vello, Bouzas, Beiramar, Santa Clara, Teis, que permitirán rehabilitar cerca dun milleiro de vivendas. Fondos que xa foron transmitidos e transferidos ao Concello de Vigo, e fondos europeos que, efectivamente, a Xunta xestiona dun modo eficaz ao cen por cento, tal e como recoñece o propio ministerio, que nos acaba de ingresar un ingreso extra dun millón de euros polo cumprimento do cen por cento dese programa de construción de vivenda pública, en detrimento doutras comunidades autónomas, que non foron quen de executar eses cartos. Un millón de euros, ¿que sabe onde o destinamos, señoría? Destinámolo precisamente a Vigo, a 37 vivendas de promoción pública do concello de Vigo, aos que temos que sumarles 2,6 millóns de euros de fondos propios que inviste a Xunta de Galicia no concello de Vigo.



Por iso, creo que o compromiso coa cidade olívica da Xunta de Galicia é incuestionable, polo que lle pido e reitero colaboración e rigor nun tema tan complexo e preocupante como é a vivenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Julio García Comesaña e once deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o nivel de compromiso do Goberno central verbo da posta en marcha da liña ferroviaria de alta velocidade entre Galicia e o norte de Portugal

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, conselleiro.

Existe un amplo consenso á hora de considerar que o tren de alta velocidade entre o norte de Portugal e Galicia é unha infraestrutura prioritaria e de vital importancia, basicamente para a mellora da mobilidade entre os dous lados da fronteira; tamén en que para facelo realidade é imprescindible intensificar e materializar o compromiso para a posta en marcha desta infraestrutura, cunha mellor planificación, con certezas como son os orzamentos e co establecemento de prazos realistas e concretos. Por iso, a Xunta de Galicia puxo en marcha acordos con Portugal, para exixir aos seus respectivos gobernos estatais investimentos e un calendario encamiñados a garantir esa conexión de alta velocidade entre Vigo e O Porto; en definitiva, entre Lisboa e A Coruña.

A esta petición sumáronse diferentes actores, como as conferencias de empresarios de Galicia, as das catro provincias, as deputacións de Lugo, Pontevedra e Ourense, a Federación Galega de Municipios, as agrupacións europeas de Cooperación Territorial de Norte de Portugal, Rio Minho e Chaves-Verín, as universidades de Santiago e A Coruña, os concellos sociais das tres universidades.

En liña con esta demanda, tamén o pasado 9 de outubro neste pleno, o Parlamento galego aprobaba por unanimidade unha iniciativa na que se instaba a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno español para que intensifique ese compromiso coa posta en marcha dese tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira con Portugal, para o que é imprescindible, por certo, un calendario urxente —insisto— con datas certas e tamén unha reserva orzamentaria para acometer, por unha banda, a saída sur de Vigo e, por outra, avanzar no tramo que vai dende O Porriño ata a fronteira portuguesa.

Esa intensidade no compromiso pedíasele ao Goberno de España co gallo da cimeira que se celebraba o 23 de outubro en Portugal. Tamén o pedía o ditame da reunión interparlamentaria previa a esa cimeira —asinado, por certo, por Francina Armengol— dos parlamentarios de España, os do PP e os do PSOE por parte española, e de Portugal, de todos os grupos políticos na Cámara portuguesa.



Desafortunadamente, nese foro, o Goberno de España fixo oídos xordos a esa petición unánime do Parlamento de Galicia e mesmo dos parlamentarios nacionais dos dous países, e deu prioridade á liña Madrid-Lisboa; ao contrario do que fixo o Goberno portugués, tal como xa adiantara o secretario de Estado de Transportes nos medios de comunicación galegos.

A resposta a este planteamento claramente tibio ou máis ben frío do Goberno español non se viu mellorada polo último intento do Concello de Vigo por salvar a súa posición, axitando unhas declaracións do secretario de Estado en sentido contrario ao manifestado nada máis e nada menos que por Pedro Sánchez e Óscar Puente sobre a prioridade do Goberno de España por esa liña Madrid-Lisboa fronte a Vigo-O Porto. Será unha cuestión de insignificancia política do PSOE de Vigo.

Neste contexto, a Xunta púxose en contacto co Concello de Vigo para buscar a unanimidade, que houbo neste Parlamento, nese acto multitudinario que tivo lugar hai dúas semanas en Vigo. Só faltou o Concello. A súa resposta non merece ningún comentario. E quería preguntarlle, señor conselleiro, que opinión lle merece esa falta de compromiso do Goberno de España en relación coa posta en marcha dese tren de alta velocidade entre Vigo e O Porto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

A resposta e a opinión son pésimas, señoría, pois son incontables os desplantes, os agravios, os incumprimentos do Goberno de España co ferrocarril galego e a conexión de alta velocidade entre Galicia e Portugal. A verdade é que non deixa de ser abraiante que o principal aliado de Galicia para poder pedir esa conexión entre Galicia e o norte de Portugal sexa o Goberno do país veciño, o Goberno de Portugal, mentres que España boicotea esta lexítima aspiración.

E isto é un feito. Vostede dicíao: o pasado día 4 de novembro fixemos un acto en Vigo, que titulamos «Queremos AVE Vigo-O Porto», no que se puxo de manifesto unha vez máis a sintonía entre Galicia e o norte de Portugal, a complicidade para loitar xuntos por unha infraestrutura estratéxica para a vertebración territorial e o desenvolvemento económico e social conxunto desta eurorrexión.

España e Portugal —dicíao vostede— levamos máis de dez anos traballando conxuntamente para que esta conexión sexa unha realidade, e houbo diferentes cumios ibéricos nos que España e Portugal, efectivamente, traballaban conxuntos. Pero é verdade que no último Cumio ibérico de Faro foron os deputados portugueses de todos os partidos políticos de todo o arco parlamentario os que lle dixeron ao Goberno de España que eles querían priorizar, se cabía, a conexión con España a través de Vigo e non a través de Madrid. Chegaron a un acordo na-



quel momento no que parecía que, efectivamente, se ían facer as dúas conexións ao mesmo tempo, posto que nós non estamos demandando chegar antes que ninguén, pero o que non queremos é o que fixo o Goberno de Pedro Sánchez ao día seguinte ao priorizar a conexión con Madrid e relegar a conexión con Galicia.

A verdade é que, tal e como están as cousas, o obxectivo do Goberno de España é que esa conexión forme parte da rede básica ampliada, é dicir, no ano 2040. E pese a que o alcalde de Vigo insistiu ao secretario de Estado para que falase desa conexión no ano 2030, debe pensar que todo se olvida, como cando asegurou que o AVE ía chegar nos anos oitenta a Vigo. A pesar diso, todos sabemos, calquera persoa, calquera técnico, calquera consultora de enxeñería lle pode dicir a calquera que no día de hoxe é imposible chegar no ano 2030, posto que xa o estudo da saída sur de Vigo aínda non o temos enriba da mesa. E con todos os trámites que quedan por diante para pasar, é imposible chegar no ano 2030, pero non é imposible na década deses trinta. Calquera que saiba de contratación pública e saiba de grandes infraestruturas, sabe que ao paso que imos, imos ao 2034, ao 2036, ou sabe Deus cando. Porque xa só o feito de ter que facer unha ponte internacional sobre o río Miño leva consigo uns estudos e uns prazos, que no día de hoxe fai imposible comprar esa data.

Nós, como lle dicía antes, non queremos ser primeiros que ninguén, pero o que non queremos é que se nos tome o pelo e quedar relegados nesta conexión.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, señor conselleiro.

Nesta segunda quenda gustaríame saber a súa opinión, a opinión do Goberno galego, polos agravios comparativos ao corredor Atlántico de mercadorías, tanto no que respecta ao corredor Mediterráneo como na comparativa de investimento realizado no ferrocarril, por exemplo, nomeadamente na comunidade catalá.

Vimos estes días que a Xunta busca o apoio empresarial para exixir ao Goberno central avances no corredor Atlántico de mercadorías. ¿Para cando esperan ese plan director do corredor Atlántico, fundamental para o desenvolvemento dunha rede estratéxica e prioritaria para a Unión Europea, cuxa posta en marcha é vital para reforzar a competitividade do transporte ferroviario de mercadorías no noroeste peninsular? De feito, estudos realizados por Galicia, Asturias e Castela e León estiman que a execución dese proxecto requiriría polo menos oito mil millóns de euros en investimentos para novas xefaturas ferroviarias e de mercancías.

E, xa de paso, tamén preguntarlle, señor conselleiro, se terá algo que ver con esa falta de compromiso que vemos estes días pola consideración de Vigo como un porto nodal en Europa.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Pois empezando polo final, claro que ten que ver, pois, efectivamente, a non-inclusión de Vigo como un porto nodal por parte do ministerio reflicte unha vez máis cal é o compromiso que ten o ministerio con Galicia.

Escoitabamos estes días algún actor principal desta comarca dicir que isto era culpa da Xunta de Galicia, porque os presidentes das autoridades portuarias os nomeaba a Xunta de Galicia. Mire: o presidente da autoridade portuaria noméao a Xunta de Galicia, pero pertencen a Portos do Estado, e Puertos del Estado estaba de acordo con que Vigo e Ferrol fosen incluídos como «*puertos nodales*». Pero o ministerio, que é o que ten que negociar con Europa o cambio de criterio e a inclusión destas autoridades portuarias, dixo que non. Polo tanto, asistimos como unha vez máis Vigo, Ferrol, Galicia, en definitiva, queda relegado.

E isto vai relacionado tamén co que estabamos falando, porque durante todos estes últimos meses vimos como o ministerio presentaba a convocatoria de fondos europeos para levar a cabo nestas infraestruturas determinadas obras. ¿E cal é a sorpresa? Que todas as obras que presenta en todas as convocatorias son obras que corresponden co corredor Mediterráneo. Non temos nada que obxectar, que o corredor Mediterráneo poida seguir medrando e, loxicamente, construíndose, efectivamente, pero o que non é de recibo é que isto supoña que as obras do corredor Atlántico queden relegadas, e é máis: que non aparezan en ningún papel.

Ese plan director do que vostede falaba seguímolo reclamando. Eu mesmo tiver unha reunión co secretario de Estado e co comisionado do corredor Atlántico, quen ano e medio despois de ser nomeado dignouse a estar con nós, quedou de enviarnos ese Plan director do corredor Atlántico para comprobar se efectivamente as obras que están incluídas aí son as que nós consideramos que son as necesarias, pero xa non é que o considere Galicia, senón que chegamos a un acordo co presidente do Principado de Asturias, do Partido Socialista, o presidente da Junta de Castela e León, e determinabamos unhas obras que eran necesarias. Pois ben, o Estado considera que coa metade do financiamento vai poder levalas a cabo. Pero xa non é só iso, senón que encima non as lícita.

Estes días viamos na prensa tamén como a secretaria de Estado de Transportes dicía que nos últimos anos o investimento en Cataluña foi menor do que lle correspondía, e a verdade é que iso xa nos encheu de asombro, de estupor. En fin, o que hai que facer para aprobar uns orzamentos.

Nos últimos seis anos en Cataluña, segundo os datos de SEOPAN, licitáronse 2.800 millóns, e en Galicia 1.640 millóns. Polo tanto, dicir que non se licitou o que tiña que facerse en Cataluña, dende o resto de España vémolos como un insulto. O 13 por cento do investimento foi para Cataluña, e en Galicia menos do 7 por cento.



E se falamos do corredor, pois o importe licitado no corredor Mediterráneo no día de hoxe son 7.100 millóns, e xa están adxudicados 5.300 millóns. É dicir, a totalidade dos quilómetros do corredor Mediterráneo están en obra. ¿Sabe cantos están no corredor Atlántico das obras necesarias? Cero.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Imos coa seguinte pregunta.

É que substituí o presidente, ¿e vostede xa rematou a segunda quenda? Xa rematou.

Imos esperar a que entre o conselleiro.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Ah!, perdón. Alteraron, ¿si?

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a intención do Goberno galego no que concirne á creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta e por un tempo de tres minutos ten a palabra dona Paloma Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Ben, antes de iniciar a pregunta quería mostrar a nosa condena e a nosa repulsa polo último asasinato machista do que acabamos de ter noticia en Viveiro, no que xa é un insupportable goteo de mulleres asasinadas en mans das súas parellas ou exparellas, e volver insistir aquí en que a mellor política de prevención é a educación, a educación e a educación. *(Aplausos.)*

E xa na pregunta, boas tardes, conselleiro. Hai un mes preguntabámoslle ao Goberno da Xunta se ía cumprir a Lei de memoria democrática. Vostede dicía que era unha lei que non lle gustaba, pero que a estaban a cumprir, optando ás axudas que ofertaba o Goberno do Estado, e referíase vostede a esa liña 1, para a localización, exhumación e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a ditadura, á que optaron con varios proxectos dende Galicia.

Pero a lei non só establece esa obriga para as comunidades autónomas senón tamén outras moitas, que vostedes ata o de agora pois non están dispostos a facer, incluso aínda que non teñan que gastar nin un só euro dos fondos propios, porque xa sabemos que non están dispostos. Así, non incluíron neste orzamento unha partida destinada á recuperación da memoria, e tampouco aceptaron ningunha das nosas emendas nos últimos anos nas que se incluían este tipo de partida.



Pero aí hai outras subvencións por parte do Estado, por exemplo, as dedicadas a esas actividades de divulgación de traballos efectuados ou da dignificación de lugares de enterramento e promoción de lugares da memoria, como, por exemplo, o pazo de Meirás ou a illa de San Simón, que cumpren todos os requisitos e que se negan tamén de forma reiterada a protexelos e recoñecelos.

Para nós, os socialistas, é imprescindible que os poderes públicos, a través da administración, tanto a estatal como a autonómica ou local, leven a cabo políticas públicas dirixidas, por exemplo, ao coñecemento da nosa historia. Porque entón non pasarían cousas como o acontecido esta mañá, que a señora Candia non sabía que Franco fora un ditador. Entón, o coñecemento da historia é importante. É importante tamén facilitar a participación cidadá a través de nós, dos representantes, tanto dos democraticamente designados como os representantes da vida económica, cultural e social de Galicia.

Para iso, a lei prevé a creación dos consellos da memoria democrática. Eses consellos xa existen noutras comunidades autónomas, existen tamén nalgúns concellos de Galicia, e podo citarlles: Pontedeume, Narón, A Coruña, Neda, que está en proceso de creación, ou incluso Ferrol, que goberna o Partido Popular, e creouse este consello e están preparando na actualidade o regulamento.

Nós, hoxe, señor conselleiro, pedímoslles que sigan vostedes os exemplos destas comunidades autónomas ou destes concellos galegos, e que a Xunta constituía de forma consensuada co resto dos grupos políticos con representación parlamentaria estes consellos de memoria democrática como un órgano colexiado, permanente e de participación. Un órgano para poder traballar de forma consensuada na divulgación da nosa historia, porque, ao final, o que estamos a facer é defender os dereitos humanos e o seu recoñecemento institucional e social. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señoría, eu, como efectivamente dicía vostede, señora Castro, hai un mes, dicíalle que o Goberno galego cumpre a lei. Non facelo sería inaceptable, inexplicable e ademais un delito. Por iso, dende o Goberno galego podemoslle dicir que cumprimos coa lei.

Pensei que lle quedara claro xa ese proceder, cando hai menos dun mes respondín cun si rotundo á súa pregunta de se o Goberno galego cumpría coas obrigas contidas na Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática. E quérolo repetir para que quede constancia no *Diario de Sesións*: si, cumprimos coas obrigas contidas na Lei de memoria democrática. E facémolo coa normalidade que require e se espera dunha administración que cumpre co seu deber: obedecer á lexislación vixente.



En consecuencia, participamos de forma activa en todas as reunións que convoca a Secretaría de Estado de Memoria Democrática do Goberno de España. Executamos o plan de traballo que nos asigna o Goberno central, no que atinxe á localización, no que atinxe á identificación das vítimas da ditadura e tamén no que respecta á dignificación dos lugares de enterramento dos represaliados durante o franquismo.

Agora ben, ¿onde di a lei que teñamos que constituír o Consello da Memoria Democrática de Galicia? Non entendo este empeño que lles entrou aos socialistas, ou máis ben si que o entendo, de resucitaren o franquismo, ata o punto de preparar para o 2025, señoría, un feixe de actos para conmemorar os cincuenta anos da morte do ditador, nomear un alto comisionado e ata constituír unha comisión científica de expertos para organizar os fastos. Pois ben, ¿que quere que lle diga? Pois cando o Goberno se sente acurrulado, ou saca o helicóptero cos restos do ditador ou fai actos acerca do aniversario do seu falecemento.

En fin, o Goberno galego cumprirá a lei, señoría, que lle quede claro. Non participará na estratexia do Partido Socialista de tentar buscar un rédito político reescribindo a historia ou cuestionando algunha parte da súa reconciliación. E isto nin implica nin significa que nos esquezamos das vítimas da guerra, da ditadura. O que non queremos facer é que esa lembranza sexa de xeito nesgado e ideoloxizado por parte do Goberno.

Somos favorables, señoría, favorables, a restablecer a memoria histórica e a xustiza, pero non estamos dispostos a dinamitar a convivencia e a reconciliación nacional. É dicir, en Galicia seremos escrupulosos co cumprimento da lei, pero non alentaremos eses enfrontamentos. Resolvemos os expedientes da retirada de símbolos contrarios á memoria democrática e traballamos no espazo web, onde se procede a acceder ao material documental da Guerra Civil e das súas consecuencias, que está custodiado nos arquivos históricos provinciais, que son competencia da Xunta; completamos a través do proxecto multidisciplinar Nomes e Voces a elaboración dun mapa de localización dos restos, e estamos a traballar na exhumación das vítimas en colaboración co Goberno central.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Calvo.

Réplica, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Nós non lle estamos a dicir que é unha obriga que impón a lei, pero si que están recoñecidos nesta lei estes consellos de memoria democrática, que é o que lle pedimos que creen vostedes en Galicia, seguindo o exemplo que están a facer algúns concellos galegos e outras comunidades autónomas.

E non queremos nin de lonxe resucitar o fascismo, señor conselleiro, o que queremos é que non resucite só. E para que non resucite só temos que recoñecer, lembrar o acontecido e honrar, honrarmos os valores de concordia, convivencia, pluralismo político e defensa dos



dereitos humanos e, sobre todo, distanciarnos da ultradereita e desas leis de concordia que o único que pretenden e branquexalo.

E tamén desmarcarnos de posturas como a do Partido Popular de Isabel Díaz Ayuso, que falaba nuns termos similares ao que dixo agora vostede, de que Pedro Sánchez toleou, quere queimar as rúas e provocar violencia ao anunciar que vai condenar os cincuenta anos da morte de Franco. Como está a facer Italia, co día 25 de abril, Día da Liberación, no que conmemora a morte do ditador Mussolini, ou Alemaña, o 8 de maio, co Día da Vitoria de Europa. Pero non, en España non podemos facer iso porque, segundo Feijóo dixo: falar disto é unha pereza. É unha pereza non, é unha falta de respecto dicir que é unha pereza cara a moitos galegos e cara a moitos españois.

Señor conselleiro, eu creo que os partidos demócratas temos que comezar a tomarnos en serio o que nos están a advertir as enquisas e tamén os últimos datos electorais en relación co auxe da ultradereita, sobre todo entre a mocidade, xa que, e non xa dende lonxe, senón xa en España, temos que comezar a tomarnos en serio o contorno xeral de información nas redes sociais e nalgúns medios tamén tradicionais, que de forma intencionada están axudando estes movementos a transmitir a súa mensaxe, contribuíndo a difundir noticias e discursos de odio, homófobos, misóxinos, racistas, baseados no odio. E a mellor arma para isto é o consenso dos demócratas e, por suposto, o coñecemento da historia. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor Calvo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

De feito, dicíalle que sabe vostede que o Goberno é o que elabora ese Plan cuadrienal de memoria democrática, e o Goberno central reparte o orzamento reservado para a exhumación das fosas, 3 millóns de euros no ano 2024 para toda España, dos cales lle asignaron a Galicia 76.000 euros. Vostedes presentaron unha emenda — fíxese ben —, presentaron unha emenda nos orzamentos deste ano para que nós destináramos 5,3 millóns de euros, cando o Goberno do Estado destina 4,6 millóns para toda España. Pero esa é a súa postura.

En fin, dicía vostede que lle daba pereza, que era «unha pereza e falta de respecto» dicía en alusión á postura do Partido Popular. Fíxese: nós xa dixemos na súa tramitación que non nos gustaba esta lei, dixémolo alto e claro. E, ademais, no noso programa electoral, cando nos presentamos ás eleccións, dixemos que cando teñamos a oportunidade de poder gobernar imos cambiar esta lei, por outra distinta.

A min paréceme unha falta de respecto que vostedes poidan chegar a pactar esta lei, por exemplo, cun partido como Bildu. Porque eu non teño ningún reparo en dicirllor: Franco era un fascista e un ditador. Non, non, escoite: pero Bildu son os herdeiros dos que defenderon a ETA. ¿Vostede está de acordo con iso? *(Murmurios.)* ¡Ah!, non, aí non está de acordo. Claro, aí non está de acordo.



A min paréceme unha falta de respecto que algún partido político en España, porque había un consenso, poida chegar a pactar algo con Bildu no Congreso dos Deputados. *(Aplausos.)* Moito máis, señoría, me parece unha falta de respecto que se poida acudir a unhas eleccións na mesma candidatura que Bildu. Pero iso a vostedes dálles igual. Iso para vostedes non ten nada que ver. E foron responsables de oitocentos asasinatos en España, de xente do seu partido. Pero non teñen reparo en pactar con eles, non teñen reparo en chegar a acordos en todas as votacións e en poñerse na foto con eles. Xa non falo de ir na candidatura, porque eses son os seus socios. *(Murmurios.)* ¿Verdade, iso non é falta de respecto á memoria democrática deste país? Esa é a dobre vara de medir que ten a esquerda, e que teñen vostedes e mais os seus socios de goberno en Galicia. Esa dobre vara de medir, esa superioridade moral á que antes aducía un deputado aquí, esa é a da esquerda, que pode pactar con Bildu esta lei. Agora, iso si, cando o Goberno galego cumpre estritamente o que di unha lei, que non lle gusta e promete cambiar cando ten oportunidade, entón iso é unha falta de respecto. *(Aplausos.)*

Mire, señoría: eu creo que é conveniente que revisen os seus postulados, porque este partido nunca o verá pactar con partidos como Bildu, e vostedes fano, e os seus socios de goberno van nunha mesma candidatura con eles.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ben, agora si, e desculpen o erro de antes, procede a pregunta ao señor Román, a 7.3.

Pregunta de D^a María Cristina Fernández Davila e D^a Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe ao reforzamento do cadro docente do CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera, de Pontearreas, na área de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra dona Cristina Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Boa tarde, señora presidenta, señor conselleiro.

No pasado mes de setembro, debatemos neste mesmo pleno sobre a situación da atención á diversidade no ámbito educativo. Na miña intervención contei o caso de Mauro, un alumno con necesidades específicas de apoio educativo do CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera, de Pontearreas, que non tiña as especialistas que precisaba para o seu desenvolvemento persoal e educativo.

Quero lembrarlle hoxe ao conselleiro de Educación, Román Rodríguez, quen é Mauro. Mauro representa a outros moitos alumnos e alumnas deste CEIP matriculado en quinto de infantil cunha necesidade de apoio educativo importante. O pasado ano, noutro centro da comarca, tiña cinco horas de Pedagogía Terapéutica e outras tantas á semana de Audición e Linguaxe. Este curso, no Ramiro Sabell, pois dinlle que non vai ter ningún apoio, que están desbordados, cun incremento importante do alumnado NEAE, e este colexio ponteareán non vai poder prestar a atención debida a ningún destes alumnos.



Na actualidade, Mauro, malia ter pasado o primeiro trimestre completo do curso, pois segue sen dispoñer da atención que precisa, segundo os informes tanto médicos como de orientación. E terá a partir do 2005 tan só unha hora de Pedagogía Terapéutica á semana, debido á insistencia da familia, sobre todo, e á mediación da Inspección educativa. ¡Que diferenza, señor Rodríguez, ¿verdade?, entre cinco horas á semana é unha hora este curso!

En Ponteareas son moitos máis centros os que se atopan nesta situación. As direccións levan todo o verán solicitando e reclamando a cobertura das prazas necesarias para a atención do seu alumnado. E ante a falta de resposta da consellería, pois son agora as nais e os pais os que se uniron para solicitar estes recursos e plantar cara tamén á consellería mediante mobilizacións, que comezarán mañá mesmo diante da Casa do Concello de Ponteareas. Aquí teño a concentración, (*A señora Fernández Davila amósalle á Cámara unha convocatoria.*) que está convocada para mañá. Non pretenden outra cousa que ser escoitados e que a Consellería envíe as docentes necesarias, ou non poderán seguir o ritmo da clase e será un curso perdido, un tempo que non van poder recuperar.

Hai que ter en conta tamén que, malia que a natalidade teña descendido, o número de alumnado NEAE está en aumento, con menos docentes nos centros, xunto cunha diminución das súas horas lectivas, a supresión de programas como Acompaña ou a redución do número de centros que optaron ao PROA+, que son precisamente os que aportan apoios e reforzos aos centros. Así que todo isto fai que a atención individualizada a este alumnado máis vulnerable estea en entredito.

O CEIP Ramiro Sabell é un centro de infantil e primaria que ten 59 alumnos e alumnas que precisan especialistas, onde só neste momento teñen dous P, un PT preferente para un só alumno e un AL. ¿Vostede pensa que catro especialistas son suficientes para 57 nenos e nenas?

Así que lle pregunto tamén a vostede, señor Rodríguez: ¿vai a Consellería de Educación aumentar o número de mestres e mestras de especialistas en PT e Audición e Linguaxe para atender con total garantía todo o alumnado deste centro educativo? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle a resposta ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, pois moi boa tarde.

Grazas, señora presidenta.

Eu, a verdade, cando vin esta pregunta pensei que había boa fe na mesma, sobre todo sendo vostede dese concello e que intentaba aportar algo positivo ao debate político nesta materia. Obviamente, pedín aos servizos de inspección, pedín os datos aos servizos de orientación, que, por certo, son a Consellería, non pense que orientación ou inspección son entes abs-



tractos. E, a verdade, é que me dei conta de que era moi difícil pois buscar esa boa fe que eu intentei buscar na súa pregunta; non fun capaz de buscar un porqué desde a perspectiva positiva.

É obvio que pola súa parte, por parte do Bloque Nacionalista Galego, levamos asistindo a unha estratexia xeral de desprestixio en diferentes ámbitos da acción política, sobre todo da acción política administrativa, e diría máis: da acción administrativa da Xunta de Galicia en moi diferentes ámbitos.

Vímolo constantemente en sanidade, cuestionando o traballo dos profesionais médicos, ou estámolo vendo agora, cuestionando os técnicos de Medio Ambiente, e aquí tamén se está cuestionando, en definitiva, os servizos de inspección e os servizos educativos, que, obviamente, plantexan unha cuestión que ten pouco que ver co que vostede di aquí. Vén dicir claramente que non hai apoios, que non se presta a atención educativa precisa. Fala de Mauro, hai por desgraza centos, centos, miles de Mauros, miles de Mauros, non un só, moitos, aos que se lles intenta prestar a mellor atención educativa posible sen dúbida ningunha. E son os servizos de orientación e son os servizos de inspección os que organizan esta atención.

E, claro, vostedes plantexan o discurso, eu case diría un discurso de serie, e falan de recortes constantemente. Creo que o que nós estamos plantexando no que é o curso máis complexo desde a perspectiva organizativa, pero onde temos menos alumnos que nunca e máis profesores que nunca, realmente a vostedes déixaos fóra de xogo. Pero vostedes seguen perseverando nese discurso, e realmente o que hai que ver son as realidades e hai que ver os datos.

Mire: vostede fala dos ratios. Os ratios deste goberno son moito máis baixos que os ratios dos gobernos de esquerdas, e puxémolo nunha lei que aprobamos onte. Os dos gobernos de esquerdas, do Bloque e do Partido Socialista, son moito máis altos.

Vostede fala de atención á diversidade. Temos o mesmo número de especialistas que o ano pasado, o mesmo número de especialistas, de profesionais, que o ano pasado, con menos alumnos. De feito, o ano pasado había 314 alumnos, e este ano hai 294 alumnos. E a configuración organizativa de cuarto de primaria onde vostede fala corresponde a un criterio técnico, pois podía haber unha aula de vinte alumnos con reforzos ou dúas aulas con dez alumnos. E iso é o que hai.

E que vostede negue aquí que non hai a atención educativa e o reforzo educativo é sinceramente faltarlle ao respecto ao profesorado deste centro educativo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Ben, se algo sobreviven estes rapaces é grazas precisamente á orientación e aos profesores.



Pero, señor conselleiro, parece mentira que defenda o indefendible; debe de ser un papelón o de vostede. Porque levamos dende agosto con mobilizacións constantes nas rúas das familias; as que fixeron un maior ruído foron atendidas, aínda que foron un mínimo, e as demais quedaron cos recursos que inicialmente lles deran aos centros, que eran insuficientes.

Lembro aquí o seu posicionamento precisamente na pregunta sobre a falta da docente na Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil de Vigo. Unha semana despois chegaba esta profesional ao hospital. Así que cada vez que se lle pregunta, vostede oculta a realidade. Por iso están as familias na rúa, que seguro que teñen bastantes cousas mellor que facer que estar reclamando todos os anos o que lles corresponde.

Mire que é doado sería chegar aquí, vostede, sacar peito coas familias e demostrar que o que pediron as direccións dos centros foi o que a Consellería deu. Pero non é así, pois sabe vostede que iso non aconteceu. Vostedes estiveron instalados na propaganda dun profesorado que ninguén mirou, nese 94 por cento de inclusión, do que vostede sempre fala, e que non é real, porque se non hai medios é difícil que os rapaces poidan seguir as clases.

O alumnado está frustrado e desmotivado, e as familias desesperadas, desesperadas porque non comprenden por que a Consellería fai esa discriminación con alumnado que ten un diagnóstico claro. ¿Por que esa falta de empatía precisamente con estas persoas máis vulnerables? ¿Por que ese abandono e falta de algo tan básico como é o profesorado?

Teño que lembrar que onte vostedes votaron en contra dunha emenda do BNG para dotar con 10 millóns de euros para o reforzo de profesorado e 5 millóns de euros para especialistas en apoio educativo. Así que o problema está claro que non son cartos, non os queren, non fan o cambio. É unha decisión política. E hoxe, aproveitando que as representantes das nais e pais están aquí neste hemiciclo, deberían vostedes enfrontalos e dicirlles os motivos desa ideoloxía e desas políticas que fan vostedes, dos recortes precisamente daquilo que máis necesita este alumnado, que son os apoios e reforzos educativos.

Así que volto a preguntarlle: ¿cando lles van enviar esas docentes que se precisan no centro educativo Ramiro Sabell Mosquera, de Ponteareas? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas.

Eu, a verdade, vou poñer datos enriba da mesa: menos alumnos, o mesmo número exacto de profesores, o mesmo número exacto de atención á diversidade, cursos que podían ser vinte alumnos nunha aula hai dúas augas con dez alumnos, e a partir de vostede diga o que queira. Vostede, a verdade,... *(Pronúncianse desde a tribuna do público palabras que non se perciben.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.

Prégolle silencio. Non pode intervir, agradézolle que os servizos lle expliquen as normas.

Moitas grazas.

Continúe, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, vostede aquí plantexa, señoría... Eu tamén saúdo as familias aquí presentes.

Eu aquí quero tamén dicirle unha cousa: o equipo directivo, os servizos de orientación, os servizos de inspección e o conxunto do profesorado é a Consellería de Educación. Eu son o representante político co moito orgullo, pero é que non se pode dissociar como vostedes plantexan e dicir: non, politicamente hai uns responsables políticos, que son uns cafres, e despois hai unha estrutura, que funciona ben. Non, toda a estrutura da consellería está envorcada en axudar máis a quen máis o precisa. E, obviamente, eu son moi consciente e moi sensible coas necesidades das familias, moito máis do que ao mellor se pode pensar. E pódolle dicir que se fan e se toman as medidas todas as que se poden facer dentro do contexto, e fanse todas con criterios técnicos, dos servizos de inspección e do servizo de orientación específica.

E vostedes aquí danlle moito ao pico; vostede dálle moito ao pico e fai pouca pa. Fala de recortes tranquilamente, fala da atención á diversidade, fala da atención ao alumnado, e eu lembro —e non quería dicir isto pero vouno dicir, tal e como plantexou o seu debate— que tivemos que rescatar. ¿A cantos alumnos tivemos que rescatar do seu concello de Ponteareas, porque vostede os abandonou co servizo de comedor?, ¿cantos? Había un servizo de comedor en Ponteareas, do que, de repente, o Concello se desentende, e tivo que ser a Consellería de Educación quen os rescatase. Co cal, cando se fala de que non hai sensibilidade, de que non hai a atención, de que non se coida o alumnado, pois eu creo que unha cousa é o pico, señoría, como vostede demostra, e outra cousa é pa.

E creo que, ao final, os datos están enriba da mesa e son moi claros, e hai exactamente o mesmo número de profesionais. E respecto dese curso concreto que vostede sinala, podía haber dúas opcións, e esa opción decidírona os equipos de inspección. Podía haber un curso con vinte alumnos ou podía haber dous cursos con dez alumnos, e tomouse a segunda —por suposto, entenderá que eu non intervín nesa decisión—, entendendo tecnicamente que a atención educativa do conxunto do profesorado garantía a atención educativa a ese alumno e a todos os alumnos.

Obviamente, aquí temos feito moito, queda moito por facer, moitísimo por facer, pero o que non se pode plantexar é un desprestixio xeral do sistema educativo, como fan vostedes, que tamén o fan —como xa dixen— no ámbito sanitario no seu momento, como tamén o intentan facer co ámbito técnico nas cuestións de medio ambiente, porque a vostedes o que lles interesa é que os servizos públicos de Galicia funcionen mal para poder facer unha crítica política, que cando se vai á realidade dos casos concretos onde xestiona



e administra o Bloque Nacionalista Galego, vemos por desgraza que unha cousa é o pico e outra cousa é a pa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pregunta de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o orzamento que prevé destinar o Goberno galego á prevención e sensibilización en Galicia ante os delitos homófobos

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Traemos hoxe aquí —é que imos a empezar con esta cuestión— o triste pasamento o 4 de xullo do 2021 de Samuel Luiz, ese rapaz que foi vítima dun asasinato na Coruña e que aconteceu despois dunha agresión homófoba nas rúas da cidade. O asasinato provocou non só unha conmoción en toda a poboación, senón tamén unha chamada de atención ao que está a acontecer en relación cos ataques homófobos que se producen cada vez con maior frecuencia na sociedade.

Recordo aquí que hai apenas unhas semanas se terminou o xuízo sobre este caso, e agora está pendente de que se faga pública a pena que lles vai caer aos seus asasinados. E foi precisamente a sociedade a que levou unha resposta inmediata, con manifestacións en toda España, nas que se pedía xustiza para Samuel, condenando esa violencia homófoba, que neste caso acabou coa vida dun rapaz de 24 anos.

Do último informe do Ministerio do Interior dise que os delitos de odio en España creceron un 23 por cento no 2023 respecto do ano anterior. En Galicia, das 123 infraccións por odio, o 18,7 por cento débese precisamente a agresións sexuais, e os ataques homófobos duplicáronse en Galicia nos últimos cinco anos, amosando unha tendencia preocupante, que require unha resposta firme e coordinada das institucións, e neste caso da Xunta de Galicia.

Insistimos unha vez máis en que a orientación sexual, evidentemente, non pode seguir sendo o branco das agresións, da vulneración de dereitos dos delitos de odio. Esta terrible reincidencia é un indicativo de que son necesarios programas e políticas que traballen desde o ámbito da pedagogía e da sensibilización, dentro da normalización da orientación sexual da cidadanía.

E é unha obriga dos poderes públicos formar parte activa da normalización dos dereitos da sociedade e traballar na rectificación de comportamentos anómalos que van contra a liberdade e a vida da cidadanía.

Neste hemiciclo falamos hai apenas uns meses —e creo que, ademais, a resposta a daba o señor Román, que se acaba de ir— precisamente da necesidade deses programas, que non



existen, ou se existen están nunha medida moi curta levados a cabo polos concellos, na medida en que os concellos poden facer este tipo de cuestións alí nas cidades onde teñen as súas competencias.

Pero, realmente, isto que está recollido nunha lei aprobada tamén neste hemiciclo non é algo que se estea levando a través da consellería. Faciamos a nosa pregunta, evidentemente, antes dos orzamentos; hoxe sabemos que cos orzamentos na man eses cartos que van dedicar son 150.000 euros. E eu pregunto: con estes 150.000 euros, ¿que teñen pensado facer desde a Consellería?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Longueira.

Para darlles resposta ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, e antes de comezar, quero mostrar unha vez máis a miña máis firme repulsa, e a de todo o Goberno galego, por un novo asasinato por violencia de xénero este mércores en Viveiro e trasladar en nome de todo o Goberno as condolencias á familia.

Pero tamén hoxe quero aproveitar para todas as persoas, as galegas, que nos estean a escoitar, que están vivindo cada día situacións e episodios machistas, animalas a que non aguanten nin un minuto máis e que denunciem; que o denunciem a través dos corpos e forzas de seguridade do Estado, que chamen a ese teléfono confidencial e gratuito, como é o teléfono 016, ou que acudan, xunto aos seus seres queridos, a contarlles o que lles está a pasar.

Señora Longueira, estamos totalmente de acordo en que a orientación sexual ou a identidade de xénero non debe ser nunca o branco dunha agresión. Por iso, dende a Xunta de Galicia condenamos, e condenaremos sempre, toda discriminación por este motivo. Porque son delitos que non soamente afectan a vítima, senón que lanzan unha mensaxe de exclusión cara a todas as persoas LGTBI, e que non imos consentir. Por iso, dende a Xunta imos seguir visibilizando a diversidade en todos os espazos posibles, porque, como sociedade, non podemos permitirmos casos como o de Samuel, que volvan acontecer casos deste tipo. Por iso somos moi conscientes da necesidade de actuar en todos os ámbitos sociais para evitar este tipo de delitos de odio, empezando, por suposto, pola xente máis nova. Como Administración temos o deber de protexer os dereitos de toda a cidadanía, pero tamén temos que actuar con contundencia para rematar coa LGTBIfobia.

Por iso mesmo, eu pódolle avanzar que en 2025 faremos o maior investimento da historia de Galicia para apoiar as persoas LGTBI, o que nos permitirá blindar as necesarias accións de sensibilización triplicando o orzamento actual. Suporá, por suposto, incrementar significativamente o apoio que lles damos ás asociacións que traballan con estes colectivos día a



día, pero tamén continuar potenciando cada vez máis medidas de éxito, como son os puntos Lila e os puntos Arco Iris nos distintos festivais, e continuar poñendo en marcha eses protocolos de ocio nocturno que xa estamos trasladándolles a todos os colectivos do ocio nocturno.

Unhas accións, que por suposto se verán reforzadas co protocolo aprobado polo Observatorio LGTBI para formar todo o persoal dos CIM na atención e no asesoramento das persoas LGTBI que chegan cada día a todos estes centros. Un persoal ao que aproveito para agradecerlle o seu traballo, xunto con todo o persoal dos centros Quérote+, que realizan un traballo impecable; un traballo de apoio directo a todas as persoas, un apoio e un traballo público e gratuito para todos os cidadáns e todos os días do ano. Hoxe quero agradecer e reivindicar, unha vez máis, o seu esforzo e o seu compromiso día tras día.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Pois moito me temo que a un dos avogados dos acusados neste xuízo de Samuel, un avogado cun apelido dunha familia ilustre de Santiago, imos ter que mandalo a un punto lila, porque unha das frases que soltou nese xuízo foi: «*Ustedes quieren convertir este juicio en un folclore gay*». Quero dicir, un letrado que vai a un tribunal, coa responsabilidade que se supón que ten... Evidentemente todos temos dereito á defensa, pero ademais da responsabilidade que ten de defender os seus defendidos, ten a cuestión de soltar esta frase. É dicir, non podemos permitir que non haxa máis campañas de sensibilización, porque, como dicía Unamuno, «educar é repetir». A educación é repetición.

O que non podemos permitir é que non haxa programas concisos, porque aquí vostede fá-lame de boas intencións. Xa lle dixen antes: unha cousa é o que un pensa e o que un di e outra cousa é o que un fai. Non podemos permitir simplemente que haxa boas intencións e boas palabras —que se agradece— pero que de pronto haxa profesionais —ou non profesionais, ou xente da rúa ou calquera— que no día de hoxe non teña conciencia do que se está a facer e do que se está a perpetrar moitas veces coas vidas das persoas. E unha frase deste tipo, en boca dun letrado, quere dicir moito da sociedade. Quere dicir que, en principio, non foron educados, cousa respectable. É dicir, todos estamos aquí para aprender día a día, pero igual que el moitos outros.

E di vostede que é o presuposto maior da historia. Efectivamente, o que tiñan antes era de 48.000 euros ou 45.000. Cento cincuenta é... o Concello da Coruña gasta máis de 150.000 euros en sensibilización para unha poboación de 245.000 habitantes. Entón, paréceme moi ben, pero as cousas custan diñeiro, custan cartos, e os programas hai que implementalos. Os programas non é ter boas ideas, ideas temos todos; o difícil é pintar o humano co burro. É dicir, temos que ter a idea e temos que ter tamén a praxes de levala a cabo. E isto, desgra-



ciadamente... Pois se vostedes o derivan nas asociacións paréceme ben. Tamén na Coruña se fai e en Vigo e noutros espazos tamén se traballa coas asociacións...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...que fan un traballo diario de toda esta cuestión. Pero o que se necesita desde a Xunta de Galicia é un apoio real, porque a xente, desgraciadamente, morre.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Señora Longueira, dende a Xunta de Galicia mantemos e imos manter sempre un firme compromiso na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. Pero, ademais, é unha loita que estamos a abordar de forma transversal. Grazas a este traballo, que se leva moitos anos demostrando, Galicia nestes momentos é un referente neste ámbito. É un referente por contar cunha lei propia, que consolida o principio de igualdade para as persoas LGTBI, e tamén por dispoñer dun observatorio LGTBI que permite ese traballo conxunto entre administracións públicas, entre movemento asociativo e tamén os distintos axentes sociais, que imos seguir consolidando e impulsando.

É certo que levamos moito camiño percorrido, pero somos conscientes de que aínda queda moito traballo e moito camiño por andar. Por iso, queremos centrar os nosos esforzos na xente moza, nese traballo de sensibilización e de concienciación, pero tamén queremos atallar este tipo de violencia, que se expande cada día a través das novas tecnoloxías. Por iso, non en van os datos do Ministerio de Interior, aos que vostede facía referencia na súa pregunta, revelan que máis da metade dos delitos por razón de identidade de xénero se cometen a través de Internet, case o 65 por cento, que é un dato moi alarmante que nos debe facer actuar con contundencia. Por iso, máis alá —como lle dicía— de reforzar as accións de sensibilización, no vindeiro ano comezaremos a deseñar a primeira lei de violencia dixital de Galicia e de España. Unha lei que buscará, como xa anunciamos, atallar a violencia de xénero dixital, pero tamén atallar os delitos LGTBIfóbicos que se cometen no medio dixital. Buscamos, polo tanto, frear a violencia que se propaga a través das pantallas, que é unha cuestión que nos preocupa e nos ocupa a todos os galegos e ás distintas administracións públicas.

Pero tamén, como lle digo, imos seguir apostando por esa sensibilización e pola prevención dende as idades máis temperás, porque no nos podemos permitir que aínda haxa prexuízos na sociedade galega de cara á diversidade sexual.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a celeridade da Consellería de Sanidade na tramitación das solicitudes de eutanasia

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, ten a palabra dona Elena Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: «*Yo siempre quise morir joven y bien, y se me está cumpliendo*». Boas tardes, señor conselleiro. Estas son as palabras de Laura, unha muller que me impresionou cando falei con ela e faltaban poucas horas para o seu falecemento. Hoxe acompañanos na tribuna o seu fillo e o secretario da asociación Dereito a Morrer Dignamente, da cal Laura era militante dende hai vinte anos.

Señor conselleiro, desde que entrou en vigor a Lei orgánica 3/2021, que permite a prestación de axuda a morrer en Galicia, o Sergas levou a cabo 38 eutanasias, o 37,2 por cento das solicitudes presentadas ata o mes de outubro, segundo os datos da propia Xunta de Galicia. Porque na lei regúlase o mandato dirixido aos servizos públicos de saúde para que, no ámbito das súas competencias, apliquen as medidas precisas para garantir o dereito á prestación de axuda para morrer nos supostos e cos requisitos que esta lei establece. Unha lei magnífica, pero non só é desigual en función da comunidade autónoma na que nos atopamos, senón que tamén é desigual en Galicia en función da dirección asistencial de que esteamos falando.

Un dos principais escollos desta prestación é a demora nos prazos. De feito, señor conselleiro, en Galicia case unha de cada tres persoas que solicitan a eutanasia falece antes de poder beneficiarse deste dereito.

Esta lei, que recolle o respecto pola dignidade das persoas e pola súa autonomía, supuxo un enorme salto, pero non pode supoñer un sufrimento engadido na resposta a todas e cada unha das solicitudes de axuda a morrer. Porque hai moitas persoas como Laura, e ela díxonos tamén que oxalá a súa historia sirva para mostrar que, loitando xuntos, poidamos derrotar as inxustizas. *(Aplausos.)*

Por iso, señor conselleiro, quero que o escoite o seu fillo. Quero que lle escoite as súas palabras á sociedade Dereito a Morrer Dignamente. Por iso lle preguntamos: ¿Está disposta a Xunta de Galicia a acelerar as respostas ás solicitudes de axuda para morrer? Para que non suceda o que estamos a vivir no día de hoxe, que hai un terzo das persoas que falecen mentres se tramita a axuda para morrer. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Camaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.



Señora Espinosa, creo que debemos ser conscientes sobre o procedemento do que estamos falando. O proceso de axuda a morrer, a eutanasia, non é un mero trámite nin unha concertación de consulta. É un tema moi serio que supón pór fin, de maneira deliberada, a unha vida humana. Polo tanto, estamos a falar dun procedemento que require das máximas garantías, tanto para o paciente como para o profesional sanitario encargado de levalo a cabo. Na Consellería de Sanidade témolo claro. Por iso, para complementar a Lei orgánica de regulación da eutanasia creamos unha Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia nese mesmo ano. O obxectivo é brindar o recoñecemento legal do dereito de axuda a morrer, coas máximas garantías legais, cumprindo os prazos establecidos e nas mesmas condicións en todas as áreas sanitarias.

Señoría, pregunta vostede se imos acelerar as respostas ás solicitudes de eutanasia. A resposta é non. Basicamente porque o procedemento está taxado cuns límites legais que hai que cumprir e que, por parte da Consellería de Sanidade, podo asegurarlle que se cumpre escrupulosamente. Cada solicitude, cada informe e cada valoración ten un tempo máximo taxado para a Administración, e neses prazos son nos que nos temos que mover. Por certo, prazos establecidos na Lei estatal. Acelerar prazos, como vostedes piden, que actualmente se atopan fixados en dous días ou 24 horas podería xerar unha perda de calidade e de garantías do procedemento.

En Galicia, a diferenza doutras comunidades, toda solicitude debe presentarse vía rexistro, o que garante o control dos prazos en todo o procedemento. Por iso, podemos saber que desde que o paciente fai a súa solicitude no rexistro ata que a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia de Galicia traslada a resolución definitiva ao medio corresponsable, os prazos que manexa a Administración son dun máximo de corenta días. Creo que é un tempo máis que razoable para que os distintos actores implicados poidan emitir os correspondentes informes sobre un procedemento tan complexo. Outra cousa distinta son os prazos cos que contan os pacientes en cada fase do proceso, os cales non teñen límite de tempo, permitindo que os solicitantes valoren a súa propia decisión. Son estes casos onde o proceso se dilata no tempo, posto que, con toda a razón, cada persoa debe ter o tempo que precise para tomar unha decisión tan transcendental. Polo que reitero: os tempos máximos de cada paso do proceso están fixados nun máximo de corenta días. Desde a Consellería de Sanidade sempre os cumprimos, porque son os que fixa a lei.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Señor conselleiro, non falamos de non dar garantías. Vostede sabe perfectamente, igual que min, que non se cumpre a lei en Galicia, porque superamos os límites que marca a propia lei.

Como oposición construtiva, como di o noso secretario xeral, o señor Besteiro, voulle dicir onde podemos mellorar. Primeiro, aínda non temos dispoñible un rexistro para que os mé-



dicos declaren a súa obxección de conciencia. A desigualdade entre direccións asistenciais é brutal e deberían implicarse máis, seguir a rastrexabilidade e facer que se cumpran os prazos. E fronte á rapidez da resposta que, efectivamente, emiten no ditame por parte da Comisión de Garantías e Avaliación, onde está o problema realmente é na designación do médico responsable, que é moi lenta. Sabe que é a figura clave para que se leve a cabo o proceso e as designacións de médico eternízanse.

Os trámites, señor conselleiro, sabe que se poden acurtar en función do ritmo de progresión da enfermidade, e non se está aplicando tampouco en Galicia. Debería tamén ter en conta a situación laboral dos profesionais sanitarios que teñen que encargarse destes expedientes, porque moitas veces se ven obrigados a facelos no seu tempo libre. Non se preocuparon tampouco por dar información á poboación, e moita xente ten descoñecemento do procedemento e ten dereito a coñecer este novo dereito.

Podería seguir dicíndolle máis cousas, pero o tempo remata. Pero eu si que lle digo que, se outras comunidades autónomas responden con eficacia, ¿por que Galicia non? Hai moita xente, señor conselleiro, que quere decidir a súa última viaxe. Axudémoslle e non a defraudaremos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señora Espinosa, dar o dato dos pacientes que falecen en trámite do proceso de axuda a morrer de maneira illada e sen indicar nin o contexto, nin o momento en que se realizou a solicitude nin se o paciente abandonou ou non o procedemento é enganar a xente.

Mire, todo procedemento da eutanasia está perfectamente pautado cos requisitos e tempos a seguir por cada un dos actores implicados. A Lei de regulación da eutanasia ten un carácter marcadamente garantista, que se traduce nun procedemento moi complexo no que se corrobora o cumprimento dos requisitos dos pacientes ata en tres ocasións. Polo tanto, o que parece que non ten claro é que é unha lei estatal a que establece os requisitos da solicitude do proceso de prestación de axuda a morrer, é a lei estatal a que determina o procedemento que se debe seguir e é a lei estatal a que establece os prazos previstos que nos piden que incumpramos.

Este procedemento conta con múltiples procesos e interveñen un elevado número de profesionais de distintos ámbitos asistenciais, así como a propia Administración sanitaria. A todo isto, engádese que o paciente determina o tempo de transcurso do proceso sen imporlle límite temporal ningún. Unido a estas consideracións formais, hai que analizar as solicitudes de eutanasia con todos os datos na man. Así pois, a meirande parte das primeiras solicitudes de procesos de axuda a morrer realízanse cando o paciente se atopa nunha situación clínica moi deteriorada, ás veces incluso sendo ingresado nun centro hospitalario en fase terminal.



Como comprenderá, por moi breves que sexan eses prazos, hai que blindar as máximas garantías dos profesionais e dos pacientes. Doulle datos. A data do 12 de decembro, fanse un total de 34 solicitudes de prestación de axuda para morrer. O 41 por cento finalizaron coa realización da prestación, e están en fases previas da realización do procedemento o 23,5 por cento. Por darlle exemplos, de dous pacientes falecidos neste ano, un faleceu tres días despois de comezar o trámite, dúas persoas antes do sétimo día e catro aos quince días de presentar a segunda solicitude. En calquera destes casos, era legalmente imposible autorizar a eutanasia, ao non terse cumprido os diferentes trámites preceptivos que marca a lei.

Señoría, os pacientes teñen dereito a recibir esta prestación e a Administración ten a obriga de facela cumprir. Por iso, reitero que desde a Consellería de Sanidade cumprimos estritamente os procedementos establecidos e imos continuar cumprindo os prazos e requisitos fixados pola Lei orgánica de regulación da eutanasia para todos os doentes que así o soliciten.

Moitas grazas e felices festas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Brais Ruanova Vilas-Boas e D. Ramón Tomás Fernández Alfonzo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para garantir a adjudicación de proxectos e a carga de traballo na industria auxiliar da automoción en Galicia

O señor PRESIDENTE: Señor Ruanova.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Grazas, presidente.

Benvida, conselleira. Non se pode fuxir da responsabilidade do mañá evadíndoa hoxe, porque as decisións —ou a ausencia da toma das mesmas— que se fan no pasado inflúen nas decisións do futuro. Hoxe preguntámoslle precisamente sobre as decisións do seu goberno; sobre as decisións que tomaron, as que están a tomar e as que tomarán para garantir un futuro digno con maiúsculas para o sector da automoción e a súa clase traballadora.

En máis dunha ocasión dende o Bloque Nacionalista Galego incidimos na necesidade de apostar pola instalación de novos actores para este sector, pero, lamentablemente e coma sempre, tivemos diante un Partido Popular que dixo que non. Isto relegounos a que haxa que remontarse a 2008 para celebrar a instalación dunha fábrica de automoción na área de Vigo.

En máis dunha ocasión, dende o BNG alertamos de que a dependencia dun único gran fabricante estaba desprotexendo o conxunto do sector auxiliar. E novamente o Partido Popular, mimetizado nese muro impenetrable, opúxose a isto. Como resultado, hoxe en día vemos como a deslocalización dos pedidos por parte da industria matriz está deixando nun fío o conxunto da industria de compoñentes.



En máis dunha ocasión, dende o BNG denunciámos o insuficiente da normativa para impedir que se deslocalizasen actividades. Para non saírnos da constante, o Partido Popular volveu dicir que non. E, polo tanto, hoxe en día non nos pode sorprender que se estea xerando riqueza e emprego en Portugal ou en Túnez; iso si, cunha plataforma subvencionada cos cartos das galegas e dos galegos. Porque, mentres outros territorios traballaron para blindar o seu sector na cadea de valor, o Goberno galego estivo máis dunha década sen despregar aquelas ferramentas que podía. É verdade que agora pegaron un *sprint*, pero que sinceramente está chegando tarde e non está impedindo que nos colla o tren. Tivemos que ver nas últimas semanas como Aragón conseguía esa fábrica de baterías para automoción pola que o Goberno do Partido Popular de Galiza nunca apostou. Porque deben ser no día de hoxe o único goberno do mundo que, tendo un sector da automoción tan importante na súa economía, nunca moveu un dedo pola instalación dunha fábrica de baterías en Galiza. Preferiron tirar balóns fóra durante anos. E agora temos como resultados unhas medidas que, en lugar de situar a industria auxiliar na fabricación dos produtos de maior valor engadido, a relegan á dependencia de axentes externos.

Polo tanto, dende o Bloque Nacionalista Galego insistimos en que medidas está despregando o seu Goberno para garantir a carga de traballo e, sobre todo, o emprego de calidade no sector auxiliar. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente, e boa tarde.

Señor Ruanova, boa tarde. Creo que dicir que a situación que ten o sector da automoción en Galicia é causa directa das políticas do Partido Popular e non da deslocalización de pedidos da empresa matriz de Stellantis é simplificar moito as cousas. Están pasando máis cousas, creo —e vostede sábeo—, na política de automoción europea que están levando non soamente a Galicia, senón a toda Europa, a esta situación. Iso por dar unha matización.

Respecto desa fábrica de baterías, creo que vostede tamén sabe que un dos motivos principais polos que a fábrica de baterías se instala en Aragón é precisamente porque ten un recurso eólico e un recurso renovable que atende (*Risos.*) —non se ría— directamente esa industria. Entón, precisamente esta é unha das políticas que tanto estamos defendendo por parte do Goberno da Xunta e que vostedes non está apoiando por parte do BNG. (*Aplausos.*) Co cal, o que sempre lle digo: un pouco máis de coherencia coas cousas que están a pedir.

En canto ás medidas que estamos levando a cabo, son coñecidas. Pero teño, por suposto, que recordalas e ademais poñelas en valor. Cualificamos o sector da automoción como «estratéxico», e isto ten unhas consecuencias. En primeiro lugar, por suposto, pór en valor o valor que ten dende o punto de vista industrial e do emprego —díciáo vostede—, pero sobre todo articular mecanismos e medidas concretas. Estes leváronnos a levar a cabo ese plan director, que sabe que está agora mesmo o informe do Consello Económico e Social, con 65



medidas concretas, e sobre todo ese programa de axudas, algunhas que xa foron articuladas este ano: 22 millóns de euros, en concreto. Tamén quero poñer en valor que máis do 90 por cento desas axudas cando rematou o prazo de solicitude no mes de outubro xa están pagadas. E, en segundo lugar, un segundo paquete extraordinario de axudas de 50 millóns de euros que acabamos de anunciar para o que queda do plan director, é dicir, para dúas anualidades.

Vostede pregunta se Stellantis foi beneficiario. Na súa pregunta escrita está como moi — permítame a expresión— obsesionado con Stellantis. Stellantis non foi beneficiario nin este paquete de axudas é para Stellantis. Stellantis ten agora mesmo axudas en todos os PERTE por máis de 50 millóns de euros. Estas son axudas de 300.000 a 700.000 euros. Eu creo que con isto xa se comprende a dimensión e o obxecto das axudas. Son axudas precisamente para apoiar a competitividade das empresas auxiliares, para axudar á eficiencia enerxética, para axudar aos procesos de descarbonización que teñen que levar a cabo estas empresas. Esta é a única maneira de axudalas: traballar. Porque este é un problema europeo —e vostede sábeo igual ca min— e temos que traballar todos os gobernos á par.

Esta mesma obsesión que di vostede que temos por Stellantis tena o seu deputado en Madrid, que reclama constantemente no Congreso dos Deputados que se lle dea axudas do PERTE a Stellantis. Entón, non ten nada que ver que se apoia a empresa matriz —que creo que o temos que facer, porque é substancial na cadea de valor— con este paquete de axudas. Quede tranquilo, non están destinadas para Stellantis, senón que están destinadas para as 120 empresas que forman parte desa cadea de valor. Agora, repito, non simplifique: o problema da automoción en Galicia non é nin do Partido Popular nin das políticas do Partido Popular.

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Brais Ruanova.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Grazas, presidente.

O problema será europeo, señora conselleira, pero as competencias en materia de industria son do Goberno galego.

Pouca crítica pode facer ao BNG, porque se estamos falando de automoción aquí, se falamos no pasado e probablemente se falamos no futuro do sector da automoción neste Parlamento é grazas ao compromiso do Bloque Nacionalista Galego con este sector. Porque, case cen millóns de euros públicos despois, non temos un sector auxiliar de automoción blindado para o futuro. É unha necesidade que este sector auxiliar fabrique os produtos de maior valor engadido e que se reverta esa tendencia que se está tendo nestes momentos na que se perde o financiamento de produtos no sector auxiliar galego. Que isto o único que fai é transformar a nosa industria auxiliar neses elementos da cadea de valor que son máis fáciles de substituír. O emprego e a contratación neste sector teñen que ser os de maior calidade posible; é dicir, indefinidos e a tempo completo. E é necesario que se actúe dunha vez para parar eses ERTE fraudulentos que o único que fan é transformar empregos indefinidos en fixos discontinuos.



Non nos fixeron caso coa deslocalización, nin coa perda de emprego de calidade nin coa perda de coñecemento, ese *know how*, no propio sector. Agora, tarde, mal e arrastro, presentan un plan director —que chega tarde, porque puideron poñelo en marcha moito antes— con 65 medidas, pero que das cales apenas dúas son específicas para un sector con cartos consignados —permítame dicirlllo— e hai unha ponderación das medidas transversais, que son a maioría das medidas que se establecen nese plan director, moi por debaixo do peso do sector na economía galega.

Dende o BNG cremos que sempre é o momento acertado para tomar decisións acertadas. Polo tanto, queremos apelar a que estas medidas para o sector auxiliar que nos anunciou impidan que os custos da transición enerxética recaian unha vez máis sobre a clase traballadora.

Moito obrigado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, conselleira de Economía e Industria.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, señor presidente.

Creo que acaba de dicir «o compromiso do BNG co sector auxiliar da automoción». Mire, grazas a unha solicitude de datos que vostede mesmo fixo, resulta que do ano 2008 ao ano 2010 máis ou menos de media —quizais mesmo un pouco máis— vostedes dábanlle o mesmo que lle está dando o Goberno do Partido Popular a Stellantis. ¿Sabe cal é a diferenza? Que vostedes durante o tempo que gobernaron déronlle cero euros á industria auxiliar. ¡Cero euros! (*Aplausos.*)

Vostede estame dicindo que no plan director estamos investindo pouco en medidas ad hoc para a industria auxiliar. Dese plan director de 230 millóns, 75 son específicos para a industria auxiliar en medidas extraordinarias. Dígame vostede, busque, de verdade, en todas as comunidades autónomas que comunidade —ou sequera que rexión da automoción europea— dedica en dous anos e medio 75 millóns de euros, unha parte importante de fondos propios directamente a axudas vinculadas á competitividade do sector.

Mire, o que vostede está pedindo claro que hai que solicitalo. Claro que temos un problema en Europa coa industria da automoción. Claro que as competencias de industria as ten a Comunidade Autónoma. Pero dende logo o que non decidiu o Partido Popular da Xunta de Galicia é a electrificación do automóbil. Sábeo de sobra. O que terán que facer, igual que levamos facendo nós, é exixir, por exemplo —que iso si se pode facer— que nos PERTE da automoción, que van absolutamente dirixidos ás empresas matices, se teña en conta a huella de carbono. ¿Por que? Porque, precisamente, Stellantis cos PERTE que está tramitando o Estado vai facer compras, efectivamente, en todas esas economías emerxentes que teñen uns custos laborais, unhas regras dende o punto de vista social e dende o punto de vista ambiental inferiores. Polo tanto, o que estamos facendo é que con fondos europeos acabe financiándose



man de obra, produtividade e competencia de empresas deses países. Pero, que eu saiba, eu non teño competencia nos PERTE industriais. ¡E mire que a levo solicitado! ¡Mire que levamos solicitado a descentralización dos PERTE! (*Aplausos.*) Entón, soliciten con nós a través desa deputado, ademais de darlle axudas a Stellantis, que esas axudas teñan en conta toda esa cadea auxiliar.

Mire, vén de celebrarse en Milán toda a unión de rexións da automoción, como ben sabe. Pedín ex professo sete medidas que creemos que son indispensables a nivel europeo para que a industria da automoción teña unha saída en Europa, que pasa por moitas das cousas que estamos defendendo aquí: simplificación da normativa ou paquetes de axudas específicos que ten que ter a automoción. Todo iso é no que creo que temos que estar unidos os gobernos, o primeiro o Goberno central.

E cando vostede fala dunha industria alternativa a Stellantis, tamén ten que traballar o Goberno central nisto. Estou farta de dicir que o señor Pedro Sánchez marchou á China, non sabemos se negociou algo respecto da automoción, nin falou coas rexións da automoción en España nin sabemos o resultado desas negociacións. Iso si que é traballar pola automoción, aínda que eu teña as competencias de industria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Rubén Lorenzo Gómez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información da que dispón a Xunta de Galicia respecto das previsións do Goberno central no que atinxe ás solucións enerxéticas para a fábrica de Alcoa

O señor PRESIDENTE: Señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Boa tarde e benvida, señora conselleira.

Seguramente coñecerá que este Parlamento na pasada sesión adoptou un acordo cun importante esforzo de consenso de todos os grupos políticos, sendo votado, dos oito, sete por unanimidade. Como creo que os puntos do acordo é importante recordalos e poñelos en valor, porque a verdade é que están máis vivos que nunca, vou pasar a facer unha lectura rápida, facendo unha puntualización no punto 1 que enlaza coa pregunta que lle quero facer.

Pediamos que a Xunta trasladase ao Goberno de España que se exixise un aumento da dotación orzamentaria das axudas de compensación de custos e emisións directas de CO₂ ata o máximo legalmente permitido pola normativa europea. Pediamos, sen máis dilación, que os parques eólicos de competencia estatal que están vencellados a contratos a longo prazo para a produción de enerxía a prezos competitivos tivesen a autorización. Pediamos articular unha liña de axudas públicas e apoios extraordinarios que garantan o investimento para a modernización da planta no mesmo sentido que a recibiron outras empresas declaradas estratéxicas do Estado. Pediamos modificar o Estatuto do consumidor electrointensivo —o tan debatido politicamente Estatuto, cuxo contido que se aprobou, como sabe, non solucionou



nada— para que cree a figura das empresas hiperelectrointensivas e deseñar mecanismos de apoio específicos ou reforzados que atendan as necesidades específicas desta figura. Pediamos articular a interrompibilidade, estudar as accións legais e institucionais que garantesen os compromisos adquiridos polas distintas partes e tamén polas administracións e por Alcoa, especialmente. E no último punto, que era o punto oitavo, que non contou co apoio do Partido Socialista, pediamos que, no caso de que todas estas accións anteriores fosen insuficientes, se activase a intervención pública temporal e instrumental de Alcoa.

O máis importante era o punto 1. Era nun contexto onde estaba fixada a mesa de seguimento para o día 9 de decembro e, precisamente para que nesa mesa se avanzase e que fose realmente útil, pediamos que contase coa presenza dos ministerios de Industria, de Turismo e Para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Pero, desgraciadamente, a poucas horas deste acordo, e probablemente tampouco derivou de ningunha xestión efectiva por parte do Partido Socialista Galego, esa mesa foi desconvocada e ata agora nada se sabe.

Volvo insistir na importancia desta empresa para a economía non só da miña provincia, senón indubidablemente de Galicia, e tamén no carácter estratéxico desta actividade como produtora de aluminio primario. Novamente se deriva moitas veces ese debate cara a unha política industrial, pero moito me temo que estamos centrados outra vez nunha política enerxética errada por parte do Goberno central e que é o que precisamente segue mantendo na incerteza a continuidade dos postos de traballo desta factoría.

Eu fágolle a pregunta, señora conselleira: ¿Ten coñecemento a Xunta de Galicia de se o Goberno de España vai dar realmente unha solución enerxética á fábrica de Alcoa?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Economía e Industria.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señora Candia, contestando xa directamente á súa pregunta: non, eu non teño, lamentablemente, coñecemento do que vai facer o Goberno. Efectivamente, coñezo esa proposición que aprobaron, creo que un pouco a raíz de que o 9 de decembro estabamos convocados e a última comunicación oficial que tivemos foi o día 5 de decembro, a véspera de festivo, exclusivamente para cancelar, sen data concreta, a mesa de Alcoa.

O que si non deixa de ser, creo, un pouco incongruente é que o día 12 de decembro, é dicir, tres días despois de non terse celebrado esta reunión, sen embargo, a secretaria de Estado de Industria si responde no Congreso a unha pregunta sobre Alcoa; léolles textualmente: «*Son varias las soluciones que tenemos encima de la mesa*». E non expón ningunha solución concreta. Continúa dicindo: «*Y desde luego la solución que se va a plantear va a salir del consenso entre la empresa, los trabajadores y del esfuerzo por parte de las administraciones públicas*». Eu



non entendo ben como é posible que saia do consenso unha solución cando se cancela a mesa, cando non se comunica cales son as solucións que se van ter en conta e cando nin se-quera se fan públicas no Congreso ante unha pregunta moi concreta.

Creo que a secretaria de Estado referiu dalgún xeito que as solucións podían vir delegadas desa nova lei, dese novo proxecto de Lei de industria e autonomía estratéxica. Tamén me chama a atención, e quéroo dicir aquí, que é unha lei que, se pos no buscador «enerxía», apenas sae esta palabra. E, respecto das industrias electrointensivas, ten un carácter meramente decla-rativo e de novo deriva a unha eventual futura regulación concreta sobre este tema.

Creo que perdeu unha oportunidade moi boa a secretaria de Estado de concretar ese anuncio do ministro de Industria onde falaba de 600 millóns de euros para esas axudas, esas com-pensacións polos custos de emisións de CO₂ das que vostede falaba. Se isto fose así, se efec-tivamente non fose un anuncio, sería unha boa noticia; pero, coma sempre, é un mero anuncio que despois a secretaria de Estado non concreta. E, ademais de todo isto, si quero sinalar que concordo co que dicía: isto é unha solución parcial. É dicir, as compensacións de CO₂ deben chegar a ese 25 por cento e mesmo superalo, pero ademais hai que traballar nunha modificación intensiva do Estatuto para este tipo de empresas. E, sobre todo, a Lei da industria ten que reflectir claramente esa vinculación entre a enerxía e a industria para que realmente esteamos falando de dar unha autonomía estratéxica á industria española e neste caso a industrias electrointensivas como é o caso de Alcoa.

Máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Eu teño que dicir, señora conselleira, que afeo dunha maneira ro-tunda e contundente esa suspensión sen data. Dicíao no debate desa iniciativa: que pouca empatía demostran cos traballadores, especialmente nun momento como o de Nadal, que seguen estando con esa espada de Damocles sen ter en ningún momento ningunha garantía da continuidade dos seus postos de traballo.

Pero é que días despois, horas despois, a información que saía seguía sendo preocupante. Limítome a un comunicado que facía o comité onde apuntaba aos compromisos que adqui-rira o Partido Socialista, neste caso de Galicia, dende agosto do 2024. Dicía o comité: «Non temos noticia ningunha de don José Manuel Gómez Besteiro e Patricia Otero, habéndose comprometido a informar a este comité sobre o estado dos parques que en campaña electoral anunciaron como solución e que seguen no mesmo estado que entón: paralizados polo Mi-nisterio de Transición Ecolóxica. Estas dúas persoas comprometéronse en axilizar e garan-tiron que nos darían actualizacións en setembro.» Non o di Elena Candia nin o Partido Popular; dío o comité.

Vostede, señora conselleira, coñece ben a fábrica e eu persoalmente agradézolle hoxe, como fixen moitas veces en público e en privado, o seu traballo, o seu asesoramento e o



seu compromiso en momentos moi complicados que tivo a factoría en momentos anteriores. E por iso lle pregunto a vostede: ¿chega esta solución de aportar eses 600 millóns de industria electrointensiva —se pasa de estar nunha noticia dun medio de comunicación realmente ao *Boletín Oficial do Estado*, que é onde ten que estar—? ¿Sería suficiente? ¿É esta unha medida determinante? Porque, ao fin e ao cabo, o que buscan e demostraron tanto os lucenses como os mariñáns son gobernos e políticos que decidan e que xestionen con garantías e con certezas. Sei que vostede nos vai dar unha contestación transversal e que dea unha resposta real. E sei que o máis importante é que seguirá traballando para exixirle ao Goberno de España o que parece que só lles preocupa; a uns e a outros, indubidablemente, porque aquí sempre houbo un fronte común e de feito no debate desta iniciativa demostréino.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CANDIA LÓPEZ: ¿Cal debe ser a solución por parte do Goberno de España? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Economía e Industria.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

A solución empezábaa a apuntar na primeira parte da intervención. O que hai que garantir a este tipo de empresas e a Alcoa —en particular na situación na que se atopa— é unha subministración enerxética de natureza competitiva e estable. Isto é clave. Isto implica, en primeiro lugar, que non chegan eses 600 millóns, que será un vinte e tantos por cento seguramente de recadación das compensacións de CO₂. É necesario articular e garantir por lei esa porcentaxe. Non pode depender do diálogo entre o Ministerio de Enerxía, o de Facenda e o de Industria. É necesario, excepcionalmente, superar —que o permite a Comisión Europea e o están facendo países do noso contorno— ese 25 por cento no momento actual en que nos atopamos. Como dicía antes, o Estatuto dos consumidores electrointensivos ten que ser modificado e ten que prever axudas ad hoc para este tipo de empresas. Isto é esencial. Falaba vostede de que hai que traballar na bonificación das peaxes, que continúe esa bonificación das peaxes. E a cuestión dos parques eólicos.

Mire, vostede dicía que o comité de empresa falaba de agosto de 2024. Eu de verdade que quero ler esta noticia que sae no *Progreso* do día 23 de decembro de 2023 —é dicir, hai un ano que estamos falando disto—: «*El candidato socialista a la presidencia de la Xunta, José Ramón Gómez Besteiro se reunió este martes en Madrid con la ministra Para la Transición Ecológica, Teresa Ribera. Al término del encuentro, Besteiro anunció que el Gobierno publicará este miércoles el BOE con la modificación de un real decreto que —literalmente, di entrecomiñado— “permitirá autorizar e poñer en funcionamento no primeiro trimestre de 2024 os catro parques eólicos que estaban pendentes de dar servizo á planta de Alcoa, que son cinco”*».



A Xunta de Galicia tramitou a totalidade dos parques que teñen PPA con Alcoa. Seguimos esperando que se lle dea unha solución a eses cinco parques que perderon o permiso de acceso e conexión pola mala tramitación por parte do Ministerio.

E volvo ao que estaba dicindo: non se fala entre o Ministerio de Industria, o Ministerio de Enerxía e o Ministerio de Transición Ecolóxica; cada un vai polo seu lado. E así é moi complicado no momento actual traballar para esa autonomía estratéxica da que falaba o ministro Hereu das nosas industrias —e o caso de Alcoa, claramente— cando non teñen enerxía barata e, sen embargo, si a teñen noutros países da nosa contorna. Falaba antes o deputado do BNG de Portugal e, como pasa en Portugal, pasa en Francia, pasa en Italia ou pasa en Alemaña. Co cal é urxente. Isto é o que vou trasladar nesa reunión, que espero que nalgún momento teñamos, da mesa de seguimento; co compromiso, ademais, do presidente da Xunta —se van os ministros tanto de Industria como de Transición Ecolóxica— de acudir persoalmente á reunión.

É necesario unha solución global e unha solución que estea na lei. E, polo tanto, debe preverse na lei esa vinculación e debe preverse na lei, sen lugar a ningunha dúbida, a garantía dese 25 por cento como mínimo de compensacións de CO₂ a favor da industria electrointensiva. Espero, polo menos, que sexa certo ese anuncio do ministro Hereu dos 600 millóns de euros para o próximo ano.

Máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia diante da reapertura da mina de Touro-O Pino

O señor PRESIDENTE: Señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente. Moi boa tarde.

Señora conselleira, este domingo Compostela ficou pequena para acoller os milleiros de persoas que se achegaron —que nos achegamos— para dicirlle alto e claro que non queremos a Altri, porque queremos un futuro para o noso país. Futuro que vostedes non deixan de hipotecar constantemente.

Xa coñecemos cal é a súa política e cales son as súas prioridades. Déixano claro coas súas defensas encarnizadas de todas estas empresas e estes proxectos e ratifícanos con todas as modificacións legislativas que se van sucedendo para poñerlles a alfombra vermella.

A Mina de Touro e O Pino recibiu a declaración como proxecto industrial estratéxico en xuño. Preocupadas por iso, desde o BNG trouxemos unha pregunta e vostede, chea de arrogancia, dixo que falabamos sen saber, porque o proxecto non era público. Agora está ao alcance de quen o queira e quen o poida ler. E atopámonos, como xa dixemos, cun proxecto que non ten cambios substanciais a respecto do que se presentou en 2017 e que foi rexeitado no 2020,



ata o punto de que non ten nin tan sequera actualizados os datos analíticos. E isto podería aforrarlle trámites á Xunta de Galiza, porque a Lei de avaliación ambiental recolle no seu artigo 39.4 a posibilidade de inadmitir o proxecto por non ter diferenzas substanciais a respecto dun que xa tivo unha declaración de impacto ambiental negativa. Pero esa non é a súa política; a súa é poñer as empresas —a Cobre San Rafael, no caso que nos ocupa— por diante do país; de declarar como prioritario un proxecto que ocupará 812 hectáreas, que afectará Touro e o Pino, pero tamén Arzúa e Vila de Cruces, por mor das liñas eléctricas que teñen que chegar de Portodemouros, e que afectará, indubidablemente, todo o Ulla e toda a ría de Arousa. A actividade mineira non é inocua, e moito menos a minería a ceo aberto, que é a que pretende instalar Cobre San Rafael, por moito que se afanen en desmentilo na súa publicidade.

Ampáranse vostedes na suposta creación de emprego que suporá a mina. ¿Saben cantas familias viven do marisqueo na ría de Arousa? ¿Saben cantas familias viven das bateas? ¿Cantas viven da pesca de baixura? Porque vostedes o que poñen son os catrocentos supostos empregos que supostamente vai crear esta mina por diante dos máis de catro mil que xa existen hoxe só na ría de Arousa, sen contar a industria conserveira.

Por iso lle preguntamos hoxe, señora conselleira, se teñen previsto retractarse, deixar atrás esta política colonial, deixar de considerar o noso país como unha barra libre para que os de sempre aproveiten os recursos naturais que lles interesan, deixando detrás só miseria e contaminación. Preguntamos se teñen previsto defender Galiza, o noso medio natural, os nosos recursos económicos e os nosos sectores produtivos ou se van seguir actuando de comerciais e facilitadores das grandes empresas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Economía e Industria.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Ben, señora Carreira, a ver, xustifica a urxencia da pregunta en que hai que pronunciarse urxentemente neste Parlamento sobre este proxecto, as veces que faga falta, como digo sempre. Veño de pronunciarme en xullo. Entón, eu creo que prudentemente entenderá que nuns meses non me podo pronunciar sobre un proxecto que está en tramitación. Pero bueno, vos-
tede sigue insistindo nos mesmos argumentos.

Eu creo que xa pode dicir, ou poden dicir: «con carácter de plano, estamos en contra da actividade mineira». E con iso xa rematamos, porque é o que están. Están en contra da actividade mineira. Bueno, pois nós non estamos en contra, de plano, de toda a actividade mineira.

Din que hai unha forte oposición tanto ecoloxista como veciñal e din que o proxecto é o mesmo do ano 2017. Bueno, vén dicir aquí que facemos unha defensa encarnizada desas empresas. ¿De que empresas? Nós non facemos defensa encarnizada nin dunha empresa nin



doutra. Cando chega un proxecto, o que facemos é tramitalo, que é exactamente o que lle dixen cando fixo a pregunta en xullo. Díxenlle que entraba o proxecto, que se declaraba ou non como proxecto industrial estratéxico para comezar a súa tramitación e, a partir de aí, pois hai que facer a tramitación da declaración de impacto ambiental. É na fase na que estamos, na fase de exposición pública, de información pública. Ese é o do 22 de novembro que sae no *DOG* e se envía, ademais, aos concellos de Arzúa, o Pino, Touro e Vila de Cruces para a publicación no taboleiro de anuncios.

Entón, eu dígollo claramente: vostede, ¿que quere que faga o Goberno? Cando chega un proxecto como hai oposición veciñal, ecoloxista e do BNG, ¿nós archivamos o proxecto, de plano, para non facer esa «defensa encarnizada das empresas»? ¿Pero vostede cre que isto é sensato, o que está plantexando aquí? ¿Vostede cre, de verdade? ¿Cre que isto é o que ten que facer o Goberno? ¿Vostedes se estivesen gobernando é o que farían? Eu creo que non o cre nin vostede. Isto sería prevaricación: que entre un proxecto e eu diga «ah non, é que é dunha grande empresa, entón eu non o quero, porque é dunha grande empresa»; ou «é que eu estou en contra, con carácter xeral, da actividade mineira, porque considero con carácter xeral que é incompatible con calquera outra actividade». Mire, isto non é serio; o que está plantexando aquí non é serio.

¿Cales son as diferenzas co proxecto anterior? Vólvollo dicir, e díxenllo en sede parlamentaria en xullo. A diferenza do proxecto do ano 2017, inclúese no ámbito de aplicación na súa extensión xeográfica a totalidade das superficies afectadas pola actividade mineira anterior desenvolvida na concesión da explotación. Isto supón a adopción neste proxecto dun plan-texamento de actuación completo na dimensión ambiental. Polo tanto, a área de afección é superior, para incluír completas medidas de remediación dos pasivos antigos. O proxecto corrixe a implantación dalgunhas infraestruturas para mellorar a protección do patrimonio arqueolóxico. Tamén diferenzas —non quero seguir aquí— no depósito de estériles da planta. Todo isto xa llo dixen.

Mire, están obsesionados, de verdade, con crear polarización social, con demonizar a empresa e con demonizar os proxectos industriais. Vostedes saberán, e na súa responsabilidade está, o que están facendo para os galegos, o que están facendo en Galicia. Na súa responsabilidade está. Pero, de verdade, analice o que acaba de pedir aquí: que pola oposición veciñal e ecoloxista un goberno archive na súa tramitación un proxecto, porque isto é o que acaba de dicir na súa intervención.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, ¿sabe o que quero que faga o Goberno do meu país? Defender este país e que governe na defensa dos intereses deste país, e non de grandes empresas. (*Aplausos.*)



Mire, vimos de aprobar onte a Lei de medidas fiscais e administrativas, a Lei de acompañamento, que o que fai é unha vez máis poñerlles barra libre a esas grandes empresas. Porque esa é a súa maneira de actuar, a través de leis que aproban vostedes en solitario e que facilitan esa implantación de grandes empresas.

Non é o mesmo proxecto que no 2017, non é exactamente o mesmo proxecto. O que digo é que non ten cambios substanciais. Supoño que a empresa non será tan parva de tropezar na mesma pedra.

E permítanme unha pregunta, señora conselleira: ¿confía vostede no criterio das técnicas que traballan na Xunta de Galiza? ¿Confía no criterio das técnicas que xa denegaron o proxecto da mina no 2020? ¿Por que non fai uso do artigo 39.4 da Lei de avaliación ambiental, que lles permite inadmitir este proxecto porque non ten cambios substanciais respecto a un que xa tivo unha DIA negativa? Porque non lles interesa. Porque isto non é unha decisión técnica; isto é unha decisión política. *(Aplausos.)* Porque vostedes están traballando para iso: para desenvolver as súas políticas, que é lexítimo, pero que son políticas que o que fan é deixar campo libre para as empresas.

Deixen de escudarse en criterios técnicos; de intentar dirixir cara ao persoal da Xunta de Galiza as súas responsabilidades como Goberno. Asuman as súas decisións e deféndanas claramente. Diga, señora Lorenzana, que prefiren poñer os intereses de Cobre San Rafael por diante de todo un país; que prefiren o lucro económico dunha empresa en vez de que as veciñas de Arinteiro poidan ter unha vida tranquila sen ter unha balsa con 23 millóns de metros cúbicos de residuos tóxicos a 80 metros de altura a 200 metros das súas casas.

E permítame trasladarlle a pregunta dun veciño de Touro: ¿como van confiar na Xunta de Galiza, que leva permitindo a contaminación do Pucheiros e de todos os ríos de Touro desde que pechou a mina e que agora vai aprobar este proxecto? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Peche da pregunta, conselleira de Economía e Industria.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Mire, señora Carreira, eu creo que ten tan interiorizada a mensaxe e está tan adoutrinada sobre o que ten que dicir, tan absolutamente adoutrinada, que dá igual o que eu lle vaia contestar. Dá exactamente igual, é exactamente o mesmo. Vostede pode vir aquí dicir que os técnicos que asinaron o informe onde se considera que aquí hai unha modificación substancial non saben o que están escribindo. Ou pode vir aquí dicir que nós temos, por apostar por Galicia, que dicir que aquí non hai unha modificación substancial. ¿Con base en que? ¡Paren de presionar os empregados públicos! Paren de presionalos, porque é o que están facendo. *(Aplausos.)*

Mire, se este proxecto sae adiante ou non non o decide vostede, nin a señora Ana Pontón, nin o decido eu nin o Goberno da Xunta; decídeo unha tramitación administrativa. O mesmo



que, cando unha lei á que vostede se refería sae adiante, sae porque ten maioría de votos. Chámase democracia, que tanto nos din vostedes... Chámase democracia, é así, e chámase regulación administrativa. Iso é o que está seguindo —gústelles ou non— o Goberno da Xunta. A vostedes gustaríalles dicir: «non, non queremos que...» ¿Así é como funcionarían vostedes? É bo que os cidadáns o saiban. Así é como funcionarían vostedes se estivesen gobernando: dicíndolles aos funcionarios como teñen que informar. Ese é o seu *modus operandi*. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, pois nós non.

Xerando medo e alarma social. «Contaminación do río Ulla, dos seus afluentes e da ría de Arousa». ¡Porque o di vostede! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Expropiación de máis de dous mil bens. Un exemplo máis —e díxoo aquí outra vez— da «política colonial». Vostede pode dicir «política colonial do Partido Popular», pero eu non lle podó dicir a vostede que esta adoutrinada. ¡Está claramente adoutrinada! ¡Ten unha doutrina que ten que dicir, e non hai máis! *(Aplausos.)* Que estamos facendo de Galicia unha terra de sacrificio, para que os núcleos das empresas privadas medren á custa dos recursos naturais galegos. E cousas maiores que lle dixo a señora Ana Pontón hoxe ao presidente da Xunta de Galicia. E nós temos que calar; coas barbaridades, unha tras outra, que están dicindo. E o peor, porque o noso vai no noso traballo, pero están intoxicando as persoas e desinformando os galegos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Na súa responsabilidade o que están facendo con Galicia... *(Protestas.)*

Catrocentos postos de traballo directos que se van crear, douscentos millóns de euros de investimento e de atracción de investimento. Un mineral, o cobre, que está declarado como materia prima fundamental e estratéxica pola Unión Europea. Pero, como vostedes están en contra das minas, pois claro. Son o partido do «non» e xa o temos claro. Terían que saber que no dicionario hai algunha palabra máis que «non» e máis que bloquear, que é o que son. *(Aplausos.)* Todo o día asustando as empresas, desincentivando o investimento na comunidade autónoma. Iso si, no programa electoral levaban aumentar o PIB industrial. ¡É impresionante! ¡Elevar o PIB industrial! *(Protestas.)* ¿Como? ¿Como? De verdade, ¿como? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Bueno, en fin. Nada máis, moitas grazas e felices festas a todos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.


Mañá imos estar convocados todos ás once e media. Chegará agora desde os servizos do Parlamento, de Presidencia, a convocatoria para condenar unha vez máis, por desgraza, o crime por violencia machista que se produciu esta tarde. Será mañá ás once e media.

E mentres tanto, pois nada, remata aquí o pleno.

Boa noite.

Remata a sesión ás sete e vinte e nove minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

